



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de xaneiro de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCE-
LLO O DÍA DEZANOVE DE XANEIRO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesiós da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día dezanove de xaneiro de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a Concelleira Oliva Eva López González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil oito.

2º. - FONDO ESTATAL DE INVERSIÓN LOCAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A actual crise económica internacional está a causar un forte incremento do desemprego. Para paliar esta situación o Goberno de España elaborou entre outros un plan de investimento extraordinario a través dos concellos. Dentro do devandito plan correspóndenlle ao noso un total de trescentos oitenta e nove mil cincocentos cincuenta e un euros (389.551,00 €).

Analizadas as máis urxentes necesidades do concello, buscando realizar investimentos que xeren o maior número de empregos posibles, e co consenso dos tres grupos municipais, propoño ao Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- Aprobar a relación que se detalla de obras a incluír no Fondo Estatal de Inversión Local financiado de acordo co disposto no Real Decreto Lei 9/2008 do 28 de novembro (B.O.E. 290/2008 do 2 de decembro).

<i>Obra</i>	<i>Orzamento</i>
<i>Mellora e acondicionamento do depósito municipal da Pobra do Brollón</i>	<i>98.000,00 €</i>
<i>Mellora na captación e condución de auga para o depósito municipal da Pobra do Brollón</i>	<i>142.000,00 €</i>
<i>Acometida eléctrica para o punto limpo</i>	<i>10.166,63 €</i>
<i>Rexeneración do camiño de Pousa a Laurente</i>	<i>41.000,71 €</i>
<i>Rexeneración de camiños en Ferreiros, A Zapateira (Cereixa), Ferreirúa de Abaixo e Lourente</i>	<i>32.820,55 €</i>
<i>Reparación dos camiños da Lu-653 á estrada de Pousa a Ferreiros, da Lu-653 a Marcón, da Lu-652 a Lama (Eixón) e camiño en Veiga</i>	<i>17.204,38 €</i>
<i>Melloras en instalacións de iluminación pública.</i>	<i>48.000,00 €</i>
<i>Total</i>	<i>389.192,27 €</i>

2. - *Aprobar as memorias explicativas valoradas das obras indicadas.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

3º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Vistas as necesidades de prestación de servizos do Concello, e a liña de subvención establecida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de servizos a incluír no Programa Laxa para dous mil nove co resume que se indica:*

Servizo		Nº.	Achega Xunta	Achega Concello	Orzamento total
Brigada de servizos múltiples	Oficial 2ª	5	84.174,00	1.160,98	85.334,98
	Oficial 3ª	5	80.911,20	1.115,98	82.027,18
	Peón	5	77.649,00	1.070,99	78.719,99
Total		15	242.734,20	3.347,95	246.082,15

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 27 de novembro de 2008 (D.O.G. número 235/2008 de 3 de decembro) unha achega por un total de douscentos corenta e dous mil setecentos trinta e catro euros con vinte céntimos (242.734,20 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.*

3.- *Comprometerse a financiar os custos dos servizos non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

O concello ten previsto o acondicionamento e recuperación do casco antigo da capitalidade. A primeira actuación deste campo debe ser na praza da Condesa, entorno que compre recuperar. A tal fin, e vista a liña de subvención establecida pola Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo anteproxecto de Rehabilitación da praza da Condesa e o seu entorno elaborado polo arquitecto municipal e as obras a realizar.*

2.- Aproba-la financiamento das obras de acordo co detalle que sigue:

Obra	Achega Xunta	Achega Concello	Orzamento total
Rehabilitación da praza da Condese e o seu entorno	84.337,55	21.084,39	105.421,94

3.- Solicitar da Consellería de Presidencia Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 26 de decembro de 2008 (D.O.G. número 1/2009 de 2 de xaneiro unha achega por un total de oitenta e catro mil trescentos trinta e sete euros con doce céntimos (84.337,55 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

4.- Comprometerse a financiar os custos das obras non subvencionados pola Consellería e que se expresan no proxecto de servizos aprobado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da primeira Tenente de Alcalde:

Para mellora-la preparación dos traballadores desempregados do concello, está prevista a convocatoria de varios cursos de formación no presente exercicio. A tal fin, e vista a liña de subvención establecida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-la relación de cursos de formación a realizar que sigue:

Curso
Coidador de discapacitados físicos e psíquicos
Celador sanitario

2.- Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 11 de decembro de 2008 (D.O.G. número 245/2008 de 18 de decembro a inclusión de ditos cursos dentro do programa de accións formativas dirixidas a traballadores desempregados, aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O Goberno de España ven de aprobar un plan, dentro das medidas para supera-la actual crise económica, de inversión extraordinaria para os concellos. O concello da Pobra do Brollón incluíu en dito Plan as obras que se indican no punto 2 da orde do día deste mesmo pleno.

Para a execución de ditas obras compre a redacción dos correspondentes proxectos técnicos que non son financiados polo Estado. A fin de evitar as dificultades económicas que isto suporía para os concellos, e como xeito de colaboración, a Deputación de Lugo ven de conceder aos concellos unha achega extraordinaria para cubrir o importe de redacción dos proxectos, previa sinatura do correspondente convenio.

Consonte co anterior, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre o concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar o Alcalde, José Luís Maceda Vilariño con D.N.I. número 33.304.454-V tan amplamente como sexa preciso para a sinatura de dito convenio.

Cláusulas:

Primeira.-Obxecto do convenio

É obxecto do presente convenio a subvención por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo ao Concello da Pobra do Brollón, co obxecto de financiar as actuacións excluídas de financiamento con cargo ao fondo estatal, de acordo co disposto no art. 2 da Resolución de 9 de decembro de 2008, da Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes,

as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local, sempre que sexan actuacións derivadas dun proxecto técnico completo no sentido que establece o art. 107 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, entendéndose que estes son os gastos subvencionables.

Para os efectos sinalados no parágrafo anterior considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que se acrediten mediante a certificación do Secretario do Concello do acordo adoptado polo órgano competente de aprobación da factura.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o realmente executado sen que sexa necesario que o mesmo se atope pagado nin que se acredite o seu pagamento.

Segunda.- Contía máxima da achega da Deputación Provincial de Lugo

A contía máxima da achega da Excm. Deputación Provincial de Lugo ascende a unha cantidade de once mil douscentos oitenta e oito con seis euros (en letra) 11.288,06 euros (en número).

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos:

A. O Concello da Pobra do Brollón comprométese á realización das obras incluídas na autorización para o financiamento dos proxectos que se dite polo Secretario de Estado de Cooperación territorial, nos prazos establecidos polo o RDL 9/2008, de 28 de novembro e na Resolución de 9 de decembro de 2008:

O Concello da Pobra do Brollón comprométese, ademais, ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como á obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución, os cales serán tamén pola súa conta.

O Concello da Pobra do Brollón deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagamentos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar as actuacións excluídas de financiamento con cargo ao Fondo Estatal, de acordo co disposto no art. 2 da Resolución de 9 de decembro de 2008, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local, sempre que sexan actuacións derivadas dun proxecto técnico completo de acordo co disposto no art. 107.1 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público cunha cantidade MÁXIMA de once mil douscentos oitenta e oito con seis euros (en letra) 11.288,06 euros (en número).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvención Deputación Provincial de Lugo e do INLUDES, así como nas Bases do orzamento xeral para o ano 2008.

A Excm. Deputación Provincial poderá, en calquera momento, con ou sen previo aviso, inspeccionar as obras subvencionadas coa finalidade da comprobación da adecuación dos fondos concedidos ao Concello da Pobra do Brollón, para a realización da actividade subvencionada.

Quinta.- Patrocinio

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actividade realizada é subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións que se deriven da execución do presente convenio e isto poderase facer en calquera tipo de soporte,

En concreto, instalarase un cartel anunciador, coa mesma extensión e condicións de visibilidade, cós resto dos que se instalen no lugar da obra, no que se faga constar de forma explícita o financiamento por parte da Excm. Deputación Provincial de Lugo

Sexta.- Xustificación e pago das subvencións.

Unha vez finalizada a actividade e no prazo de dous meses, o Concello da Pobra do Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizaranse de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2008.

Unha vez finalizada a acción e, previa á xustificación por parte do Concello da Pobra do Brollón, sinalada no parágrafo procederase ó aboamento ata o máximo da cantidade subvencionada.

Oitava.- Normativa de aplicación

No que non estea regulado no presente convenio estarase ao disposto na seguinte normativa:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
- Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento.*
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial e do INLUDES.*
- Bases do orzamento xeral para o ano 2008.*
- RDL 9/2008, de 28 de novembro, polo que se crea un Fondo Estatal de Investimento Local e un Fondo Especial do Estado para a Dinamización da Economía e o Emprego e apróbanse créditos extraordinarios para atender o seu financiamento.*
- Resolución de 9 de decembro de 2008, de la Secretaría de Estado de Cooperación Territorial pola que se aproba o modelo para a presentación de solicitudes, as condicións para a tramitación e a xustificación dos recursos librados con cargo ao Fondo Estatal de Investimento Local.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O concello organiza anualmente a feira do viño de Vilachá. Para financiala parcialmente a Deputación Provincial de Lugo concedeu unha achega nominativa ó concello para o que compre a sinatura dun convenio entre ámbalas dúas administracións. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre o concello da Pobra do Brollón e a Deputación Provincial de Lugo de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar o Alcalde, José Luís Maceda Vilariño con D.N.I. número 33.304.454-V tan amplamente como sexa preciso para a sinatura de dito convenio.

CLÁUSULAS:

Primeira.-A Deputación Provincial de Lugo está decidida a apoiar a celebración da Feira do Vino da Pobra do Brollón de tal maneira que o obxecto do presente convenio é apoiar economicamente a organización dos actos que se levan a cabo durante esta feira.

Segunda..-Definición, obxectivos específicos e colectivo/poboación/persoa física destinataria da liña de actuación

a) Definición: A liña de actuación concíbese como unha forma de difusión dos produtos turísticos dos diferentes concellos da provincia de Lugo.

b) Obxectivos específicos: Son obxectivos específicos da subvención concedida mediante o presente convenio os seguintes:

1. Fomentar a posta en valor dos adegueiros da comarca e a comercialización dun produto con denominación de orixe dentro do concello.

2. Promover todos aqueles eventos ou actividades relacionadas co vino.

3. Prestar un apoio as asociacións relacionadas coa viticultura para a posta en marcha de novos proxectos de desenvolvemento turístico.

4. Utilizar de forma coordinada e eficiente o conxunto de recursos sociais existentes no ámbito da Comunidade Autónoma Galega aos colectivos/poboación /persoa física que dediquen o seu esforzo a crear sinerxías entre todos os interesados no desenvolvemento turístico da zona. Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos:

a) que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2008.

b) que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, considerase gasto realizado o que se acredite coa presentación fas facturas e/ou xustificantes de gasto

Terceira..-Contido e metodoloxía da actuación subvencionada

A) Contido: Na liña de actuación nº 1 do plan estratéxico de subvencións para o ano 2008 préstase especial atención á organización de eventos que difundan os produtos turísticos do seu territorio.

Con base neses obxectivos xerais, a presente subvención ten como finalidades específicas as seguintes:

- Fomentar a visión de conxunto das posibilidades turísticas da comarca da Montaña, no que se refire ao vino.

- Promocionar a aparición de novos produtos turísticos como rotas enolóxicas, semanas temáticas, paquetes turísticos etc.

- Favorecer a promoción turística e o desenvolvemento económico da zona.

- Achegar ao público en xeral novas formas de lecer e novas propostas turísticas que podan redundar no desenvolvemento do sector .

- Contribuír á profesionalización do sector, a través da organización de mais feiras coma esta que farán unha labor divulgativa.

B) Metodoloxía: Para esta subvención detállanse a continuación os seguintes extremos metodolóxicos:

Estrutura organizativa e de funcionamento; a boa execución deste convenio será supervisada polo departamento de turismo da Deputación

Recursos humanos e materiais un técnico de turismo e dous administrativos.

Cuarta.- Orzamento de execución do proxecto

O orzamento total de execución do proxecto ascende á cantidade total de dous mil cincocentos euros (2.500 euros).

Quinta..-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. Por parte do beneficiario da subvención

A. 1. Achegas

A. 1.1. Medios ou recursos humanos

O beneficiario da subvención obrígase a poñer en marcha todos os recursos humanos, propios ou contratados, que sexan necesarios para o correcto desenvolvemento do obxecto deste convenio, sendo da súa competencia a relación xurídico-laboral do persoal e as substitucións de profesionais que poidan ser necesarias para a correcta e eficaz prestación do programa.

A. 1.2. Medios ou recursos materiais e económicos

O beneficiario poñerá a disposición os medios (p. ex. os locais, equipos, útiles e materiais necesarios e idóneos) para a consecución dos obxectivos do programa, e asegurará a dispoñibilidade económica suficiente para garantir en todo momento a viabilidade do proxecto, con independencia dos recursos económicos que poidan obterse por medio do presente convenio de colaboración.

A.2. Compromisos de realización

A.2.1. O beneficiario responsabilízase do control e funcionamento coordinado e permanente de todos os elementos que interveñen no desenvolvemento e execución das distintas actuacións, asegurando o cumprimento de todos os seus obxectivos.

A.3. Outras obrigas

A.3.1. O pago de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións a que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio de colaboración, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta da entidade local.

A.3.2. O beneficiario deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse antes da firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. Por parte da Excma. Deputación Provincial de Lugo, a Excma. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

A) Prestar apoio e asesoramento técnico con relación ao desenvolvemento das actividades contempladas no presente convenio de colaboración.

B) Avaliar o resultado da actuación obxecto de subvención e a tratar estatisticamente os datos proporcionados pola execución do mesmo e elaborar os informes oportunos a fin de lograr unha mellor e máis efectiva actuación no ámbito do Plan Estratéxico de Subvencións do Departamento de Turismo.

C) Subvencionar a Organización da Feira do Vino cunha cantidade de dous mil cincocentos euros (2.500 euros) .

Sexta.- Control económico

A Excma. Deputación Provincial de Lugo a través dos seus órganos de control económico financeiro, poderá en calquera momento inspeccionar e controlar o destino da achega económica realizada pola Deputación e o cumprimento dos fins para os que foi concedida.. Para ese efecto, o beneficiario da subvención poñerá a disposición dos devanditos órganos toda a documentación que lle requiran coa fin de realizar un correcto control e inspección sobre os gastos para os que se concede a achega económica.

A Deputación Provincial poderá realizar estas comprobacións directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorías.

Sétima.- Supervisión, seguimento e inspección

O beneficiario comunicará, expresa e inmediatamente á Excm. Deputación Provincial de Lugo aquelas modificacións que, previsiblemente, vaian afectar ao contido, condicións de execución, así como aos correspondentes orzamentos, das accións recollidas no presente convenio. O beneficiario comunicará inmediatamente, no momento de se produciren, todas as incidencias que supoñan unha alteración do desenvolvemento normal das actividades citadas no convenio, en especial, das que supoñan interrupción das mesmas.

Por causa xustificada, poderá accederse á petición que se formule polos beneficiarios, sobre modificación total ou parcial da actividade programada e que, no seu caso, non poida ser executada de forma orixinaria, e a súa resolución será adoptada polo mesmo órgano que outorgou a subvención.

O cumprimento dos compromisos contraídos será comprobado pola unidade xestora correspondente da Excm. Deputación Provincial de Lugo que terá libre acceso ao lugar de realización das actividades incluídas no presente convenio, podendo solicitar e debendo obter da mesma toda a información que se considere oportuna para verificar o seu desenvolvemento.

Corresponden á Excm. Deputación Provincial a través do persoal adscrito á unidade xestora correspondente, as facultades de supervisión, seguimento e inspección das actividades levadas a cabo pola beneficiaria que afecten ou poidan afectar, ao presente convenio en todas as súas fases, dende a súa preparación ata o seu remate.

O beneficiario, pola súa banda, designará por escrito unha persoa como «Responsable de Seguimento da actividade fronte á unidade xestora da Excm. Deputación Provincial, que responderá de todos os aspectos do desenvolvemento e execución do convenio.

Corresponderá ao limo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Lugo, a resolución daquelas incidencias que sexan consecuencia do desenvolvemento normal do convenio ou se deriven de necesidades xurridas sobre a base do seguimento e avaliación do desenvolvemento da actividade subvencionada.

Oitava.- Comisión de seguimento

Aos efectos dunha mellor cooperación e coordinación no desenvolvemento das actividades subvencionadas no presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta por dúas persoas designadas pola Deputación Provincial de Lugo e outras dúas polo beneficiario, cuxa finalidade será garantir a adecuada realización do proxecto, así como a subseguinte valoración do mesmo.

A tal fin a comisión de seguimento poderá adoptar as directrices e instrucións que considere pertinentes e reunirse tantas veces como sexa necesario.

Novena.- Patrocinio

O beneficiario deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións, en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio.

Décima.- Vixencia do convenio e prórroga

O presente convenio terá unha vixencia de un ano con efectos económicos dende o 1/01/2008. A data de inicio de execución do proxecto é 1/01/2008. De acordo co presente convenio, a actividade deberá estar finalizada con anterioridade a /ao 30/12/2008.

Este convenio regulador da subvención concedida non poderá ser prorrogado.

Undécima.- Normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase, ademais de polo disposto no mesmo, polas normas de Dereito Administrativo que, directamente ou por analoxía, puidesen resultar de aplicación. En

particular, resulta aplicable o disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento, o Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, a Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial de Lugo, o Plan estratéxico de subvencións para a presente anualidade e as bases reguladoras do orzamento.

Décimo segunda.- Resolución do convenio

Serán causas de rescisión anticipada do presente convenio:

- a renuncia por escrito á subvención concedida
- a imposibilidade sobrevida, legal ou material, para desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- o incumprimento grave ou manifesto das súas cláusulas.

En calquera caso, o incumprimento do presente convenio regulador da subvención ou a utilización para outros fins das dotacións concedidas implicará a nulidade da achega coa obriga de reintegrar as cantidades percibidas, así como os intereses legais procedentes dende o pago das

mesmas e a indemnización dos danos e prexuízos ocasionados, sen prexuízo das accións legais e sancións que correspondan.

As referidas cantidades terán a consideración de ingresos públicos para todos os efectos legais. Décimo terceira.- Concorrenia.

Cando a achega económica da Deputación Provincial de Lugo concorrera con outras outorgadas por entidades públicas ou privadas co mesmo obxectivo e finalidade, se a suma das mesmas superase o orzamento establecido na memoria de realización de actividades presentada, declararase a incompatibilidade do devandito exceso, reducíndose o importe da achega acordada pola Deputación. A tal fin, na memoria e informes que deban ser presentados, para a concesión da subvención, deberase facerse constar a contía e percepción de tales achegas e/ou axudas e subvencións.

Décimo cuarta.- Xustificación e abono das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arte. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2008.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo beneficiario da seguinte documentación xustificativa:

- memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación dos resultados obtidos
- memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:

1.- Relación clasificada de gastos e investimentos da actividade subvencionada, polo importe da subvención concedida, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.

2.- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o párrafo anterior. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen terán que ser orixinais e poderán ser devoltos ao beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez estampilladas polo órgano xestor.

3.- Declaración de outros ingresos, das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou entidade subvencionada, coa indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

4.- Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

5.- Declaración responsable de estar o corrente das súas obrigas tributarias fronte a seguridade socia, axencia estatal da administración tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo.

6.- Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención. O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo beneficiario. Non se procederá ao seu abono no caso de que o beneficiario sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo quinta.- Prazos de xustificación

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

A rendición da conta xustificativa constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, e a súa presentación realizarase no prazo de tres meses a contar a partir da firma do presente convenio e, en calquera caso, antes do 30 de abril do 2009.

Transcorrido este prazo de xustificación sen que a mesma fose presentada ante a área de xestión competente, esta requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada. A falta de presentación da xustificación neste prazo adicional levará consigo a revogación da subvención e, no seu caso, a esixencia do reintegro da mesma.

Décimo sexta.- Plan anual de comprobación

Aos efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, a Deputación Provincial elaborará un plan anual de comprobación cuxo alcance será do 20% do total de subvencións concedidas. A selección das subvencións a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria simple sen reposición dos elementos a realizar a través dun programa informático.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir do remate de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.

- O cumprimento do obxecto da subvención.

- A conta xustificativa ata o importe do orzamento subvencionado. Para os efectos do alcance do plan anual de comprobación sobre o control da conta xustificativa, establécese que o mesmo será ata o orzamento subvencionado.

Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa e incorpóralos na relación clasificada presentada na conta xustificativa.

A Deputación Provincial poderá realizar estas comprobacións directamente ou a través da contratación dun servizo externo de auditorías.

Décimo sétima.- Xurisdición competente

A Xurisdición Contencioso-Administrativa será a competente para resolver cantas cuestións litixiosas poidan xurdir entre as partes signatarias do presente convenio.

Décimo oitava.- Protección de datos

A información e datos correspondentes as persoas/entidades/colectivos beneficiarios da presente subvención atópanse amparados pola Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal polo que tanto o beneficiario como a Deputación Provincial de Lugo gardarán segredo profesional sobre todas as informacións, documentos e asuntos aos que teñan acceso ou coñecemento durante a vixencia do convenio, estando obrigados a non facer públicos ou enaxenar cantos datos coñezan como consecuencia ou con ocasión da súa execución, ata despois de finalizar o prazo de vixencia do mesmo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA.

Por unanimidade se acorda retirar este asunto da orde do día.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e un de xaneiro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día dous de febreiro de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA DOUS DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día dous de febreiro de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a Concelleira Estrella Páez Figueiras.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dezanove de xaneiro de dous mil nove.

2º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Convocadas eleccións autonómicas a celebrar o vindeiro día 1 de marzo, e consonte ó disposto a lexislación electoral, procédese polo Concello ó sorteo, entre os electores que para cada caso reúnen as condicións esixidas, daqueles que formarán parte das mesas electorais do Concello como Presidentes ou

Vocais, e dos seus suplentes. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

Tras un primeiro sorteo de proba para mostrar ós asistentes o procedemento, se procede ó sorteo definitivo que da o seguinte resultado:

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
1 A	Presidente/a	Páez	Figueiras	Eduardo	34271273P
	1º. Vocal	Regueiro	Casas	María Teresa	33314811R
	2º. Vocal	González	González	Carlos	34263395L
	Presidente/a 1º. suplente	Jorge	Bahamonde	Jesús	34260890K
	Presidente/a 2º. suplente	Vázquez	López	Laura	09659238C
	1º. Vocal 1º. suplente	Iglesias	Armesto	Antonio	34249844S
	1º. Vocal 2º. suplente	Castaño	Taboada	Celsa	34256007Z
	2º. Vocal 1º. suplente	Defente	Castro	M Luísa	34265686X
1 B	2º. Vocal 2º. suplente	Pereiro	Macía	Ana María	22724335J
	Presidente/a	Peña	Novo	Fernando	14708852F
	1º. Vocal	Ramos	Martínez	José	34257808K
	2º. Vocal	Moreira	González	Ramón	34249691T
	Presidente/a 1º. suplente	Pérez	Rodríguez	Fernando Senén	30642295Q
	Presidente/a 2º. suplente	Castro	Macía	Pedro	34257723M
	1º. Vocal 1º. suplente	Castro	Arias	M Luísa	34248114X
	1º. Vocal 2º. suplente	Martínez	Gallego	Arsenio José	34253887X
1 A	2º. Vocal 1º. suplente	López	González	José	34264016L
	2º. Vocal 2º. suplente	Rodríguez	Ferreiros	Nélida	34264902P
	Presidente/a	Rego	Valcarcel	María Isabel	34246209Z
	1º. Vocal	Moreira	Fraga	Estilita	76613590S
	2º. Vocal	Blanco	Escudero	Elena	76730909B
	Presidente/a 1º. suplente	Rivera	Álvarez	Manuel	34261823B
	Presidente/a 2º. suplente	López	López	Luís	34248265T
	1º. Vocal 1º. suplente	López	González	Zaida	44018323A
2	1º. Vocal 2º. suplente	Rivera	López	Luís	34248179Y
	2º. Vocal 1º. suplente	Vázquez	Ferreiros	Ana	34257622L
	2º. Vocal 2º. suplente	López	Goyanes	David	76616236Q
	Presidente/a	Rodríguez	López	María del Carmen	34251549H
2	1º. Vocal	Docasar	Rodríguez	Benjamín	34249889Z

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
B	2º. Vocal	Fernández	Hiebra	Álvaro	42859870Z
	Presidente/a 1º. suplente	Osorio	Regueiro	Luís	34273418Z
	Presidente/a 2º. suplente	Sanmartín	Menéndez	Ana María	34266627P
	1º. Vocal 1º. suplente	Veiga	González	José Luís	34250250F
	1º. Vocal 2º. suplente	Casanova	Vila	María del Carmen	34270088L
	2º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	López	M. Magdalena	34257710S
	2º. Vocal 2º. suplente	Ríos	Fernández	Humberto	35288379P
C	Presidente/a	Parada	Pérez	Rosa María	34257830C
	1º. Vocal	González	Rodríguez	María Asunción	34251112H
	2º. Vocal	Parada	Pérez	Cristina	34263876V
	1º. Vocal 1º. suplente	Méndez	Hiebra	María Belén	34260294T
	2º. Vocal 1º. suplente	Gordo	Serrano	Fernando	52537487J
	1º. Vocal 1º. suplente	Frean	Reboiro	María José	76618641Y
	1º. Vocal 2º. suplente	López	Parada	Avelino	34262998J
D	2º. Vocal 1º. suplente	Táboas	Rodríguez	Manuel	34245393A
	2º. Vocal 2º. suplente	Morales	Montero	Manuel	34259142K
	Presidente/a	García	Cano	María del Carmen	34259941S
	1º. Vocal	Rodríguez	Rodríguez	Pedro	34256785X
	2º. Vocal	Docasar	Núñez	José Manuel	34254140X
	1º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	Vázquez	Anabel	34262741D
	2º. Vocal 1º. suplente	Enríquez	Núñez	María Concepción	34255328W
E	1º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	González	José Manuel	34252420S
	1º. Vocal 2º. suplente	Besteiro	Núñez	Casto	34260020W
	2º. Vocal 1º. suplente	Expósito	Vizcaíno	Ovidio	34248428W
	2º. Vocal 2º. suplente	Valcarcel	Fernández	María Olga	34267870D

3º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓNS DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Ata agora o concello prestaba os servizos de atención primaria a través dunha traballadora social contratada polo concello de Bóveda e compartida por ámbolos dous concellos.

A Xunta de Galicia ven de conceder unha achega para a contratación dun traballador social para o concello a xornada completa. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo expediente 1/2009 de modificación do orzamento de 2008 prorrogado para 2009 modificando o cadro de persoal laboral indefinido que figura no anexo II do mesmo, que queda como sigue:

Denominación	Nº	Posto de Traballo
Traballador Social	1	Servizos sociais
Capataz	3	Servizos Múltiples
Técnico medio	1	Axente Local de Emprego
Auxiliar	1	Biblioteca (media xornada)
Auxiliar	1	Oficina de Información Xuvenil (media xornada)

2.- *Facer público o expediente por prazo de quince días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha nese prazo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

4º.- ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO DA RIBEIRA SACRA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O Concello pertence, por acordo de vinte de decembro de dous mil catro ó Consorcio de Turismo Ribeira Sacra. Habendo sido elaborados novos estatutos de dito consorcio, propoño ó Pleno que adopte o seguinte acordo:

1.- *Amola-la conformidade do concello da Pobra do Brollón co borrador dos Estatutos do Consorcio "Turismo Ribeira Sacra".*

2.- *Facultar ó representante do Concello nese consorcio para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

5º.- PLAN DE COOPERACIÓN.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Vistas as necesidades de prestación de servizos do Concello, e a liña de subvención establecida pola Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo proxecto de servizos a incluír no Programa de Cooperación para dous mil nove co resume que se indica:*

Servizo	Nº.	Subvención Xunta	Achega Concello	Orzamento total
Arquiveiro	1	36.122,40	520,85	36.643,25
Limpador de edificios	1	14.603,16	206,04	14.809,20
Axuda no fogar	2	31.132,32	222,76	31.355,08
Técnico deportivo	1	24.807,84	355,02	25.162,86
Técnico medioambiental	1	25.739,76	355,02	26.094,78
Peóns	3	47.325,60	652,74	47.978,34
Oficiais de primeira	2	35.597,76	490,99	36.088,75
Fontaneiro	1	17.061,48	235,32	17.296,80
Total	12	232.390,32	3.038,74	235.429,06

2.- *Solicitar da Consellería de Traballo da Xunta de Galicia ó abeiro da orde de 29 de decembro de 2008 (D.O.G. número 7/2009 de 12 de xaneiro) unha achega por un total de*

douscentos trinta e dous mil trescentos noventa euros con trinta e dous céntimos (232.390,32 €) aceptando integramente as condicións que se indican na expresada orde e as que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

6º.- OBRADOIRO DE EMPREGO.

Por unanimidade se acorda retirar este asunto da orde do día.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e unha horas e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a doce de febreiro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria de urxencia celebrada o día once de febreiro de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE URXENCIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA ONCE DE FEBREIRO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día once de febreiro de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia oito, para celebrar sesión extraordinaria de urxencia do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros Manuel González Moreira, Oliva Eva López González e Estrella Páez Figueiras.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA E DA ORDE DO DÍA..

Xustificada polo alcalde a urxencia da sesión, dita xustificación é aprobada así como a correspondente orde do día.

2º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Non sendo posible a notificación de tódolos membros das mesas electorais para as eleccións autonómicas de 1 de marzo de 2008 que resultaron designados no sorteo efectuado o día dous, a Xunta Electoral de zona ordenou repetir o sorteo exclusivamente dos seis postos que foi imposible notificar. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

Tras informarse os membros da corporación presentes sobre os postos a designar, se procede ó sorteo definitivo que da o seguinte resultado, refundido co resultado do sorteo do día dous:

	Cargo	1º. Apellido	2º. Apellido	Nome	D.N.I.
A	Presidente/a	Páez	Figueiras	Eduardo	34271273P
	1º. Vocal	Regueiro	Casas	María Teresa	33314811R
	2º. Vocal	Iglesias	Sobrino	Marcos	34264684C
	1 Presidente/a 1º. suplente	Jorge	Bahamonde	Jesús	34260890K
	1 Presidente/a 2º. suplente	Vázquez	López	Laura	09659238C
	1º. Vocal 1º. suplente	Iglesias	Armesto	Antonio	34249844S
	1º. Vocal 2º. suplente	Castaño	Taboada	Celsa	34256007Z
	2º. Vocal 1º. suplente	Defente	Castro	M Luísa	34265686X
	2º. Vocal 2º. suplente	Pereiro	Macía	Ana María	22724335J
B	Presidente/a	Peña	Novo	Fernando	14708852F
	1º. Vocal	Ramos	Martínez	José	34257808K
	2º. Vocal	Moreira	González	Ramón	34249691T
	1 Presidente/a 1º. suplente	Pérez	Rodríguez	Fernando Senén	30642295Q
	1 Presidente/a 2º. suplente	Castro	Macía	Pedro	34257723M
	1º. Vocal 1º. suplente	Castro	Arias	M Luísa	34248114X
	1º. Vocal 2º. suplente	Martínez	Gallego	Arsenio José	34253887X
	2º. Vocal 1º. suplente	López	González	José	34264016L
A	2º. Vocal 2º. suplente	Rodríguez	Ferreiros	Nélida	34264902P
	Presidente/a	Rego	Valcarcel	María Isabel	34246209Z
	1º. Vocal	Moreira	Fraga	Estilita	76613590S
	2º. Vocal	Blanco	Escudero	Elena	76730909B
	1 Presidente/a 1º. suplente	Rivera	Álvarez	Manuel	34261823B
	2 Presidente/a 2º. suplente	López	López	Luís	34248265T
	1º. Vocal 1º. suplente	López	González	Zaida	44018323A
	1º. Vocal 2º. suplente	Rivera	López	Luís	34248179Y
	2º. Vocal 1º. suplente	Vázquez	Ferreiros	Ana	34257622L
	2º. Vocal 2º. suplente	López	Goyanes	David	76616236Q
	1 Presidente/a	Rodríguez	López	María del Carmen	34251549H
	2 1º. Vocal	Docasar	Rodríguez	Benjamín	34249889Z
	B 2º. Vocal	Pérez	Diéguez	Antonio	34260932V
	Presidente/a 1º. suplente	Martínez	López	María Ángeles	34255444A
	Presidente/a 2º. suplente	Sanmartín	Menéndez	Ana María	34266627P
	1º. Vocal 1º. suplente	Somoza	Fuente de la	Julio José Luís	34246785S

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
	1º. Vocal 2º. suplente	Casanova	Vila	María del Carmen	34270088L
	2º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	López	M. Magdalena	34257710S
	2º. Vocal 2º. suplente	Méndez	Vila	Marcos	34258227A
	Presidente/a	Parada	Pérez	Rosa María	34257830C
	1º. Vocal	González	Rodríguez	María Asunción	34251112H
	2º. Vocal	Parada	Pérez	Cristina	34263876V
1	Presidente/a 1º. suplente	Méndez	Hiebra	María Belén	34260294T
2	Presidente/a 2º. suplente	Quiroga	Rodríguez	Beatriz	76622086R
C	1º. Vocal 1º. suplente	Frean	Reboiro	María José	76618641Y
	1º. Vocal 2º. suplente	López	Parada	Avelino	34262998J
	2º. Vocal 1º. suplente	Táboas	Rodríguez	Manuel	34245393A
	2º. Vocal 2º. suplente	Morales	Montero	Manuel	34259142K
	Presidente/a	García	Cano	María del Carmen	34259941S
	1º. Vocal	Rodríguez	Rodríguez	Pedro	34256785X
	2º. Vocal	Docasar	Núñez	José Manuel	34254140X
1	Presidente/a 1º. suplente	Rodríguez	Vázquez	Anabel	34262741D
2	Presidente/a 2º. suplente	Enríquez	Núñez	María Concepción	34255328W
D	1º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	González	José Manuel	34252420S
	1º. Vocal 2º. suplente	Besteiro	Núñez	Casto	34260020W
	2º. Vocal 1º. suplente	Expósito	Vizcaíno	Ovidio	34248428W
	2º. Vocal 2º. suplente	Valcarcel	Fernández	María Olga	34267870D

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e e corenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a doce de febreiro de dous mil nove.

v. e pr.
O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día tres de marzo de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRES DE MARZO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día tres de marzo de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece a Concelleira Estrella Páez Figueiras.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día dous de febreiro de dous mil nove.

+ Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día once de febreiro de dous mil nove.

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día dezaioito de febreiro de dous mil nove que se cita a seguir, propoño a súa ratificación.

1.- Incluir no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal para 2009 a obra que se indica e co financiamento que se sinala:

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Saneamento no núcleo de Santalla de Rei fase 1	27.436,74	13.718,37	13.718,37	54.873,48

2.- Incluir no Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal Complementario para 2008 a obra que se indica e co financiamento que se sinala:

Título	Achegas			Orzamento total
	Estado	Deputación	Concello	
Saneamento no núcleo de Santalla de Rei fase 2	17.412,69	8706.34	8706.34	34.825,37

3.- Comprometerse en nome do Concello a achegar con cargo ó Orzamento Xeral de 2009 a cantidade que se sinala como achega municipal.

O portavoz do grupo popular di que non se invitou ó seu grupo a propor obras e que hai que sumar tódolos apoios.

O alcalde di que o grupo nacionalista apoia e coincide cos criterios razoables da proposta.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- CONVENIO COA DIRECCIÓN XERAL PARA O DEPORTE.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Con data 10 de novembro de 2008 se aprobou un convenio coa Dirección Xeral para o Deporte para a construción dun polideportivo no noso concello. Visto o escrito 346/2009 de 18 de febreiro da Dirección Xeral para o Deporte, na que remite nova proposta de convenio adaptado para a súa sinatura no presente exercicio, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1º.- Prestar aprobación ao proxecto de Convenio de Cooperación a subscribir entre a Xunta de Galicia e este concello coas cláusulas que se indican a seguir, manifestando a aceptación plena e sen reserva algunha de todas e cada unha das cláusulas que o integran.

2º.- Para a execución das obras de ampliación e reforma do polideportivo municipal en Pobra de Brollón no marco do devandito Convenio, o Concello compromete unha achega económica de cento dezasete mil novecentos sesenta euros con noventa e catro céntimos (117.960,94 €) con cargo a partida orzamentaria 452.750 que se imputarán ás seguintes anualidades:

Anualidade 2009	116.560,94 €
Anualidade 2010	1.400,00 €

A adopción deste acordo comporta a autorización e disposición dos gastos polo importe e finalidade sinalados, debendo precederse de seguido á adecuada e independente contabilización.

O Concello comprométese a formalizar os desembolsos económicos de acordo coa cláusula 5.2.d) do convenio, na que se establecen o réxime de ingreso das achegas e os prazos para a súa efectividade.

O Concello renuncia expresamente a reter da achega da corporación calquera tipo de tributo con motivo das obras.

3º.- Poñer a disposición da Dirección Xeral para o Deporte, os terreos de titularidade municipal sitos en Outeiro, nesta vila, cunha superficie aproximada de 2.000 m². que se atopan libres de cargas e gravames, co exclusivo fin de posibilitar a normal execución das obras.

Os terreos para os que se adquire o compromiso de posta a disposición son aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e atópanse practicamente urbanizados comprometéndose, o concello, á rematar a súa urbanización simultánea á execución das obras de construción da instalación deportiva antedita, sen que tales obras teñan repercusión económica algunha nas que sexan obxecto de contratación por parte da Dirección Xeral para o Deporte.

4º.- Autorízase expresamente á Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, expediente de extinción por compensación das débedas que nazan das obras de carácter económico as que se refiren as cláusulas terceira e quinta, apartado 2.d), do Convenio para o que se solicita a aprobación, nos termos establecidos na cláusula novena deste..

Así mesmo, autorízase expresamente á Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional de Cooperación Municipal, as cantidades que o Concello tivese pendentes de aboamento.

5º.- En canto ao uso das instalacións deportivas as que se refire o convenio serán observadas, as prescricións contidas na cláusula sétima do devandito Convenio.

6º.- Recibidas as obras, o Concello comprométese á xestión, mantemento e conservación das futuras instalacións deportivas, sendo de conta deste a totalidade dos gastos que as mesmas xeren.

7º.- Facúltase ao alcalde, tan amplamente como en dereito sexa necesario, para asistir ao acto de entrega das instalacións, acto que comportará a incorporación da obra ao patrimonio municipal.

8.- Aprobar o proxecto de reforma e ampliación do polideportivo municipal redactado polo arquitecto D.Antonio Amado Lorenzo para os efectos do artigo 198.5 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

CLÁUSULAS:

Primeira: OBXECTO DO CONVENIO

É obxecto deste convenio establecer as bases de colaboración entre a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura e Deporte, e o Concello de Robra de Brollón para a ampliación e reforma de polideportivo municipal segundo o proxecto básico e de execución redactado por Antonio Amado Lorenzo por encargo da Consellería de Cultura e Deporte.

Segunda: INVESTIMENTO PROGRAMADO

O investimento estimado ao que se refire este convenio fíxase en novecientos oitenta e tres mil sete euros con setenta e sete céntimos (983.007,77 €) importe que comprende os destinados as seguintes finalidades: orzamento de contraía da obra, dirección de obra e dotación artística e do camiño de Santiago, de conformidade coas seguintes estimacións:

Finalidade:	Importe estimado
Orzamento contrata:	932.413,80 €
Honorarios dirección obra:	37.523,97 €
Dotación artística e Camiño Santiago:	13.070,00 €
Total	983.007,77 €

Terceira: FINANCIAMENTO

A Xunta de Galicia, por medio da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte, financiará con cargo aos créditos orzamentarios desta, e co fin de posibilitar a contratación das obras as que se refire este convenio a cantidade de oitocentos sesenta e cinco mil corenta e seis euros con oitenta e tres céntimos (865.046,83 €), que se imputarán as seguintes aplicacións orzamentarias e anualidades:

Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte):

Aplicación orzamentaria:	12.04.441A.622.1
Código proxecto:	2006 00 290
Anualidade 2009:	133.439,06 €
Anualidade 2010:	648.600,00 €
Anualidade 2011:	83.007,77 €

O Concello de Pobra de Brollón achegará con cargo aos seus créditos orzamentarios a cantidade de canto dezasete mil novecentos sesenta euros con noventa e catro céntimos (117.960,94 €), que se imputarán as seguintes anualidades:

Concello de Pobra de Brollón:	117.960,94 €
Anualidade 2009:	116.560,94 €
Anualidade 2010:	1.400,00 €

Cuarta: NATUREZA DA ACHEGA ECONÓMICA MUNICIPAL E ACCESORIAS OU COMPLEMENTARIAS

O importe da achega municipal comprometida, e que queda reseñada na cláusula anterior, non será minorable por razón das baixas ou economías que se poidan producir como consecuencia da adxudicación do correspondente contrato administrativo de obras.

A introdución de modificacións ou aprobación de obras accesorias ou complementarias respecto do proxecto inicial que se vaia executar será competencia exclusiva do órgano de contratación, que as acordará en razón da xustificación que presenten e da súa conveniencia e oportunidade. Non obstante, o financiamento daquelas que teñan a súa orixe nunha proposta ou solicitude municipal corresponderá ao concello.

Quinta: COMPROMISOS DAS PARTES

5.1 - Corresponderalle á Dirección Xeral para o Deporte da Consellería de Cultura e Deporte a licitación e contratación das devanditas obras, de conformidade co proxecto técnico identificado, así como dos servizos precisos para a dirección facultativa da obra. Da mesa de contratación das obras poderá formar parte, con voz e voto, un representante do Concello.

5.2 - O Concello de Pobra de Brollón contraerá, en virtude deste convenio, as seguintes obrigas:

a) TERREOS

O concello de Pobra de Brollón deberá poñer á disposición da Consellería de Cultura e Deporte os terreos precisos para realizar a actuación prevista, remitindo á Dirección Xeral para o Deporte certificación acreditativa da súa dispoñibilidade. Os terreos deberán ser de titularidade municipal e atoparse libres de cargas.

Deberán, así mesmo, ser aptos urbanísticamente para a execución da obra pretendida e estar urbanizados. Entenderanse urbanizados aqueles que se atopen dotados ao pe de parcela de subministración de enerxía eléctrica, abastecemento de auga, rede de saneamento e acceso rodado.

Os extremos anteriores serán acreditados polo concello respectivo mediante as oportunas certificacións, expedidas polos servizos administrativos correspondentes.

Cando os terreos que se poñan á disposición da administración contraíante non se atopen urbanizados, o concello deberá comprometerse á súa urbanización simultánea coa execución das obras obxecto deste convenio e ao seu exclusivo cargo.

b) LICENZAS MUNICIPAIS

O concello será responsable de obter as autorizacións ou licenzas que foran preceptivas para a realización das obras, tanto municipais como sectoriais (estradas, costas, dominio hidráulico, etc.), e sufragar, se for o caso, e sen diminución da achega referida na cláusula terceira, as taxas ou impostos que a expedición daquelas puideran xerar.

c) ACHEGAS ECONÓMICAS

Para que produza efectos será preciso que este convenio sexa aprobado polo pleno do concello simultaneamente co compromiso de achega do importe que ao concello lle corresponda nas anualidades que se establecen na cláusula terceira.

O concello de Robra de Brollen remitiralle á Consellería de Cultura e Deporte (Dirección Xeral para o Deporte) a certificación do acordo municipal ao que se refire o parágrafo anterior, así como certificacións de existencia de crédito bastante para facer fronte á anualidade do exercicio corrente e de existencia de autorización para a realización dos gastos plurianuais restantes, contraídos e contabilizados adecuadamente, conforme ao disposto no artigo 174 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

A administración contraíante esixirá, cando o estime pertinente, garantía bastante sobre a efectividade da achega comprometida.

d) RÉXIME DE INGRESO DAS ACHEGAS ECONÓMICAS

O réxime de ingreso das achegas municipais será o seguinte:

a. O importe correspondente á primeira anualidade será librado e ingresado na súa totalidade na conta corrente que para o efecto se designe, nos cinco días inmediatos seguintes ao de confección da acta de comprobación do replanteo.

b. Cando proceda, o importe correspondente a cada unha das seguintes anualidades será ingresado cada ano con anterioridade ao día 28 de febreiro.

Sexta: PUBLICIDADE DAS OBRAS

Na obra fixarase un cartel informativo da natureza desas, coa indicación expresa das administracións públicas que colaboran no seu financiamento.

O tratamento tipográfico identificativo de ambas as entidades e dos seus logotipos ou anagramas será idéntico.

Sétima: XESTIÓN, MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS INSTALACIÓNS

A xestión, mantemento e conservación da instalación deportiva, que terá como destino un uso ou servizo público de carácter deportivo, será responsabilidade exclusiva do concello, e serán de conta deste a totalidade dos gastos que xere. A asunción de tal responsabilidade producirase desde o día seguinte ao de realización da acta de recepción das obras, logo da oportuna comunicación da Dirección Xeral para o Deporte.

Esta circunstancia non obviará a responsabilidade que á sociedade adxudicataria lle corresponda na policía e conservación das obras ata a recepción definitiva pola administración contratante.

O concello garante o uso gratuito da instalación cando se precise para posibilitar a celebración de competicións deportivas oficiais organizadas ou promovidas pola Dirección Xeral para o Deporte.

Así mesmo, comprométese a favorecer e facilitar a celebración de competicións deportivas de carácter oficial promovidas polas distintas federacións deportivas de Galicia. A administración contratante da instalación, por solicitude dalgunha das partes, actuará de arbitro naquelas ocasións que pola súa relevancia ou interese o demanden.

No suposto de que a xestión sexa encomendada a terceiros as obrigas anteriores deberán constar como carga no correspondente prego de bases.

Oitava: INDEMNIZACIÓNS

No suposto de que, unha vez adxudicadas as obras que se pretenden, no marco deste convenio, estas non puidesen ser iniciadas ou continuadas por inadecuación dos terreos postos á disposición da administración contratante, os prexuízos que tal circunstancia puidese xerar á sociedade adxudicataria serán indemnizados polo concello responsable,

No caso de que a administración contratante se vexa obrigada a facer fronte ao pago de indemnizacións por tal motivo e concepto procederá a repercutirlle ao concello ofertante dos terreos os importes aboados.

Igual proceder observárase nos casos en que a reclamación de indemnizacións ou aboamento de réditos motivados por atrasos producidos no libramento material e efectivo das achegas económicas comprometidas polo concello.

Novena: COMPENSACIÓN DE DÉBEDAS

O acordo plenario de aprobación deste convenio deberá conter unha autorización expresa a favor da Xunta de Galicia para que esta inicie, de chegar a proceder, o expediente de extinción por compensación das débedas que nazen das obrigas de carácter económico as que se refiren as cláusulas terceira e quinta, apartado 2.d), tendo en conta as seguintes estipulacións:

Primeira.- Transcorridos os prazos que establece a cláusula quinta, apartado 2.d), a débeda do concello respectivo terá o carácter de vencida, líquida, esixible e firme e poderá precederse á súa extinción mediante compensación.

Segunda.- A compensación, de chegar a proceder, efectuarase pola Consellería de Economía e Facenda con calquera crédito que o debedor teña recoñecido ao seu favor pola administración contratante, en cumprimento do requisito de reciprocidade entre o acredor e o debedor.

Terceira.- Con carácter previo ao inicio do expediente de compensación, quedará acreditado o cumprimento dos seguintes trámites:

a..- Que ten mediado requirimento de pago ao concello debedor, coa advertencia do inicio do expediente de compensación, ofrecéndolle a posibilidade de efectuar o ingreso da débeda evitando a compensación. Para tal efecto outorgárase un prazo de quince días, no que o requirido poderá efectuar as alegacións que estime oportuno.

b..- Á vista das alegacións ou materializado o ingreso, a administración competente poderá acordar o arquivo das actuacións ou a súa continuación, segundo proceda.

c..- De proseguirse as actuacións, o órgano competente expedirá certificación acreditativa da débeda existente, concepto e importe, na que se consignará expresamente o seu carácter de débeda vencida, líquida, esixible e firme, así como da existencia de autorización expresa para proceder á extinción mediante compensación, continuándose o procedemento de xestión de cobro en vía executiva de acordo coa súa normativa reguladora.

Cuarta.- Así mesmo, o concello, no acordo plenario polo que aprobe este convenio, autorizará á Xunta de Galicia, en canto administración contratante, a deducir dos importes procedentes do Fondo Nacional! de Cooperación Municipal que lle corresponda percibir trimestralmente, as cantidades que aquel tivese pendentes de aboamento.

Décima: COMISIÓN PARITARIA

Para o seguimento do grao de execución deste convenio e para a solución das dúbidas que a súa interpretación poida motivar, créase unha comisión integrada polos seguintes representantes das partes:

- Dous representantes da Dirección Xeral para o Deporte, da Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia.

- Dous representantes do Concello de Pobra de Brollón.

Undécima: VIXENCIA

Os compromisos económicos contraídos manterán a súa vixencia ata o 31 de decembro de 2011, sen prexuízo de que, de mediar algunha causa que o xustifique, poidan ser prorrogados, logo da tramitación do oportuno expediente administrativo.

As restantes obrigas manterán a súa vixencia ata o total cumprimento das previsións establecidas, de modo que se acaden os fins perseguidos por este convenio.

A denuncia, que requirirá o acordo previo do órgano competente da administración que a pretenda, producirá efectos aos noventa (90) días da súa presentación diante da comisión á que se refire a cláusula décima, logo da liquidación das obrigas pendentes de cumprir pola parte que a formule.

O incumprimento das cláusulas deste convenio será causa bastante para a súa denuncia.

Duodécima.- LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN, NATUREZA DO CONVENIO E XURISDICIÓN COMPETENTE.

Para a confección e tramitación deste convenio observáronse as prescricións sinaladas na Resolución do 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991 sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares e no Decreto 246/1992, do 30 de xullo, da Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, polo que se regulan determinadas condicións de execución de obras públicas en réxime de cooperación coas corporacións locais e outros entes de dereito público.

Este convenio é de natureza administrativa e, consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

O portavoz do grupo popular pregunta pola achega da Deputación.

O alcalde di que chegou un escrito da Deputación certificando a existencia de crédito suficiente na partida 4522.762 dos seus orzamentos.

O portavoz popular di que aprobarán o convenio condicionado á materialización da achega de Deputación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- CONVENIO ENTRE A CONCELLERÍA DE ASUNTOS SOCIAIS E A A.N.P.A..

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Entre as competencias do concello está a promoción de actividades dedicadas a diversos colectivos como a xuventude ou a infancia. A tal fin, a través dos servizos sociais do concello se pretende a sinatura dun convenio coa A.M.P.A. do colexio para a realización de actividades. Consonte co exposto propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Establecer un convenio entre o Concello e a A.M.P.A. do C.E.I.P. da Pobra do Brollón para a realización de actividades para os alumnos do colexio de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar o concelleiro delegado de Asuntos Sociais para a sinatura do convenio.

1º.- A A.N.P.A. organizará durante os meses de xaneiro a xuño de dous mil nove a actividade de “aprendizaxe de patinaxe” para los alumnos do C.E.I.P. da Pobra do Brollón.

O concello concederá para este fin á A.N.P.A. unha achega total para dito período de setecentos oitenta euros (780,00 €).

A actividade deberá de estar aberta a tódolos alumnos do centro sen ningún tipo de discriminación, mesmo pola pertenza ou non dos pais e nais dos alumnos á asociación.

Por dita actividade a asociación non poderá cobrar nin esixir ós alumnos ningún prezo, taxa, cota ou similar.

Cada participante aportará o material e equipamento necesario (patíns, roupa e calzado necesarios, elementos de autoprotección, etc.).

Este convenio non supón para o concello ningún tipo de responsabilidade pola actividade realizada que deberá estar cuberta polo seguro de responsabilidade civil da asociación ou polo que contrate ó efecto.

Así mesmo este convenio non supón en ningún caso vinculación funcional, laboral ou similar co concello dos monitores ou outro persoal que eventualmente a asociación contrate para esta actividade.

A portavoz do grupo socialista di que non apoian a proposta xa que entenden que polo tipo de actividade debería ser asinado pola área de educación e non por servizos sociais que deberían de dedicarse só a este tipo de servizos.

O portavoz do grupo popular di que non é coherente que o grupo de goberno traia unha proposta na que eles mesmos non están de acordo e que sexa o seu grupo quen teña que actuar de árbitro.

A portavoz socialista di que están de acordo coa actividade e que de feito van a solicitar a apertura do centro fora de horas lectivas, pero non de que sexa a área de asuntos sociais quen ó xestione.

O alcalde di que non é ilegal nin tan estraño e que este convenio non impide que á área de educación pode asinar outros. Tamén a Deputación vai facer convenios coas A.M.P.A.. Remata dicíndolle ó portavoz popular que non hai disidencias no grupo de goberno, senón discrepancias naturais cando os gobernos son de coalición, e que no partido popular pode haber aínda máis discrepancias aínda que non poidan manifestarse.

O portavoz popular di que xa lles pediron na comisión informativa que chegasen a un acordo. Engade que o monitor fai traballos para os servizos sociais do concello e que se está a gastar máis en xuventude que na terceira idade, cando entende que é mellor ter un traballador máis en axuda a domicilio que un curso de patinaxe. Remata dicíndolle ó alcalde que fale do seu grupo, e non do popular.

O alcalde di que retira o dito sobre o grupo popular e se desculpa.

A portavoz socialista pregunta como se pode facer este gasto desde servizos sociais e non desde educación se non está aprobado o orzamento.

O alcalde responde que está vixente o orzamento de 2008 prorrogado.

Sometida a votación a proposta recibe tres votos a favor do grupo nacionalista, tres en contra do socialista e catro abstencións do popular.

Sometida a segunda votación se obtén o mesmo resultado, sendo aprobada a proposta polo voto de calidade do alcalde.

1.05º.- OBRADOIRO DE EMPREGO.

Por unanimidade se acorda retirar este punto da orde do día.

Rematada a orde do día, por unanimidade se acorda a declaración da urxencia do punto seguinte:

1.06º.- CONVENIO COA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para financiar a achega municipal ó convenio coa Dirección Xeral de Deportes, se ten negociado un convenio coa Deputación Provincial de Lugo.

Para poder proceder a materialización e sinatura de dito convenio, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo unha achega por importe de cento dezasete mil novecientos sesenta euros con noventa e catro céntimos (117.960,94 €) para financiar-la achega municipal para a construción dun polideportivo na Pobra do Brollón, de acordo á seguinte distribución:

Anualidade	Importe
2009	116.560,94 €
2010	1.400,00 €

2.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo a sinatura de un convenio, se fose preciso, para regular esta achega.

3.- Solicitar da Deputación Provincial de Lugo un anticipo por importe da cantidade indicada.

4.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a presentación da solicitude e, no seu caso, a sinatura do convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Seguidamente se somete a declaración de urxencia a proposta que sigue. O portavoz do grupo Popular di que se oporán á urxencia porque xa hai mes e medio que se fixo a convocatoria da achega e agora se ven con retraso e con presas cando xa houbo plenos dente entón.

A urxencia é aprobada cos catro votos en contra do grupo Popular e os seis a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

1.7º.- SOLICITUDES DE SUBVENCIÓN A XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Para a correcta aplicación das normas do hábitat galego fai que o concello necesite contar con técnicos para verificar o cumprimento das condicións de habitabilidade. Isto supón un maior gasto que o concello non pode asumir. Consonte co anterior propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la memoria xustificativa da aplicación do Decreto de aprobación das normas do hábitat galego no concello da Pobra do Brollón.

2.- Solicitar da Consellería de Vivenda e Solo da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 16 de xaneiro de 2009 (D.O.G. número 15/2009 de 22 de xaneiro) unha achega por importe de vinte mil euros anuais (20.000,00 €) para a contratación do persoal técnico necesario para ese servizo, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada orde.

Sometida a votación a anterior proposta, se aproba cos catro votos en contra do grupo Popular e os seis a favor dos grupos Socialista e Nacionalista.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
07/01/2009	Modificación SAD Ana Casas
07/01/2009	Modificación SAD Celestino Páez
07/01/2009	Modificación SAD Consuelo Souto Carreira
07/01/2009	Modificación SAD Delia Fuentes
07/01/2009	Concesión SAD Filomena Docasar
07/01/2009	Modificación SAD Gloria Blanco
07/01/2009	Modificación SAD Héctor Parada
07/01/2009	Modificación SAD Irene Souto
07/01/2009	Contrato SAD Isolina Rodríguez
07/01/2009	Contrato SAD José Somoza
07/01/2009	Modificación SAD Jovita Camino
07/01/2009	Modificación SAD Manuel Moreira
07/01/2009	Contrato SAD Manuela De La Fuente
07/01/2009	Modificación SAD Remedios Darriba
07/01/2009	Contrato SAD Rosa Diéguez
07/01/2009	Contrato SAD Manuel Aira
09/01/2009	Cesión Casa Cultura Mulleres rurais
09/01/2009	Cesión Casa Cultura acto PSG-PSOE
13/01/2009	Cesión Casa Cultura 2ª Torneo PES
13/01/2009	Préstamo grúa Antonio Fernández
28/01/2009	Préstamo grúa Andrés Móndeolo
28/01/2009	Préstamo grúa Carlos Fernández
04/02/2009	Tarxeta estacionamento Fracisca González
04/02/2009	Tarxeta estacionamento Manuel Reboiro
09/02/2009	Liquidación orzamento 2008
10/02/2009	Cesión Casa Cultura acto BNG
12/02/2009	Contrato SAD Amelia González
18/02/2009	Nomeamento tribunal Administrativo
03/03/2009	Cesión SAD Andrés Móndeolo
04/03/2009	Modificación SAD José González
09/03/2009	Contrato SAD Elvira Álvarez
09/03/2009	Contrato SAD José González
30/03/2009	Contrato grúa José González

DATA	CONCEPTO
31/03/2009	<i>Lista provisional admitidos TLE</i>
31/03/2009	<i>Lista provisional admitidos capataces</i>
31/03/2009	<i>Lista provisional Aux.. admtvo. Persoal laboral</i>
01/04/2009	<i>Cesión Casa Cultura Xornadas agricultura ecolóxica</i>

2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-01/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cando está prevista a convocatoria da praza de traballador social?

+ O alcalde responde:

Farase o antes posible, pero levará un tempo.

* P-02/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

En Óutara a un veciño lle caen sobre a súa finca os plásticos agrarios que se recollen e di que se lle prometeu evitalo. Que medidas se tomaron?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Ninguén mo comunicou, pero se porá un valo para evitalo.

* P-03/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cando está prevista a posta en funcionamento do punto limpo da Pobra do Brollón?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Só falta pórllle a luz. En canto estea posta, se abrirá.

* P-04/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Para que se trouxo unha comparsa de romanos á feira do viño de Vilachá? Cal foi o seu custo?

+ O concelleiro delegado de Cultura responde:

Trouxéronse polo seu poder de convocatoria. É algo orixinal e vistoso que nunca se vira nesta zona. Deron ambiente e exhibiron os traxes. O custo total foi de 2.500,00 € pero inclúe tamén o porco ó espeto feito a véspera.

O portavoz popular di que os romanos o pasaron tan ben como o resto.

O concelleiro delegado di que a festa é precisamente para pasalo ben todos.

* P-05/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Á empresa NAROM se lle contrataron catro obras. Non hai empresas máis próximas? Ofrece mellores condicións que outras empresas? Contrata traballadores do concello?

+ O alcalde responde:

A empresa foi seleccionada entre as que licitaron en base ó informe do técnico.

* P-06/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Se aprobou unha certificación de obra do P.O.S. 2007. está rematada?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

A obra foi certificada polo técnico. O único problema que había era que o goberno anterior esgotara a partida sen executa-la obra aplicando facturas que non lle correspondían.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as dez horas e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a un de abril de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día once de maio de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA ONCE DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día once de maio de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Sométese a aprobación a acta da sesión celebrada polo Pleno o día 3 de marzo de 2009.

O portavoz popular di que o seu grupo non vaia a aprobar a acta por ter profundas discrepancias.

Di que na última semana recibiu unha acta da Xunta de Goberno Local de 9 de decembro cando xa houbo varios plenos dende entón. E que en dita acta hai un erro nunca cantidade posta en cifras que debe de ser 1.038 no canto de 38.

Respecto da acta de 3 de marzo di que no punto relativo á achega do hábitat non se recolle o que el dixo relativo a que segundo o artigo 82.2 do R.O.F. non se poden incluír na orde do día asuntos non ditaminados pola comisión informativa, que segundo o artigo 126 os acordos non son vinculantes e que o secretario dixo que si se podía. E que tampouco se recolle o que dixo sobre a Lei do Hábitat.

Intervén o alcalde dicindo que ten que romper unha lanza a favor do secretario que acumula moito traballo por mor das varias baixas laborais que tivo e que ten que combinar a redacción das actas co traballo ordinario e urxente do día a día. Que mostra do esforzo e vontade do funcionario é que os concelleiros se lles remiten os borradores das actas do pleno o antes posible cando a lei sinala que se deben remitir coa convocatoria da sesión na que se deben aprobar.

Por indicación do alcalde intervéñen o secretario para aclarar os termos da acta. Con respecto ó manifestado di que é certo que o punto segundo do artigo 82 sinala que non se poden incluír na orde do día asuntos que non fosen previamente ditaminados, pero que o punto terceiro de dito artigo di que “*O Alcalde ou Presidente, por razóns de urxencia debidamente motivada, poderá incluír na orde do día, a iniciativa propia ou proposta dalgún dos voceiros, asuntos que non fosen previamente informados pola respectiva Comisión Informativa, pero neste suposto non poderá adoptarse acordo ningún sobre estes asuntos sen que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día*”. Engade que o artigo 126 non di que os acordos non serán vinculantes, se non que os ditames son preceptivos pero non vinculantes. E que o punto dous dese artigo di que en supostos de urxencia o pleno poderá adoptar acordos sobre asuntos non ditaminados pero que do acordo adoptado deberá darse conta á Comisión Informativa na primeira sesión que se celebre, cousa que se fixo na celebrada ó pasado día oito. E que finalmente ese punto do artigo 126 di que “*por proposta de calquera dos membros da Comisión Informativa, o asunto deberá ser incluído na orde do día do seguinte Pleno co obxecto de que este delibere sobre a urxencia acordada, en exercicio das súas atribucións de control e fiscalización*”, proposta que en todo caso non se produciu.

Respecto a que non se recolleron na acta as opinións do portavoz popular sobre a Lei do hábitat indica que foi porque o tema a tratar era a solicitude dunha achega para a aplicación da lei, non un debate sobre esta.

O portavoz popular di que é asombroso que sexa o secretario quen decida do que se fala ou non no pleno e que o secretario non pode omitir o que se debate. Di que na mesma sesión o grupo socialista retirou unha proposta por non haber sido informada e que non votaron a urxencia porque a orde xa saíra había un mes e medio. Fai constar que non se recolleu na acta a súa opinión sobre a norma do hábitat.

Intervén de novo o secretario, autorizado polo alcalde para indicar que el non decide do que se fala, que en todo caso é o alcalde quen ordena os debates, pero o que si é función súa é redactar a acta, na que teñen que constar os acordos adoptados debendo recollerse “*sucintamente*” as opinións emitidas. Sucintamente quere dicir, segundo o dicionario da Real Academia Española de la Lengua Española (lingua na que esta redactada a norma legal) de xeito breve e compendioso, e polo tanto resumido. E se debe ser sucinto, como non podería ser doutro xeito, o que se recolle do debate sobre o fondo do asunto de que se trata, parece claro que a obriga legal non inclúe recoller o debates colaterais que se establezan pero que non versen sobre o fondo do asunto a tratar.

O alcalde indica que o debate estaba na solicitude da achega, e non na norma que guste ou non guste hai que cumprir, e se trataba de obter unha axuda para que sexa menos gravoso para o concello.

A portavoz socialista di que se non se adoptaba o acordo se perdía a achega. Engade que o seu grupo retirou a proposta do obradoiro, non porque non fose ditaminada, se non porque faltaba algún proxecto.

O portavoz popular pide que as actas sexan entregadas o antes posible, e que cheguen ó seu destino as da Xunta de Goberno Local entre pleno e pleno.

Sometida a votación a acta, tras modificar o erro producido no punto 1.02º que onde di, “*Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal Complementario para 2008*” debe dicir “*Plan Provincial de Cooperación ós Servizos de Competencia Municipal Complementario para 2009*”, é aprobada con cinco votos en contra do grupo popular e seis a favor dos grupos nacionalista e socialista.

1.2º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o seguinte acordo adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local, propoño ó Pleno que acorde a súa ratificación.

1.- Aproba-lo programa a desenvolver no 2009 de “fomento da formación en igualdade e a corresponsabilidade da poboación infantil e xuvenil”.

2.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 18 de marzo de 2009 da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (D.O.G. 63/2009 de 1 de abril) unha achega por importe de novecentos sete euros con sesenta sete céntimos (907,67 €) para o fin indicado aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na citada obra.

O portavoz do grupo popular di que traslada a mesma proposta aos plenos do grupo de goberno polas actas.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- CONTA XERAL DE 2008.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Especial de Contas do Concello:

A Conta Xeral do Orzamento de 2008 foi ditaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas en sesión do día 27 de febreiro de 2009 e exposta ó público regulamentariamente para os efectos de exame e reclamacións, sen que se presentara ningunha. Procede pois a súa aprobación para remitila ó Consello de Contas.

Dita Conta Xeral presenta como resultado un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de trinta e nove mil novecentos noventa e nove euros con catro céntimos (-39.999,04 €). Este resultado supón un -2,97% sobre os dereitos liquidados por ingresos correntes e un -2,59% respecto aos dereitos liquidados non financeiros.

Consonte co anterior e á vista do expediente e da documentación que obra no mesmo, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-la Conta Xeral do Orzamento do exercicio 2008, na que resulta un remanente de tesourería negativo para gastos xerais de trinta e nove mil novecentos noventa e nove euros con catro céntimos (-39.999,04 €).

2.- Remitir dita conta coa correspondente documentación complementaria ó Consello de Contas de Galicia ós efectos previstos na lexislación vixente.

O concelleiro delegado de facenda explica os datos máis importantes da conta. Indica que se ben hai un déficit, este é de pequena entidade e plenamente asumible, xa que se atopa moi lonxe dos límites establecidos para precisar facer un plan económico financeiro de reequilibrio. Sinala, aportando diversos datos que a diferenza entre os ingresos previstos e os liquidados se debe, basicamente, o cambio de xestión en taxas e impostos que ao pasar á Deputación, quen fai entregas a conta do 80% e rematado o ano unha liquidación, produce que o primeiro ano haxa un desfase.

O portavoz popular di que o seu grupo xa advertiu cando se fixo o orzamento que ía moi inflado en ingresos. Que outros anos tampouco se recadaba todo o previsto. Que o concello ten unha débeda de 400 euros por habitante, reconece que en gran parte herdada, pero que nos últimos anos do seu partido se pagaron 50.000 € por ano e se amortizou un crédito de cen mil. Remata dicindo que a situación se agravará pola crise e que no próximo exercicio debe corrixirse a situación, xa que no anterior se pediron novos préstamos.

O alcalde destaca que se a recadación fose a habitual non habería déficit, xa que logo, o 20% non entregado pola Deputación coincide practicamente na súa contía co remanente de tesourería.

O portavoz popular destaca que se gastou moito en persoal sen que houbera obradoiro coma outros anos.

O concelleiro delegado aclara que ese gasto, se financia con case 300.000 euros de achegas doutros organismos, polo que o incremento real en gastos de persoal con cargo aos orzamentos do concello é moi pequeno.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- PLAN CONCERTADO 2009.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Dende hai uns anos, o Concello está prestando ós veciños o servizo de axuda a domicilio. Este servizo hai que mantelo durante o presente e mesmo ampliálo xa que logo estanse producindo novas solicitudes por parte de persoas necesitadas del. Por outra parte as necesidades do servizo aumentan por mor da aplicación da Lei de Dependencia.

Así mesmo preténdese continuar co programa de emerxencia social que tendan a permitir o aproveitamento dunha calidade mínima de vida polos máis necesitados.

Ata agora o concello prestaba os servizos sociais de atención primaria mediante a solicitude conxunta co concello de Bóveda dunha subvención para financia-lo contrato dunha asistente social e unha auxiliar administrativa que prestaban os seus servizos nos dous concellos. Pero a complexidade e aumento de servizos que se pretende dar, e máis coa aplicación da Lei de Dependencia, fai necesario que o concello conte con traballador ou traballadora social de seu e a xornada completa, e o mesmo no que respecta o auxiliar administrativo que colabore con aquel.

Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo programa do Plan Concertado para a prestación dos Servizos Sociais para 2009 cun orzamento total de douscentos vinte e catro mil oitocentos vinte e un euros con dezaioito céntimos (224.821,18 €) coa seguinte distribución:

	Orzamento	Achegas	
		Xunta	Concello
1.- Persoal			
1.1.- Traballador/a social	29.582,04	15.755,46	13.826,58
1.2.- Educación familiar	14.902,32	7.877,73	7.024,59
1.3.- Auxiliar administrativo (media xornada)	7.684,56	6.311,89	1.372,67
2.- Mantemento (Km e formación)	2.200,00	1.200,00	1.000,00
3.- Xestión de programas:			
3.1.- Intervención con sectores con problemáticas específicas	25.140,32	18.115,73	7.024,59
3.2.- Dinamización comunitaria	5.995,00	4.195,00	1.800,00
4.- Axuda no fogar			
4.1.- Plan concertado	62.264,64	45.151,84	17.112,80
4.2.- Dependencia (Auxiliares, formación)	49.198,48	49.198,48	0,00
4.3.- Material auxiliares	2.300,00	2.300,00	0,00
4.4.- Podoloxía, fisioterapia, xerocatering	10.651,50	10.651,50	0,00
4.5.- Traballador/a social	14.902,32	7.877,73	7.024,59
Total	224.821,18	168.635,36	56.185,82

2.- Solicitar do órgano competente da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 1 de abril de 2009 pola que se regulan as bases polas que se rexerá a concesión de subvencións destinadas ao cofinanciamento da prestación de servizos sociais polas corporacións locais e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2009. (D.O.G. nº 76/2009 de 21 de abril) unha achega por importe de cento sesenta e oito mil seiscentos trinta e cinco euros con trinta e seis céntimos (168.635,36€) para o financiamento de dito programa, aceptando integramente as condicións establecidas na citada orde e nas que no seu caso se sinalen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Que, no caso de que a Xunta de Galicia non acceda á solicitude de financiar unha praza a media xornada de auxiliar administrativo se continúe na prestación deste servizo a través da agrupación actual co concello de Bóveda comprometéndose o concello da Pobra do Brollón con aquel a achegar a cantidade que lle corresponde polo servizo.

4.- En todo caso garántese a continuidade do servizo nas mesmas condicións que anos anteriores, tratando de mellorar as condicións de cobertura e calidade.

O alcalde expón as liñas xerais do plan no que se prevé a contratación doutro traballador social a media xornada, contar cun auxiliar administrativo propio a media xornada, un novo auxiliar de axuda a domicilio no plan concertado e outro na aplicación da dependencia e un amplo programa de dependencia a custo cero para o concello. Manifesta que o esforzo orzamentario que supón este programa se xustifica polo importante peso demográfico que ten a poboación maior no concello.

O portavoz popular di que lle gusta oír que o alcalde di que estamos nun concello envellecido porque o goberno non tiña sensibilidade co sector. Di que votará a favor aínda que o custo para o concello supere os 56.000 € cando hai dous anos non chegaba a 25.000. que hai que atender un gasto maior, pero tendo en conta a situación económica. Di que a educadora ten un custo para o concello de sete mil euros cando debería de ser comarcal. Remata dicindo que falta información porque aínda non se presentou o orzamento. Pero que o ano pasado se gastou en cultura 100.000 €, máis que o que se achega para os servizos sociais.

A portavoz socialista di que o envellecemento da poboación fai que atender estes servizos sexa una prioridade para o seu grupo e para o goberno municipal.

O concelleiro Javier González, tamén do grupo socialista di que o gasto en cultura foron os 100.000 € pero financiados na súa maior parte con achegas acadadas nunha boa xestión doutras administracións.

O alcalde di que xa está en marcha o centro de día con 16 usuarios. E con xestión pública, non privada como se pretendía anteriormente. Que efectivamente o ultimo goberno do PP dedicou 25.000 € aos servizos sociais e o actual equipo de goberno 56.000, o que, engade, amosa a sensibilidade do actual bipartito pero con feitos, non de palabra. Remata dicindo que este esforzo supón, ao mesmo tempo, oportunidades laborais e que se pasou de 28 usuarios do servizo de axuda a domicilio no 2008 a 37 neste ano, reducíndose a lista de espera de 12 a 4.

O portavoz popular di que antes a Xunta aportaba máis proporción. Que é normal que aumente a xente que necesita o servizo. Di que do previsto no apartado 4.4 a metade se dedicará ó xantar na casa quedando pouco para fisioterapia e podoloxía. Respecto ao centro de día di que se estivo pagando persoal sen que funcionase despois de estar dous anos sen abrir. Remata dicindo que o seu partido apoiará todas as xestións que se fagan.

O alcalde sinala que se estivo dous anos sen funcionar foi por mor de problemas herdados do goberno popular, e para acadar que fose de xestión pública e non privada como pretendía o grupo popular. Que o feito que estivo aberto sen xente é un problema do consorcio e non do concello. Remata dicindo que o custo será mínimo para o concello xa que haberá achega da Deputación, quen, co actual goberno bipartito, tamén é sensible con feitos a este problema.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.5º.- CESIÓN DO PALCO DE CEREIXA Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS MARÍA CASTAÑA.

A proposta do portavoz popular que manifesta dúbidas sobre a titularidade do palco se acorda deixar este asunto pendente.

1.06º.- MOCIÓN DOS GRUPOS NACIONALISTA E SOCIALISTA SOBRE O PROBLEMA DA LEITE.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos municipais nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sector lácteo ten unha gran importancia económica e social en Galicia ata o punto que o 50% dos concellos rurais de Galicia dependen economicamente da produción do leite. A poboación de Galicia vinculada económica e socialmente a este sector cifrase nos 500.000 habitantes, xerando un emprego superior os 100.000 postes de trabado directos, indirectos e inducidos.

As organizacións agrarias profesionais UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA e os grupos que asinan, consideran que estes empregos están realmente en perigo, caso de que Galicia non poida soste a súa capacidade de produción de leite. No ano 2008 o sector lácteo galego produciu 2.246.941.600 litros de leite xerando un volume de negocio de 830 millóns de euros, so en produción de leite.

A finais do ano 2008, e ante as malas noticias de orde económico xeral, a Gran distribución iniciou unha estratexia de redución de prezos ó consumidor, mediante o impulso da chamada "marca branca" (actualmente o peso das marcas de distribución estimase no 54% en volume para o leite líquido). Coa finalidade de forzar ó sector industrial de España, realizaron e realizan importacións de leite envasada de marca branca, limitando as compras á industria autóctona e provocando a baixada de prezos a todo o sector industrial.

Nesta crise de prezos, apreciamos o escaso apego ou preferencia que a Gran Distribución ten polos nosos produtos, moi ó contrario da distribución de outros países limítrofes, coma por exemplo Francia.

Neste senso, urxe que as administracións competentes poñan en marcha políticas e mecanismos para que produtores e transformadores equiparen o seu peso nas decisións do mercado á Gran Distribución que opera en España, para unha racionalización das importacións-exportacións e do mercado.

Para por freo a esta situación inmoral que está a por en risco de creba a todo o sector primario en Galicia e con el ó modelo socioeconómico que na actualidade garante que o 80% do territorio non se converta nun deserto demográfico, as organizacións profesionais agrarias UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, e os grupos que asinan apelamos á responsabilidade tanto das industrias, para que deixen de saturar o mercado con importacións masivas de leite porque tamén eles van saír moi prexudicados desa política comercial, como das administracións, para que fagan uso das súas competencias en materia de fronteiras para evitar prácticas comerciais ilegais, e para que apliquen de xeito inmediato medidas de intervención pública no sector.

Unha situación que ten como agravante que o consumidor cando merca leite envasado en Galicia realmente non ten ningunha garantía de que non teña a súa orixe en calquera país da Unión Europea, o non existir ningún referente no envase á orixe e polo tanto á trazabilidade do produto.

Diante desta situación, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a ASOCIACIÓN GALEGA DE COOPERATIVAS AGRARIAS, AGACA, decidiron convocar unha manifestación para o próximo 8 de maio nas comarcas galegas, para esixirle tanto á Xunta como ó Ministerio medidas concretas que poñan freo a esta situación coa seguinte táboa reivindicativa:

1. Solicitar da Xunta de Galicia a do Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino a adopción de medidas tendentes a:
2. Garantir a recollida para todo o leite ao longo de todo o territorio a prezos dignos e remuneradores que cubran os custes de produción.
3. Plan estratéxico para o sector lácteo que contemple medidas económicas, fiscais e de refinanciamento da débeda, cunha dotación orzamentaria axeitada onde se recolla a situación real do sector e se apoie a súa sostenibilidade.
4. Medidas reguladoras das relacións comerciais entre produtores, industrias e distribución que impidan que as Importacións de leite marquen o prezo do leite producido aquí.
5. Medidas que avancen na trazabilidade do produto, de tal xeito que o consumidor teña Información acerca de onde foi producido o leite que esta mercando.
6. Medidas de apoio as cooperativas de subministro de leite que son unha ferramenta socioeconómica clave para articular os gandeiros/as coa finalidade de reducir custes de produción, ser máis eficientes e

mellorar a súa calidade de vida. Así como o fortalecemento da figura das Agrupación» de Produtores Agrarios (APAs) no seo das cooperativas.

7. Coordinación do MARM coas Comunidades Autónomas dun programa de controla das prácticas anti-dumpling a través dos Servizos Oficiais de Control correspondentes.

8. Accións encamiñadas a lograr un maior equilibrio de forzas na cadea láctea que evite distorsións, fomentando a Implantación dos instrumentos necesarios a fin de fortalecer a ordenación e concentración da oferta.

Polo exposto, os grupos nacionalista e socialista do concello da Pobra do Brollón presentan esta moción para que o pleno adopte os seguintes acordos:

1. Apoiar publicamente a campaña que neste sentido están realizando as Organizacións Profesionais Agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO e a Asociación Galega de Cooperativas Agrarias AGACA de cara á manifestación convocada para o vindeiro 8 de maio nas comarcas galegas, así como apoio institucional do concedo os gandeiros e gandeiras para o seu desprazamento á manifestación.

2. Trasladar o Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Mariño e a Consellería do Medio Rural o compromiso e o apoio da Corporación Municipal as reivindicacións plantexadas polas organizacións agrarias e as cooperativas galegas para salvar da creba o sector lácteo galego. Así mesmo, facer pública a exigencia o citado Ministerio e Consellería para que active medidas urxentes de choque que despexen as Incertezas de futuro dos gandeiros e gandeiras de Galicia.

O portavoz do grupo popular di que lamenta que esta proposta se presente polos dous grupos de goberno conxuntamente coma se o PP non fose sensible co problema da leite. Di que debера ser consensuado polos tres grupos. Engade que a proposta chega tarde e mal e que non se puxeron medios de transporte para acudir ás manifestacións e que segundo a televisión a xunta dará a xudas de setenta mil euros.

A portavoz socialista di que están a tempo de apoiar a proposta e unirse a ela. Engade que oxalá as medidas que se tomen sexan reais e efectivas.

O portavoz popular di que se busca a confrontación política e que o problema xa existía antes de un de marzo. Que estivo en Cospeito co conselleiro e xa comentou e iso é apoiar o sector.

O alcalde di que os grupos de goberno non van a facer o traballo político dos populares. Que puideron presentar unha moción e non o fixeron. Que non dubida da súa vontade, pero que teñen que facer o seu propio traballo político. Remata dicindo que o portavoz popular abusa da demagogia.

Sometida a votación a proposta se acorda a súa aprobación coas cinco abstencións do grupo popular e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

1.07º.- MOCIÓN DOS GRUPOS NACIONALISTA E SOCIALISTA SOBRE A LINGUA GALEGA.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos municipais nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Resulta evidente que o proceso de normalización de usos do galego foi lento e, até hoxe, insuficiente para garantir o dereito a vivir na nosa lingua. O respecto á legalidade vixente (Estatuto e Lei de Normalización Lingüística) e a implementación de cambios legais na dirección da igualdade e da convivencia semellan non ir na dirección daqueles que aínda poñen proa ao dereito fundamental para que o galego goce no seu territorio do mesmo status legal que o castelán no seu.

Asistimos nos últimos tempos a unha situación esperpéntica, por canto existen sectores – políticos e mediáticos– que pretenden trasladar á opinión pública a idea de que o idioma castelán corre perigo en Galiza por mor da suposta discriminación a que se ven sometidas as persoas que falan nesta lingua.

Mentres tanto, a realidade é claramente á inversa: non só non gozamos dunha realidade que permita a existencia e normalidade dos usos do noso idioma no día a día, senón que ademais resulta evidente un proceso de confusiónismo que pretende que as persoas galegofalantes non teñan dereitos

lingüísticos, e que os únicos deberes para as administracións públicas queden referenciados ao uso do castelán. Na práctica, estamos na negación da igualdade e convivencia entre as dúas linguas.

De feito, un contundente informe do Consello de Europa elaborado a finais do pasado ano, advertía que no noso País non se están a dar garantías para o uso normal do galego en sectores tan importantes como a educación, a xustiza, os servizos públicos ou os medios de comunicación; incumpríndose de feito os tratados internacionais sobre dereitos lingüísticos. Na mesma liña, un recente informe da Real Academia Galega sinala que en doce anos reduciuse á metade a cantidade de persoas que falan habitualmente en galego.

Acreditamos que compete ao pobo galego, a través das súas institucións representativas, definir a política lingüística acorde co criterio de cooficialidade e de lingua propia que mesmo o actual Estatuto recoñece para o noso idioma; esixindo das institucións de autogoberno a defensa da igualdade plena de dereitos para o galego e a aplicación de medidas a favor da normalización dos seus usos.

Non obstante, estamos a escoitar declaracións de persoas con cargos de alta responsabilidade no novo Goberno Galego que supoñen un ataque contra do galego e mesmo poden supoñer un perigo de confrontación e de fractura social; á marxe de ir contra de acordos unánimes do Parlamento Galego, nomeadamente contra o recollido no artigo 5 do Estatuto de Autonomía, que sinala o galego como lingua propia de Galiza e a obriga dos poderes públicos de potenciala nos diferentes ámbitos de uso.

Por isto, é polo que solicitamos do Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Manifestar a vontade da Corporación municipal na defensa da nosa lingua e, especificamente, nos acordos unánimes adoptados polo Parlamento Galego para instrumentar as medidas de normalización do galego nos diversos ámbitos sociais.

O portavoz popular reitera o dito no punto anterior. Di que non existen dous territorios como di a moción coma se Galicia non fose de España. Que se pretende valorar máis o galego que o castelán cando o que hai é que respectar os dereitos das dúas linguas.

O alcalde di que a moción xorde da preocupación que xera o feito de que o goberno popular da Xunta pretenda reformar unha lei de normalización lingüística que foi aprobada co consenso dos tres grupos no ano 1993 o que supón un claro retroceso.

O portavoz popular di que o galego non se perderá mesmo cunha ditadura ou a emigración.

A portavoz socialista di que o galego perdurará se se coida e por este motivo hai que apoialo. Que non se trata de valorar máis ó galego se non darlle o estatus que lle corresponde.

Sometida a votación a proposta se acorda a súa aprobación coas cinco abstencións do grupo popular e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

1.8º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Convocadas eleccións ó Parlamento Europeo a celebrar o vindeiro día 7 de xuño, e consonte ó disposto a lexislación electoral, procédese polo Concello ó sorteo, entre os electores que para cada caso reúnen as condicións esixidas, daqueles que formarán parte das mesas electorais do Concello como presidentes ou vogais, e dos seus suplentes. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

Se procede ó sorteo que da o seguinte resultado:

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
1	Presidente/a	Pérez	Blanco	María Luísa	34262029X
1	1º. Vocal	López	Fernández	Bautista	34237959K
A	2º. Vocal	Franco	Pérez	María Concepción	14686854C
	Presidente/a 1º. suplente	Ferreiros	Fernández	M de los Ángeles	34257006R

	Cargo	1º. Apellido	2º. Apellido	Nome	D.N.I.
	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Valcarce</i>	<i>Resco</i>	<i>Rosa Pilar</i>	<i>34257052R</i>
	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>González</i>	<i>García</i>	<i>Carmen</i>	<i>23789651S</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Jorge</i>	<i>Baamonde</i>	<i>Manuel</i>	<i>34249205C</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Iglesias</i>	<i>Martínez</i>	<i>Vicente</i>	<i>34251858M</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Peralta</i>	<i>Casas</i>	<i>Mario</i>	<i>34265358G</i>
	<i>Presidente/a</i>	<i>Novo</i>	<i>Blanco</i>	<i>José Antonio</i>	<i>07531743W</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>Souto</i>	<i>Martínez</i>	<i>Hilda</i>	<i>34260968F</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Quiroga</i>	<i>Castro</i>	<i>María Clara</i>	<i>34247878G</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Fontenla</i>	<i>Figueiroa</i>	<i>Luís Antonio</i>	<i>35314155R</i>
1	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Camino</i>	<i>López</i>	<i>Marta</i>	<i>34271476G</i>
B	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Castro</i>	<i>Fernández</i>	<i>M Carmen</i>	<i>34236867X</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Fernández</i>	<i>Arias</i>	<i>María</i>	<i>34268692A</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Ferreiros</i>	<i>Xélida</i>	<i>34264902P</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Pérez</i>	<i>Ferreiros</i>	<i>Ines</i>	<i>34258850M</i>
	<i>Presidente/a</i>	<i>González</i>	<i>Gallego</i>	<i>José Antonio</i>	<i>34259182S</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>González</i>	<i>Casanova</i>	<i>María Aurora</i>	<i>34247274K</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Blanco</i>	<i>Escudero</i>	<i>Elena</i>	<i>76730909B</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Dacal</i>	<i>Mercedes</i>	<i>33811194K</i>
2	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Sánchez</i>	<i>Rivera</i>	<i>Antonio</i>	<i>76616230X</i>
A	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Álvarez</i>	<i>Mondelo</i>	<i>José</i>	<i>34549474R</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Carballeira</i>	<i>González</i>	<i>Manuel</i>	<i>34261807H</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Castro</i>	<i>Prieto</i>	<i>María Elvira</i>	<i>34254228Y</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>López</i>	<i>Rivera</i>	<i>Manuel</i>	<i>34260153C</i>
	<i>Presidente/a</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Carballo</i>	<i>Severino</i>	<i>34253133S</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>Vázquez</i>	<i>Franco</i>	<i>Irán</i>	<i>76622231P</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Veiga</i>	<i>González</i>	<i>José Luís</i>	<i>34250250F</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Cienfuegos</i>	<i>López</i>	<i>Cesar Ignacio</i>	<i>34982213H</i>
2	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Pérez</i>	<i>Fernández</i>	<i>Sofía</i>	<i>20176863K</i>
B	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Vega</i>	<i>Fernández</i>	<i>Manuel</i>	<i>34257462C</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Macía</i>	<i>Díaz</i>	<i>Juan Carlos</i>	<i>76622934K</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>López</i>	<i>M. Magdalena</i>	<i>34257710S</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Méndez</i>	<i>Vila</i>	<i>Marcos</i>	<i>34258227A</i>
1	<i>Presidente/a</i>	<i>López</i>	<i>Balboa</i>	<i>Manuel</i>	<i>34257697W</i>

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
2	1º. Vocal	Chousa	García	Jesús Fernando	34269197W
C	2º. Vocal	Vila	Casas	Carlos	34257485C
	Presidente/a 1º. suplente	Álvarez	Franco	José Javier	34257522B
	Presidente/a 2º. suplente	Gordo	Serrano	Fernando	52537487J
	1º. Vocal 1º. suplente	Cerejido	Armesto	Isabel	34258779A
	1º. Vocal 2º. suplente	López	López	Luís	34255935B
	2º. Vocal 1º. suplente	Carril	Balboa	José Manuel	36060601M
	2º. Vocal 2º. suplente	Parada	Carballo	Marina	34237308Z
	Presidente/a	Parada	Valcarcel	José Luís	34249070T
	1º. Vocal	López	Fernández	María Dolores	34258814S
	2º. Vocal	González	Núñez	Lorena	34271824F
1	Presidente/a 1º. suplente	Vila	Docasar	Antonio	34251310D
2	Presidente/a 2º. suplente	Rodríguez	Vázquez	Anabel	34262741D
D	1º. Vocal 1º. suplente	Besteiro	Núñez	Casto	34260020W
	1º. Vocal 2º. suplente	Sánchez	Camino	Luísa	34253571Q
	2º. Vocal 1º. suplente	Gomez	Álvarez	Milagros	34264028P
	2º. Vocal 2º. suplente	Besteiro	Ferreiros	Manuel	76616222W

1.09º.- NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Recibiuse escrito da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, manifestando que o Concello debe inicia-lo proceso para a elección de Xuíz de Paz no prazo de tres meses, ou no seu caso comunicar a dita Sala a decisión de non realiza-la elección.

Para proceder á elección, o Concello ten que inicia-lo expediente aprobando as bases que han rexela e facer público o prazo para presenta-las solicitudes. Consonte o anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-las bases que rexerán a elección do Xuíz de Paz substituto da Pobra de Brollón e que serán as que figuran a continuación.*

2.- *Abrir un prazo de quince días mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia, tanto para os efectos de reclamacións como para a presentación de solicitudes polas persoas interesadas .*

3.- *Faculta-la Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.*

BASES PARA A ELECCIÓN XUÍZ DE PAZ SUBSTITUTO.

1º) Requisitos:

+ *Ser español, maior de idade e non estar impedido nin física nin psiquicamente para o cargo.*

+ Non estar condenado por delito doloso mentres non se obtivese a rehabilitación, nin estar procesado ou inculcado por delito doloso mentres non resulte absolto ou se dite acto de sobresemento, e estar en pleno exercicio dos dereitos civís.

2º) Solicitude:

Farase no impreso que para os efectos se facilitará nas oficinas municipais conforme o seguinte modelo:

D. _____, maior de idade, veciño de _____ con domicilio en _____ con D.N.I. vixente número _____, e teléfono número _____, E X P Ó N : Que ten coñecemento polo edicto publicado no B.O.P. número _____ de data _____ da apertura do prazo de solicitudes para designa-la persoa que ocupe o posto de xuíz de paz substituto deste concello. Que non se encontra en ningún dos casos previstos de incapacidade ou incompatibilidade para o desempeño do cargo. Que alega os seguintes méritos, e xunta á presente solicitude a seguinte documentación: _____ _____ Que crendo acada-los requisitos legais para o desenvolvemento de dito cargo, S O L I C I T A : Ser nomeado xuíz de paz substituto da Pobra de Brollón. (Lugar, data e sinatura) Sr. Alcalde da Pobra de Brollón.

3º) Prazo e lugar de presentación:

No rexistro municipal no prazo de quince días hábiles dende o día seguinte á publicación do edicto no B.O.P. de dez a catorce horas.

4º) Documentación a xuntar:

- Certificación da acta de nacemento ou fotocopia compulsada do D.N.I.
- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/1.980.
- Certificacións ou copias compulsadas de títulos académicos.
- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante.

5º) Criterios de elección:

As prioridades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Data	Contido
03/03/2009	Cesión SAD Andrés Mónde
04/03/2009	Modificación SAD José gonzález
09/03/2009	Contrato SAD Elvira Álvarez
09/03/2009	Contrato SAD José González
30/03/2009	Contrato grúa José González
31/03/2009	Lista provisional admitidos TLE
31/03/2009	Lista provisional admitidos capataces
31/03/2009	Lista provisional Aux.. admtvo. Persoal laboral
01/04/2009	Cesión Casa Cultura Xornadas agricultura ecolóxica
15/04/2009	Cesión casa Cultura Club Guimaro Motor
20/04/2009	Aprobación lista provisional auxiliar administrativo funcionario
28/04/2009	Gratificación substitución baixa secretario Mª José
30/04/2009	Gratificación José Souto por servizos prestados fora xornada
07/05/2009	Advertencia uso campo feira a Estación para festa
08/05/2009	Autorización para emprego treito explanada exhibición automobilística

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-07/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Se vai a rematar o camiño de Abrence xunto á vivenda de Antonio Sánchez?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Si, farase proximamente.

* P-08/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cal é a situación das vivendas sociais?

+ O alcalde responde:

Están adxudicadas e pendentes de ser ocupadas cando a empresa subministradora lles de a alta na enerxía eléctrica.

* P-09/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Hai permiso da Confederación para o piar na ponde do Xil?

+ O segundo tenente de alcalde responde:

Houbo que poñelo pegado á columna xa que con bridas non se podía..

* P-10/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Solucionouse o problema de Canedo polo que xa se fixo unha pregunta no pleno pasado?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Está pendente da apertura do punto limpo.

* P-11/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Se pensa facer algo co tema dos taxis? A partires das tres da tarde nunca hai ningún dispoñible.

+ O alcalde responde:

É un tema que hai que estudar para acadar unha boa solución.

* P-12/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Hai queixas pola fonte restaurada en Parada dos Montes. Que se pensa facer?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Está pendente de que veña o encargado das obras para buscar solucións.

* P-13/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Vaise a ampliar o programa de xantar na casa?

+ O alcalde responde:

En principio non por non haber máis orzamento. En todo caso hai menos necesidade dese servizo por mor do centro de día.

O portavoz popular di que o xantar debería elaborarse non centro de día.

* P-14/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Canta xente se acolleu ó plan laxa e que traballos fan?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

neste intre hai sete acollidos en obras, medio ambiente e electricidade. Se fan traballos en colaboración con asociacións que achegan os materiais e o concello a man de obra.

* P-15/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

como está o problema da luz en Fontela con Fenosa?

+ O alcalde responde:

Xa se fixeron xestións coa empresa subministradora.

* P-16/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Por qué motivo non se acadou o recoñecemento como de interese turístico da festa do oso de Salcedo ?

+ O concelleiro de cultura responde:

Concedéronse catro en toda Galicia e entre elas non estaba nin á festa do oso nin á cata de viño de Vilachá. Fíxose todo o necesario, pero non o concederon. En todo caso antes nunca se fixo nada. Debeuse haber solicitado xa hai anos.

O portavoz popular di que tampouco o solicitou a asociación.

O concelleiro de cultura di que se trata de analizar a actuación do concello.

* P-17/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Que se pensa facer co depósito de augas de Covadelas que hai que por bomba e tubarias?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

A obra do P.O.S. acabouse. Houbo que modificar o emprazamento por problemas cos terreos.

* P-18/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Por qué non se xestiona que os gastos do edificio da cámara agraria os pague a Xunta xa que está cedida como punto de encontro?

+ O alcalde responde:

Tamén o usa protección civil e gardan alí os seus vehículos. O edificio non ten calefacción só un termo para as duchas.

O concelleiro Javier González engade que a presenza do punto de encontra beneficia ás comunidades de montes do concello.

* P-19/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Por qué segue sen pintar a estrada de Cereixa?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Segundo nos comunicaron da Deputación se fará pronto, pero tiveron problemas coa empresa.

* P-20/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cal é a valoración do servizo de recollida de lixo?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Aumentouse o servizo, coma por exemplo a rota de Salcedo. Mellorou a calidade do servizo, pero leva máis tempo.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e tres horas e vinte e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezoito de maio de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión extraordinaria celebrada o día vinte e cinco de maio de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E CINCO DE MAIO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as nove horas do día vinte e cinco de maio de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia nova, para celebrar sesión extraordinaria do pleno do Concello.

Non comparecen os Concelleiros Manuel González Moreira e Oliva Eva López González.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1º.- SORTEO DAS MESAS ELECTORAIS.

Habendo aceptado a Xunta Electoral de Zona as escusas presentadas por dous membros das mesas electorais, primeiro e segundo suplentes do presidente da mesa electoral 1.2.C, para as eleccións ao Parlamento Europeo de 7 de xuño de 2009 que resultaron designados no sorteo efectuado o día once dos correntes, a Xunta Electoral de zona ordenou repetir o sorteo exclusivamente de ditos postos. Utilízase un sistema informático que realiza a selección dos electores segundo niveis de estudos sobre unha copia en soporte magnético do Censo Electoral facilitada polo I.N.E., realizando un sorteo aleatorio entre os electores seleccionados.

Tras informarse os membros da corporación presentes sobre os postos a designar, se procede ó sorteo definitivo que da o seguinte resultado, refundido co resultado do sorteo do día dous:

	Cargo	1º. Apellido	2º. Apellido	Nome	D.N.I.
	<i>Presidente/a</i>	<i>Pérez</i>	<i>Blanco</i>	<i>María Luísa</i>	<i>34262029X</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>López</i>	<i>Fernández</i>	<i>Bautista</i>	<i>34237959K</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Franco</i>	<i>Pérez</i>	<i>María Concepción</i>	<i>14686854C</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Ferreiros</i>	<i>Fernández</i>	<i>M de los Ángeles</i>	<i>34257006R</i>
1	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Valcarce</i>	<i>Resco</i>	<i>Rosa Pilar</i>	<i>34257052R</i>
A	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>González</i>	<i>García</i>	<i>Carmen</i>	<i>23789651S</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Jorge</i>	<i>Baamonde</i>	<i>Manuel</i>	<i>34249205C</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Iglesias</i>	<i>Martínez</i>	<i>Vicente</i>	<i>34251858M</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Peralta</i>	<i>Casas</i>	<i>Mario</i>	<i>34265358G</i>
	<i>Presidente/a</i>	<i>Novo</i>	<i>Blanco</i>	<i>José Antonio</i>	<i>07531743W</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>Souto</i>	<i>Martínez</i>	<i>Hilda</i>	<i>34260968F</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Quiroga</i>	<i>Castro</i>	<i>María Clara</i>	<i>34247878G</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Fontenla</i>	<i>Figueiroa</i>	<i>Luís Antonio</i>	<i>35314155R</i>
1	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Camino</i>	<i>López</i>	<i>Marta</i>	<i>34271476G</i>
B	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Castro</i>	<i>Fernández</i>	<i>M Carmen</i>	<i>34236867X</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Fernández</i>	<i>Arias</i>	<i>María</i>	<i>34268692A</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Ferreiros</i>	<i>Xélida</i>	<i>34264902P</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Pérez</i>	<i>Ferreiros</i>	<i>Ines</i>	<i>34258850M</i>
	<i>Presidente/a</i>	<i>González</i>	<i>Gallego</i>	<i>José Antonio</i>	<i>34259182S</i>
	<i>1º. Vocal</i>	<i>González</i>	<i>Casanova</i>	<i>María Aurora</i>	<i>34247274K</i>
	<i>2º. Vocal</i>	<i>Blanco</i>	<i>Escudero</i>	<i>Elena</i>	<i>76730909B</i>
1	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Dacal</i>	<i>Mercedes</i>	<i>33811194K</i>
2	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Sánchez</i>	<i>Rivera</i>	<i>Antonio</i>	<i>76616230X</i>
A	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Álvarez</i>	<i>Mondelo</i>	<i>José</i>	<i>34549474R</i>
	<i>1º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>Carballeira</i>	<i>González</i>	<i>Manuel</i>	<i>34261807H</i>
	<i>2º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Castro</i>	<i>Prieto</i>	<i>María Elvira</i>	<i>34254228Y</i>
	<i>2º. Vocal 2º. suplente</i>	<i>López</i>	<i>Rivera</i>	<i>Manuel</i>	<i>34260153C</i>
1	<i>Presidente/a</i>	<i>Rodríguez</i>	<i>Carballo</i>	<i>Severino</i>	<i>34253133S</i>
2	<i>1º. Vocal</i>	<i>Vázquez</i>	<i>Franco</i>	<i>Irán</i>	<i>76622231P</i>
B	<i>2º. Vocal</i>	<i>Veiga</i>	<i>González</i>	<i>José Luís</i>	<i>34250250F</i>
	<i>Presidente/a 1º. suplente</i>	<i>Cienfuegos</i>	<i>López</i>	<i>Cesar Ignacio</i>	<i>34982213H</i>
	<i>Presidente/a 2º. suplente</i>	<i>Pérez</i>	<i>Fernández</i>	<i>Sofía</i>	<i>20176863K</i>
	<i>1º. Vocal 1º. suplente</i>	<i>Vega</i>	<i>Fernández</i>	<i>Manuel</i>	<i>34257462C</i>

	Cargo	1º. Apelido	2º. Apelido	Nome	D.N.I.
	1º. Vocal 2º. suplente	Macía	Díaz	Juan Carlos	76622934K
	2º. Vocal 1º. suplente	Rodríguez	López	M. Magdalena	34257710S
	2º. Vocal 2º. suplente	Méndez	Vila	Marcos	34258227A
	Presidente/a	López	Balboa	Manuel	34257697W
	1º. Vocal	Chousa	García	Jesús Fernando	34269197W
	2º. Vocal	Vila	Casas	Carlos	34257485C
1	Presidente/a 1º. suplente	Conde	Fernandez	Anastasia	33809649v
2	Presidente/a 2º. suplente	Parada	Perez	José Luis	34255985s
C	1º. Vocal 1º. suplente	Cereijido	Armesto	Isabel	34258779A
	1º. Vocal 2º. suplente	López	López	Luís	34255935B
	2º. Vocal 1º. suplente	Carril	Balboa	José Manuel	36060601M
	2º. Vocal 2º. suplente	Parada	Carballo	Marina	34237308Z
	Presidente/a	Parada	Valcarcel	José Luís	34249070T
	1º. Vocal	López	Fernández	María Dolores	34258814S
	2º. Vocal	González	Núñez	Lorena	34271824F
1	Presidente/a 1º. suplente	Vila	Docasar	Antonio	34251310D
2	Presidente/a 2º. suplente	Rodríguez	Vázquez	Anabel	34262741D
D	1º. Vocal 1º. suplente	Besteiro	Núñez	Casto	34260020W
	1º. Vocal 2º. suplente	Sánchez	Camino	Luísa	34253571Q
	2º. Vocal 1º. suplente	Gomez	Álvarez	Milagros	34264028P
	2º. Vocal 2º. suplente	Besteiro	Ferreiros	Manuel	76616222W

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as nove horas e vinte minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e cinco de maio de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día trece de xullo de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA TRECE DE XULLO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día trece de xullo de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día once de maio de dous mil nove tras corrixir o erro producido no punto 1.09º da orde do día, que onde di “xuíz de paz substituíto” debe dicir “xuíz de paz titular”.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día vinte e cinco de maio de dous mil nove.

1.02º.- ORDENANZAS FISCAIS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da concelleira de Medio Ambiente ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Na ordenanza fiscal reguladora da taxa por recollida e tratamento do lixo se observan inconcrecións que é conveniente adaptar tanto á normativa vixente como ás actuais circunstancias da prestación do servizo. Por tal motivo, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-las seguintes modificacións na ordenanza fiscal número 8 reguladora da taxa por recollida e tratamento do lixo.

1.01.- No artigo 1º, onde di, “da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais”, debe dicir, “do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo”.

1.02.- No mesmo artigo, onde di, “artigo 58 da citada Lei 39/1988”, debe dicir, “artigo 57 do citado texto refundido”.

1.03.- No artigo 2º, o punto 1 se substitúe polo seguinte:

“1.- (Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbanos a tódolos inmobles, calquera que sexa o seu estado, calidade, uso ou destino, que se encontren situados na zona de cobertura da mesma, con independencia de se depositan ou non residuos para a súa recollida, e con independencia de que estean ou non ocupados ou utilizados.

Non estarán suxeitos os propietarios de vivendas ou locais en estado ruinoso, previa tramitación do correspondente expediente ou acreditación mediante informe emitido polo técnico legalmente facultado.

Non estarán suxeitos á taxa os inmobles que teñan a condición de solar ou terreo.

Nos lugares, aldeas ou barrios con rúas interiores que non permitan a circulación rodada, e polo tanto, non poida pasar o vehículo de recollida de residuos, os veciños ou propietarios de fincas, trasladarán cos seus propios medios os residuos sólidos ó contedor mais próximo, de acordo co estipulado na presente ordenanza)”.

1.04.- No punto 2 do mesmo artigo, onde di, “ou a recollida da cal ou” se substitúe por, “ou nos que a súa recollida ou”.

1.05.- No artigo 3º, onde di, “o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria”, se substitúe por, o artigo 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria”.

1.06.- No punto 1 do artigo 4º, onde di, “artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria”, se substitúe por artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria”.

1.07.- No punto 2 do mesmo artigo, onde di, “artigo 40 da Lei Xeral Tributaria”, se substitúe por, “artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria”.

1.08.- No artigo 7º punto 2, onde di: “trimestre natural”, se substitúe por, “semestre natural”.

1.09.- No artigo 8º, punto primeiro, onde di, “primeiro trimestre”, se substitúe por, “primeiro semestre natural que corresponda”.

1.10.- No artigo 9º, onde di, “disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria”, se substitúe por, “disposto nos artigos 179, 180, 181, 182, 183, 184, 185, 186 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria”.

1.11.- a disposición final se substitúe pola seguinte:

A presente ordenanza, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día seguinte ata a súa modificación ou derogación expresa.

2.- Facer público o presente acordo co correspondente expediente e a ordenanza fiscal a efectos de exame e reclamacións por prazo de trinta días hábiles, considerándoa definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O Concello presta o servizo de axuda a domicilio. Este servizo que debe ser gratuíto para as persoas de menor nivel de renda, para poder amplialo a un maior número de usuarios, debe establecerse unha taxa a pagar polos usuarios que podan facer uso del e teñan ingresos máis elevados. Por outra banda a vixente ordenanza fiscal non concorda coa actual normativa polo que compre a súa substitución por unha nova. Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-la imposición da taxa polo servizo de axuda a domicilio.*

2.- *Aproba-la correspondente ordenanza fiscal co seguinte texto:*

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o establecido na Lei 25/1998 do 13 de xullo, este Concello establece a “taxa polo servizo de axuda a domicilio”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible:

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación polo Concello ós interesados do servizo de axuda a domicilio tal como se establece na ordenanza reguladora do mesmo.

Artigo 3.- Suxeito pasivo:

Están obrigados o pago da taxa regulada pola presente ordenanza os beneficiarios da prestación do servizo que o solicitasen e nas condicións que se establecen na mesma.

Artigo 4.- Responsables:

Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5.- Cota:

1.- A cota será unha porcentaxe sobre o custo real do servizo prestado, en función da capacidade económica do usuario.

2.- Para os efectos deste artigo considerase persoa usuaria aquela para a cal se solicite o SAF. No suposto de intervencións con familias, entenderase como persoa usuaria a un dos membros adultos da unidade de convivencia responsable dos menores que formen parte dela.

3.- No caso de que a capacidade económica do usuario/a sexa igual ou inferior o indicador público de rendas de efectos múltiples (IPREM) quedara exento/a da obriga de participar no custo do servizo.

4.- Para o resto dos supostos regularase de acordo coa seguinte táboa:

<i>Ingresos IPREM</i>	<i>Taxa de achega do usuario</i>
<i>Ata 100%</i>	<i>Servizo gratuíto</i>
<i>Entre o 100% e o 150%</i>	<i>5%</i>
<i>Entre o 150% e o 200%</i>	<i>10%</i>
<i>Entre o 200% e o 250%</i>	<i>15%</i>
<i>Entre o 250% e o 300%</i>	<i>20%</i>
<i>Entre o 300% e o 350%</i>	<i>30%</i>
<i>Entre o 350% e o 400%</i>	<i>40%</i>

Entre o 400% e o 450%	45%
Entre o 450% e o 500%	60%
Máis do 500%	90%

5.- O prezo da hora para o ano 2009 fíxase en 12,00 €. A dito prezo se lle aplicará cada día un de xaneiro o incremento experimentado polo I.P.C. anual do ano anterior ou indicador que no seu caso o substitúa.

6.- Sen prexuízo do establecido nos puntos anteriores, poderán establecerse excepcións os criterios xerais nos supostos en que a problemática principal atendida sexa a desestruturación familiar e se procure a integración e protección social de menores en risco de exclusión, mediante resolución motivada do órgano competente para acordar a concesión do servizo, da que en todo caso deba deixarse constancia no correspondente expediente.

Artigo 6.- Determinación da capacidade económica dos usuarios:

1.- A capacidade económica das persoas usuarias calcularase en atención a súa renda. Teranse en conta así mesmo as persoas convivintes dependentes economicamente do solicitante.

2.- A renda valorarase atendendo aos ingresos que se perciba, comprendendo os rendementos de traballo así como as pensións e prestacións de previsións sociais, calquera que sexa o seu réxime.

3.- No suposto de que a persoa usuaria tivese cónxuxe ou parella de feito, computarán as rendas de ámbolos dous, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.

4.- A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, entre a suma dos seguintes convivintes: o preceptor ou preceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade que dependesen economicamente dos seguintes preceptores.

5.- Para o computo da renda teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñibles ou pensión coñecida.

6.- O concello establecerá os mecanismos de revisión anual para a actualización da información da capacidade económica,

Artigo 7.- Obriga de pago.

A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza nace dende que se inicia a prestación do servizo de axuda a domicilio ó interesado, e permanece mentres continúe a prestación do servizo.

Mensualmente practícaranse liquidacións a cargo do beneficiario que lle serán notificadas para o seu ingreso nas arcas municipais no prazo de quince días dende a recepción da notificación.

Disposición derogatoria:

A partir de ser de aplicación a presente ordenanza, queda derogada a aprobada polo pleno do concello o día vinte e nove de outubro de mil novecientos noventa e oito e cantos outros acordos se opoñan ao disposto na mesma.

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra

no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día un do mes seguinte a esa data ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Expor ó público o acordo e os correspondentes expedientes por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha nese prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da concelleira de Medio Ambiente ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Unha das obrigas do Concello e o rexistro e control dos animais domésticos potencialmente perigosos. Para o funcionamento deste servizo compre establecer a correspondente taxa que permita cubrir os custos do mesmo. Consonte co anterior propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-la imposición da taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións de animais potencialmente perigosos.

2.- Aproba-la correspondente ordenanza fiscal co seguinte texto:

Taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións de animais potencialmente perigosos.

Artigo 1.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 en relación co 20 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo e o establecido na Lei 25/1998 do 13 de xullo, este Concello establece a “por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistrais e as súas modificacións e cancelacións de animais potencialmente perigosos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

Artigo 2.- Feito imponible

O feito imponible da taxa é a actividade municipal conducente á verificación do cumprimento das condicións reguladas nesta Ordenanza para a concesión da licenza indicada, a actividade de control que se efectuará nas renovacións que da mesma deban verificarse, a tramitación, control e custodia que dela se establece e aqueles outros servizos que se recollen nas Tarifas desta Ordenanza.

Artigo 3.-Suxeito Pasivo

Son suxeitos pasivos da Taxa os propietarios de animais que soliciten a inscrición no rexistro municipal, e os propietarios que soliciten a expedición da licenza ou que renoven a mesma.

Artigo 4.-Responsables

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1º e 39º da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedade e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40º da Lei Xeral tributaria

Artigo 5.-Devengo

1.- O devengo das taxas producirase coa solicitude de calquera dos actos ós que se refire o feito imponible

2.- A non concesión da licenza, cando no sexa debido a incumprimentos formais do suxeito pasivo, dará lugar á devolución das cantidades autoliquidadas

Artigo 6.-Cotas

A cota correspondente á taxa pola concesión de licenza de tenencia de animais potencialmente perigosos, establécese segundo sigue:

Artigo 7.-Ingreso da Taxa

O ingreso da Taxa efectuarase en réxime de autoliquidación e con carácter previo ó acto que o motiva.

Artigo 8.- Lexislación supletoria

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos no citado Texto Refundido, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditas para o seu desenvolvemento.

Disposición final:

A presente ordenanza fiscal, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día seguinte a esa data ata a súa modificación ou derogación expresa.

3.- Expor ó público o acordo e os correspondentes expedientes por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha nese prazo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- ORDENANZAS NON FISCAIS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Unha vez implantado o Servizo Municipal de Axuda no Fogar no Concello de A Pobra do Brollón no ano 1997, e debido as variacións producidas no eido legislativo en materia de Servizos Sociais, semella conveniente establecer un novo marco regulamentario para a prestación deste Servizo Municipal, ao abeiro do disposto no artigo 4.1, a) da Lei 7/1985, do 2 de abril das Bases de Réxime Local e a competencia municipal recollida no artigo 25.2, k) , estímase a Ordenanza como o instrumento normativo axeitado para a súa regulación.

Pola súa banda, a Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais, estableceu o sistema galego de servizos sociais como servizo público, correspondéndolle aos concellos a creación e xestión dos servizos sociais de base, entre os que se atopa o servizo de axuda no fogar. De acordo co anterior, promulgouse o Decreto 240/1995, do 28 de xullo, polo que se regulan os servizos sociais de atención primaria, así como a Orde do 22 de xullo de 1996, que regulaba o servizo de axuda no fogar e que foi derogada pola recente Orde do 22 de xaneiro de 2009.

Amais do anteriormente exposto, cómpre, unha vez foi aprobada a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como a normativa estatal e galega que a desenvolve, establecer un novo marco regulador de carácter básico dos contidos e formas de prestación do servizo de axuda no fogar así como regular os aspectos procedementais e organizativos de dito servizo, de xeito que, se establezan unhas pautas xerais que garantan un nivel equitativo de atención a todas as persoas que presenten unha limitación da súa autonomía persoal.

Por último, a recente publicación da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e ao abeiro do disposto na Lei 13/2008, do 3 de decembro , de servizos sociais de Galicia que no artigo 1.2, recoñece “o dereito das persoas aos servizos sociais que lles correspondan”, fai preciso establecer un marco normativo municipal no que se reflectan os contidos do servizo de axuda no fogar, con especial incidencia no que atinxe á concreción das formas de prestación do servizo, dereitos e deberes dos usuarios, a regulación das condicións económicas, as modalidades de acceso, a intensidade na prestación de dito servizo e a cualificación do persoal de axuda a domicilio, entre outras.

Concepto	Taxa
Concesión da Licenza	30,00€
Renovación	15,00€
Inscripción no Rexistro	6,00€

Consonte co anterior propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-la ordenanza reguladora da Prestación dos Servizos Sociais do Concello da Pobra do Brollón co testo que figura a seguir.*

2.- *Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoa definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito **prazo**.*

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1º.- Obxecto.

O presente regulamento ten por obxecto a regulación do desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar no Concello de A Pobra do Brollón.

Artigo 2º.- Ámbito de aplicación.

1. *O establecido nesta Ordenanza é de aplicación ao programa de axuda no fogar que se desenvolva na demarcación municipal de A Pobra do Brollón.*
2. *Atópase inscrito dentro do ámbito de aplicación da Lei 4/1993, do 14 de abril, de servizos sociais; a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; do Decreto 240/1995, do 28 de xullo de 1996, polo que se regula o Servizo de Axuda no Fogar; a Orde de 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar; a Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia; a Orde do 17 de decembro de 2007 pola que se fixa a intensidade de protección na Comunidade Autónoma de Galicia e demais lexislación aplicable.*

Artigo 3º.- Definición e obxectivos do servizo.

1. *O servizo de axuda no fogar ten como finalidade a prestación dun conxunto de atencións, dende unha perspectiva integral e normalizadora, ás persoas no seu domicilio, naquelas situacións que supoñan unha mingua na súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar.*
2. *Son obxectivos do servizo de axuda no fogar:*
 - a) *Previr situacións de dependencia ou exclusión social.*
 - b) *Mellorar a calidade de vida das persoas beneficiarias do servizo.*
 - c) *Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.*
 - d) *Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.*
 - e) *Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.*
 - f) *Implicar e responsabilizar ós/ás usuarios/as do servizo e á súa familia na resolución da problemática que lles afecta, así como axudar á familia a asumi-las súas responsabilidades respecto da atención dos seus membros e fomentar actitudes que favorezan a reestruturación familiar.*
 - g) *Apoia-las familias e menores naqueles casos onde a atención sexa deficitaria ou problemática.*
 - h) *Retardar ou evitar a institucionalización.*
 - i) *Darlles un carácter preventivo e educativo, dende unha perspectiva de atención integral e polivalente, ás intervencións que se leven a cabo no marco da axuda no fogar.*
 - j) *Integrar ás persoas ou á familia na vida comunitaria, estimulando e motivando o desenvolvemento pleno dos seus intereses e capacidades, evitando o desarraigo, illamento e marxinación.*
 - k) *Uni-los vínculos do/a usuario/a coa familia e o seu medio, facéndoos partícipes como veciños/as na vida do seu concello.*
 - l) *Reforzar a solidariedade e potenciar o voluntariado social.*

Artigo 4º.- Persoas beneficiarias do servizo.

- 1. Serán destinatarios/as do servizo de axuda no fogar todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular, o servizo atenderá a persoas maiores con mingua na súa autonomía e a persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como a fogares con menores nos que se observe a necesidade dunha intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social. En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar, avaliada tecnicamente, que xustifique a intervención do servizo.*
- 2. En todo caso, terán prioridade de acceso ao servizo as persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.*

Artigo 5º.- Contido e funcións do servizo.

- 1. O contido do servizo, de acordo coa valoración técnica realizada polos servizos sociais municipais, comprenderá as seguintes funcións a desenvolver no domicilio do/a usuario/a ou en relación a el:*
 - a) Atencións de carácter persoal na execución das actividades básicas da vida diaria, tales como:*
 - Asistencia para levantarse e deitarse.*
 - Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.*
 - Control do réxime alimentario e axuda, de ser o caso, para alimentarse.*
 - Supervisión, de proceder, na administración de medicación prescrita por facultativos.*
 - Apoio para cambios posturais, mobilizacións e orientación espazo-temporal.*
 - Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.*
 - b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria, tales como:*
 - Acompañamento fóra do fogar para acudir a consultas ou tratamentos.*
 - Apoio na realización de xestións necesarias ou de carácter urxente.*
 - c) Atencións das necesidades de carácter doméstico e da vivenda, tales como:*
 - Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.*
 - Compra de alimentos e outros produtos de uso común.*
 - Preparación de alimentos.*
 - Lavado e coidado das prendas de vestir.*
 - Coidados básicos da vivenda, sempre e cando non impliquen a participación de especialistas.*
 - d) Atencións de carácter psicosocial e educativo: referentes a intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.*
 - e) Con carácter complementario, poderanse incorporar os seguintes servizos: servizo de podoloxía e servizo de fisioterapia.*
- 2. Tarefas excluídas.*

En ningún caso poderán formar parte das actuacións desenvolvidas polo servizo as que a continuación se citan:

- A realización de tarefas domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo do servizo, de acordo co artigo 12º da Orde do 22 de xaneiro de 2009, pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar.*

- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban ser executadas por persoal facultativo, tales como toma de tensión, colocar e quitar sondas, poñer inxeccións, tratamentos de úlceras e escaras, subministro de medicamentos que impliquen coñecementos específicos e outros similares.
- Traballos agrícolas ou gandeiros.
- Atención a outros membros da unidade de convivencia ou núcleo familiar non contemplados na concesión do servizo.
- Quedan explicitamente excluídas as tarefas de tipo puntual e extraordinario (como limpeza de altos, limpeza xeral, limpeza de zonas comunitarias, etc.)

Artigo 6º.- Requisitos.

Para acceder ao servizo de axuda no fogar será preciso cumprir os seguintes requisitos:

- a) *Estar empadroado e ter residencia efectiva no Concello de A Pobra do Brollón.*
- b) *Non percibir axuda doutra institución ou entidade para a mesma finalidade.*
- c) *Non presentar un estado de deterioro físico ou psíquico tal que precise doutro tipo de atención especializada ou internamento nun centro ou institución axeitado.*

Capítulo II. Do procedemento para a prestación do servizo

Artigo 7º.- Solicitudes e documentación a achegar.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF) será prestado polo Concello de A Pobra do Brollón, ben de oficio ou a instancia de parte.

1. *De oficio: o Concello de A Pobra do Brollón iniciará de oficio o expediente de prestación do servizo nos casos de necesidade urxente, e sempre previa valoración positiva dos servizos sociais da administración, e en función da dispoñibilidade deste, sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente. Este procedemento de oficio terá validez so mentres se manteña a situación desencadéante. A desaparición desta levará consigo a extinción do SAF e, se é o caso, pasará á lista de espera.*
2. *A instancia de parte: as solicitudes serán presentadas a instancia do particular ou, de ser o caso, polo seu representante legal ou titor, no Rexistro Xeral do Concello de A Pobra do Brollón, segundo modelo contemplado nesta ordenanza, e irán dirixidas aos Servizos Sociais Municipais de dito concello. (Anexo I) . O prazo de presentación de solicitudes permanecerá aberto todo o ano.*
3. *As solicitudes deberán vir acompañadas da documentación seguinte:*
 - *Copia do DNI do/a solicitante e do/a cónxuxe ou parella de feito, se procede, e, de ser o caso, o da persoa que o/a representa.*
 - *Certificado de convivencia.*
 - *Copia da tarxeta sanitaria.*
 - *Informe médico (segundo modelo) do/a beneficiario/a e familiares que precisen xustifica-las súas limitacións.*
 - *De ser o caso, certificado de minusvalía.*
 - *Xustificantes de ingresos da unidade de convivencia (certificados de pensión, nóminas, certificados de empresa, certificados do INEM ou servizo de colocación das prestacións que poidan percibir, etc...)*
 - *Fotocopia da declaración da renda ou certificado negativo da Axencia Tributaria así como declaración responsable de ingresos (segundo modelo)*

- Calquera outra documentación que os Servizos Sociais do Concello de A Pobra do Brollón estimen oportuno solicitar para a valoración do dereito, en cada caso concreto.
4. Cada solicitude terá que ser estudada e valorada polo traballador/a social dos Servizos Sociais de atención primaria, que emitirá o correspondente “informe social” (segundo modelo) con proposta de resolución ó órgano municipal competente.
 5. O tratamento da información contida nos expedientes realizarase de acordo coa normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.
 6. Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran todos os requisitos, os/as interesados/as serán requiridos/as para que no prazo de 10 días emenden tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixeren, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos excepcionais que requiran dunha intervención urxente, valorados no informe polo Traballador/a Social, poderá tramitarse e resolverse a solicitude co compromiso expreso de aportar a documentación no prazo máis breve posible.

Artigo 8º.- Tramitación.

1. Unha vez o/a traballador/a social reciba a demanda ou detecte a necesidade de atención por parte do/a usuario/a, procederase ao outorgamento ou denegación do SAF unha vez se formalicen os seguintes aspectos:
 - a) Presentación da solicitude acompañada da documentación que proceda.
 - b) Elaboración do informe social no que se contemplen os seguintes aspectos:
 - Puntuación total baremada (segundo baremo desta ordenanza)
 - Proposta razoada de concesión ou denegación.
 - No suposto de que a proposta sexa de outorgamento do servizo, faranse constar as tarefas a realizar, o horario aproximado do servizo, a duración, a achega económica do/a beneficiario/a e a data de alta.
 - c) Resolución polo órgano competente.
 - d) Comunicación ó/á interesado/a da resolución adoptada, especificando, se é o caso, a intervención que proceda.
 - e) Formalización, por escrito, entre as partes (cando a resolución é favorable ó outorgamento do servizo) das condicións da prestación deste.
2. No caso de que non se poidan atender tódalas demandas, confeccionarase unha lista de espera por orde de puntuación, segundo a aplicación do baremo de puntuación total. Ante unha mesma puntuación, terá prioridade o expediente con renda máis baixa.
3. No suposto de tratarse de intervencións de carácter socioeducativo derivadas dun diagnóstico de desestruturación familiar, será esixible que na intervención levada a cabo no fogar participe persoal técnico en posesión, como mínimo, dalgunha das seguintes cualificacións: técnico superior en Integración Social, diplomado en Educación Social ou diplomado en Traballo Social.

Artigo 9º.- Funcionamento do servizo.

1. A prestación do SAF supervisarase polo/a Traballador/a Social do Concello de A Pobra do Brollón coa periodicidade que se estime conveniente, levando a cabo un seguimento individual de cada caso, reservándose a consideración de manter o servizo, aumentar a intensidade do mesmo ou suprimilo.
2. Cada expediente revisarase todos os anos no mes de xaneiro, a fin de actualizar a documentación e completar información sobre aspectos económicos, familiares, etc. que poidan alterar as circunstancias na prestación ou concesión do servizo, no referente a orde de prelación na lista de espera. A tal efecto, solicitarase a documentación que se estime pertinente. Se esta documentación non fose presentada po-

lo/a interesado/a no prazo establecido, entenderase extinguido o seu interese na continuidade da solicitude do servizo de axuda no fogar ou, de ser beneficiario/a de dito servizo, o seu desinterese na continuidade da prestación do mesmo.

3. Se un/unha solicitante superase un ano na lista de espera, antes de proceder á súa alta como usuario/a do servizo, realizarase unha nova avaliación da súa situación persoal.

Capítulo III. Da intensidade do servizo

Artigo 10º.- Da intensidade na prestación do servizo.

A intensidade do servizo determinarase en horas mensuais de atención do seguinte xeito:

1. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia virá predeterminada no seu Programa Individual de Atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme co plan de coidados, de xeito que se garanta a cobertura das necesidades de atención para a realización das ABVD (actividades básicas da vida diaria) , ademais dos días laborais tamén se incluírá a prestación do SAF en fins de semana e festivos.

2. Nos restantes casos a intensidade do SAF será a determinada na prescrición elaborada polos servizos sociais de atención primaria deste concello, podendo ser modificado en función das variacións que se produzan nas circunstancias persoais ou familiares e na dispoñibilidade de medios do servizo, prestándose este só en días laborais e en horario de 09:00 a 15:00 horas, cun máximo de 20 horas mensuais.

3. Cando por calquera circunstancia fose mester efectuar un cambio no horario da prestación do SAF ou unha substitución temporal do/a auxiliar de axuda no fogar, poderase efectuar sen mediación do/a beneficiario/a, comunicándollo previamente ó/á interesado/a co maior tempo de antelación posible, seguindo en vigor o contrato asinado.

4. Todo o anteriormente exposto non será de aplicación ás horas non bonificadas que contrate o/a usuario/a directamente cunha empresa privada autorizada a prestar o servizo.

Capítulo IV. Da lista de espera

Artigo 11º.- Da elaboración da lista de espera.

Para aquelas persoas que soliciten o SAF polo sistema de libre concorrência, esta solicitude, a efectos de concesión do servizo, aterase ao seguinte:

1. No suposto de que o servizo non conte con persoal suficiente para atender todas as demandas susceptibles de recibilo, elaborárase unha lista de espera na que cada solicitude ocupará un lugar determinado pola puntuación acadada na valoración efectuada segundo o baremo do regulamento.

2. No caso de solicitudes con igual puntuación, terá prioridade a de renda máis baixa.

Capítulo V. Dos dereitos e deberes dos usuarios

Artigo 12º.- Dereitos das persoas usuarias do servizo.

As persoas usuarias do servizo terán dereito a:

1. A ser tratadas co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibir unha atención adaptada as súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñecer a organización e o regulamento do servizo.
4. A coñecer a situación do seu expediente.
5. A información permanente sobre o estado de tramitación da súa solicitude de inicio ou modificación do servizo.

6. Ao tratamento confidencial dos seus datos.
7. A recibir información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
8. A presentar queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 13º.- Deberes das persoas usuarias do servizo.

As persoas usuarias do servizo terán os seguintes deberes:

1. Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas ao persoal a cargo e poñendo a súa disposición, se for o caso, os medios materiais precisos.
2. Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
3. A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
4. Respetar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
5. Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
6. Participar no pagamento do servizo nos termos que se estableza na súa norma reguladora.
7. A comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con dez días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.
8. A permanecer no domicilio no momento da prestación do servizo.

Capítulo VI. Das causas de extinción ou suspensión do servizo

Artigo 14º.- Causas de extinción e/ou modificación do servizo.

1. Son causas de extinción do servizo de axuda no fogar, as seguintes:
 - a) A renuncia voluntaria da persoa usuaria.
 - b) Ingreso definitivo nun centro residencial.
 - c) A modificación do programa individual de atención ou do proxecto de intervención que implique un cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co servizo de axuda no fogar.
 - d) Traslado definitivo da súa residencia a outro concello.
 - e) Pasamento do usuario/a do servizo.
 - f) Asumi-la familia a atención do usuario/a por períodos superiores a tres meses.
 - g) Incumprimento reiterado dos deberes e obrigas establecidas para os usuarios/as.
 - h) A falta reiterada de pagamento do servizo.
 - i) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
 - h) Ocultación ou falsidade de datos.
 - i) Non aceptar a auxiliar de axuda no fogar asignada sen razón suficientemente motivada.
 - j) Por reorganización do servizo, en función das dispoñibilidades económicas do exercicio.
2. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual, mediante un novo informe social.

3. No suposto dun servizo público de axuda no fogar asignado a persoas en situación de dependencia na correspondente resolución de Programa Individual de Atención, a incoación, por parte da entidade titular do servizo, dun expediente de extinción e/ou modificación das condicións da prestación do mesmo, deberá notificarse en todo caso ao órgano competente para ditar resolución de Programa Individual de Atención.

Artigo 15º.- Causas de suspensión temporal do servizo.

1. Son causas de suspensión temporal do servizo, logo de tramitación do correspondente expediente e informe razoado do persoal técnico coordinador do mesmo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que se citan a continuación:
 - a) Ausencia temporal do domicilio: neste caso o servizo poderá suspenderse por un período máximo de tres meses, debendo acreditar a persoa usuaria as causas que motivan a súa ausencia.
 - b) Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causante da suspensión, a excepción das prazas vencelladas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.
 - c) Por ingreso en centro hospitalario.
 - d) Ausencia da vivenda de forma inxustificada por un período superior a un mes.
 - e) Por reorganización do servizo en función das dispoñibilidades económicas do exercicio.
2. No caso de baixa definitiva, non se poderá realizar unha nova solicitude antes dun mes dende a notificación da extinción.

Capítulo VII. Da prestación do servizo

Artigo 16º.- Formas de prestación do servizo.

O servizo público de axuda no fogar prestarao a entidade local, o Concello de A Pobra do Brollón, ben directamente, ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos, a través de entidades privadas debidamente acreditadas.

Ademais, os servizos poderán ser prestados mediante fórmulas de colaboración institucional entre as administracións competentes ou por entidades de dereito público.

Artigo 17º.- Modalidades de acceso.

A vía de acceso ao servizo efectuarase a través dos servizos sociais de atención primaria municipal do Concello de A Pobra do Brollón, de acordo coas seguintes modalidades:

1. O acceso ao servizo será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención.
2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia, ou non as asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación, previa prescrición técnica favorable dos Servizos Sociais de atención primaria municipal, resolverase en réxime de libre concorrência.
3. De igual xeito ó expresado no punto anterior, procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.
4. Nos supostos contemplados nos puntos 2 e 3 empregarase un baremo no que, ademais dos posibles déficits de autonomía, se valoren factores de carácter persoal e sociofamiliar, o apoio social, a situación da vivenda e outros que poidan dificultar obxectivamente a normalización social e a calidade de vida.

Capítulo VIII. Do persoal do servizo.

Artigo 18º.- Persoal e funcións.

Na prestación deste servizo intervirán:

- *O/A traballador/a social do Concello da Pobra do Brollón.*
- *Se o servizo está externalizado, persoal da empresa contratada para tal efecto, que leve a cabo a prestación.*
- *Auxiliares de axuda no fogar.*
- *Outros profesionais e/ou persoal voluntario.*

Encoméndanselle as seguintes funcións e/ou tarefas aos distintos grupos profesionais:

- a) *Traballador/a social do Concello da Pobra do Brollón: desenvolverá unha labor de carácter técnico (diagnóstico, seguimento e avaliación) en coordinación cos restantes profesionais do equipo ou en colaboración con outros servizos ou programas que pertencen a estes servizos sociais e/ou a outros de protección social. É o/a profesional encargado/a de recibir a demanda ou detectar a necesidade. Así mesmo, fará o estudo de valoración da situación, deseñará o proxecto de intervención máis axeitado e será o /a responsable do seguimento e avaliación de dito proxecto, avaliación que se realizará mediante visitas a domicilio de carácter bimensual.*
- b) *Se o servizo se atopa externalizado corresponderalle ao/ á traballador/a social da empresa as funcións seguintes:*
 - *Formulación da estratexia a seguir, asignar as/os auxiliares de axuda no fogar máis axeitadas/os a cada beneficiario/a.*
 - *Realización do seguimento individualizado dos casos con visitas domiciliarias, unha primeira visita nos 15 días posteriores á alta e as seguintes terán, cando menos, unha periodicidade mensual, o mesmo que as supervisións do traballo do/a auxiliar do SAF.*
 - *Presentación periódica dos informes de seguimento, nos cales constarán as incidencias máis significativas, poderán propoñer aos servizos sociais municipais as modificacións xustificativas do plan de traballo, horario de prestación do servizo de cada usuario/a e calquera outra modificación que se estime oportuna que serán aprobadas de resultar procedentes se é o caso polos servizos sociais municipais.*
 - *Comunicación de calquera circunstancia que supoña a modificación da situación social, familiar, económica, etc..., de cada usuario/a en relación aos efectos de posibles modificacións ou extinción do dereito ao servizo.*
 - *Mantemento de reunións periódicas co/a traballador/a social do Concello da Pobra do Brollón e tamén coas/os auxiliares do Servizo de Axuda no Fogar.*
 - *Reforzo da formación e reciclaxe continua dos/as auxiliares de axuda no fogar.*
- c) *Auxiliares de axuda no fogar: son os/as profesionais que se encargarán da execución do servizo. Executarán tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto periódico e directo cos/coas usuarios/as do servizo, a súa familia e o seu contorno. No suposto de atender a persoas afectadas por déficit de autonomía, estarán en posesión da cualificación profesional específica para o exercicio das súas funcións, conforme co establecido no Real decreto 295/2004, do 20 de febreiro, polo que se regula a cualificación profesional de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, ou ben a establecida no Real decreto 1379/2008, do 1 de agosto, polo que se establecen dous certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e á comunidade que se inclúen no Repertorio nacional de certificados de profesionalidade, sendo un deles o de atención sociosanitaria a persoas no domicilio, se prexuízo da posibilidade de acreditación da competencia profesional adquirida ben mediante experiencia laboral ou mediante*

aprendizaxes non formais, da maneira que regulamentariamente se estableza. As funcións concretas serán:

- 1.- Asistenciais: atencións de carácter persoal e doméstico.
- 2.- Orientacións en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.
- 3.- Educativas: potenciando o protagonismo do/da usuario/a, non o substituíndo naquelas tarefas e/ou funcións que poidan executar por si mesmos e facilitándolle as canles de comunicación co seu núcleo social de referencia.
- 4.- Colaborar co/coa traballador/a social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas serán as necesarias para levar a cabo as funcións anteriormente citadas, establecidas e supervisadas polo profesional ou equipo responsable do servizo.

Este persoal será formado previa e especificamente para o desenvolvemento das súas funcións e tarefas, establecendo un sistema de reunións periódicas de avaliación e formación nas cales se lles vaian dando respostas a problemas concretos que presente o desenvolvemento do seu traballo.

d) Outros profesionais: coordinados polo/a traballador/a social, como educador/a social, psicólogo/a...

Nas funcións que correspondan ao campo sanitario, tales como curas, inxeccións, etc... e todas aquelas referentes á saúde será menester unha estreita colaboración, coordinando o SAF cos servizos sanitarios do centro de saúde, hospital ou servizo sanitario correspondente.

e) Voluntarios/as: aquelas persoas que actúan de forma solidaria, sen remuneración, complementando, de xeito coordinado, as funcións e tarefas do persoal profesional anteriormente mencionado e sempre dentro do correspondente programa de intervención. As tarefas que poderán realizar os/as voluntarios/as serán as de acompañamento, fomento de relacións e comunicación, ocupación de tempo libre, tanto dentro como fóra do fogar e outras que contribúan ao fomento da autoestima.

Artigo 19º.- Deberes xerais do persoal do servizo.

Serán deberes do persoal do servizo os seguintes:

1. O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/coa usuario/a e coa súa familia interfira no traballo.

2. Respetar a intimidade do/da usuario/a e gardar a debida confidencialidade.

Artigo 20º.- Deberes do/a auxiliar de axuda no fogar.

- O trato será sempre de respecto, evitando que a confianza co/coa usuario/a e coa súa familia interfira no traballo.
- Respetar a intimidade do/da usuario/a e gardar a debida confidencialidade.
- O /a auxiliar non debe facer partícipes aos /ás usuarios/as e á familia deste dos seus propios problemas, separando todo o posible a súa vida privada do seu traballo.
- O/a auxiliar non debe facer traballos a outros membros familiares distintos dos/as beneficiarios/as, aínda que convivan na mesma casa. Se se trata de persoas maiores ou incapacitadas, estudarase o caso dende o departamento de Servizos Sociais do Concello.
- Non se poderá acudir ao lugar de traballo acompañados/as por persoas alleas ao servizo.
- Non se poderá recibir en custodia diñeiro, xoias nin obxectos de ningún tipo.

- *Non se permite recibir ningún tipo de bonificación ou contraprestación por parte do/a usuario/a de axuda no fogar, tales como agasallos, diñeiro, etc.*
- *Non se disporá das chaves de ningún domicilio, salvo autorización por escrito do/a usuario/a eximindo de toda responsabilidade ao concello e ao/á auxiliar que presta o servizo.*
- *No suposto de ausencia ao traballo deberá comunicalo coa maior antelación posible.*

Capítulo IX. Da taxa pola prestación do servizo.

Artigo 21º.- Os usuarios do servizo deberán, no seu caso, aboar as taxas que se determinan na correspondente ordenanza fiscal de acordo coa súa capacidade económica.

Disposición derogatoria:

A partir de ser de aplicación a presente ordenanza, queda derogada a aprobada polo pleno do concello o día vinte e nove de outubro de mil novecentos noventa e oito e cantos outros acordos se opoñan ao disposto na mesma.

Disposición final:

A presente ordenanza, segundo a redacción definitiva aprobada polo Pleno do Concello o día trece de xullo de dous mil nove, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e comezará a súa aplicación a partir do día seguinte ata a súa modificación ou derogación expresa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da concelleira de medio ambiente ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A Lei 50/1999, do 23 de Decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos, ditada ó amparo do artigo 149.1.29 da Constitución Española, que atribúe ó estado a competencia exclusiva en materia de seguridade pública, asigna no artigo 3 ós concellos a competencia para conceder a licenza administrativa que habilite para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

Ademais, no seu artigo 6, establece que en cada concello existirá un rexistro de animais potencialmente perigosos.

A lei 1/1993, do 13 de Abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro impón, no seu artigo 11, ós concellos a obriga da recollida de animais abandonados, e o Decreto 153/1998, do 2 de Abril, no seu artigo 27, a obriga a censar a nivel municipal a tódolos animais da especie canina, así como outros que regulamentariamente se determinen.

Ó amparo do artigo 3.2 da lei 50/1999, do 23 de Decembro, a Xunta de Galicia aproba o decreto 90/2002, do 28 de febreiro, polo que se regula a tenencia de animais potencialmente perigosos na Comunidade Autónoma de Galicia e se crean os Rexistros galegos de identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos e de adestradores caninos.

En consecuencia, de conformidade coas disposicións citadas, e ó amparo da lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases do Réxime Local, da lei 30/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la ordenanza reguladora da Prestación dos Servizos Sociais do Concello da Pobra do Brollón co texto que figura a seguir.

2.- Facela pública por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións, considerándoa definitivamente aprobada de non presentarse ningunha en dito prazo.

Ordenanza reguladora da tenencia de animais potencialmente perigosos do concello de a Pobra do Brollón

Capítulo I.- Disposicións xerais

Artigo1.- Obxecto.

1.- A presente Ordenanza ten por obxecto a regulación da concesión e renovación de licenzas administrativas para a tenencia de animais potencialmente perigosos.

2.- Asemade, crease a Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía Potencialmente Perigosos (REGIAC) , que conterá a información referente ós animais de compañía residentes no Concello, que se remita desde o REGIAC.

3.- Quedan excluídos da aplicación da presente Ordenanza os cans e animais pertencentes ás Forzas Armadas, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Corpos da Policía das Comunidades Autónomas, Policía Local e empresas de Seguridade con autorización oficial

Artigo 2.- Definición de Animal Potencialmente Perigoso

1.- Considéranse animais potencialmente perigosos, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, todos aqueles que pertencendo á fauna autóctona ou alóctona, independentemente da súa condición, natureza ou raza á que pertencen, e convivindo no contorno humano como animais domésticos ou de compañía, sexan susceptibles de ocasionar a morte, ou lesións ás persoas ou a outros animais, ou producir danos de certa entidade ás cousas.

2.- No caso concreto dos cans, entenderase por potencialmente perigosos aqueles nos que concurran calquera das condicións seguintes:

a) Cans que tiveran algún episodio de agresións a persoas ou ataques de certa entidade a animais ou ás cousas.

b) Cans que foran adestrados para a garda e defensa.

c) Cans que polas súas características raciais puidesen ser aptos para garda e defensa, e en concreto, os pertencentes ás razas seguintes: American Stafforshire, Terrier, Pit Bull Terrier, Bullmastif, Doberman, Dogo Arxentino, Dogo de Bordeos, Dogo do Tíbet, Fila Brasileiro, Mastín Napolitano, Presa Canario, Presa Mallorquín (Ca de Bou) , Rottweiler, Stafforshire Bull Terrier, Tosa Inu e Akita Inu.

d) Os cans que sexan cruces en primeira xeración destes, cruces destas razas entre se ou cruces destes con outras razas, obtendo unha tipoloxía similar a algunha das razas anteriormente descritas.

e) Cans que manifesten unha marcada agresividade natural ou inducida mediante adestramento, malos tratos ou calquera outro medio. A dita agresividade será apreciada pola autoridade competente da Consellería de Medio Ambiente, de oficio ou logo de notificación ou denuncia, e logo de informe dun adestrador ou veterinario designado para o efecto.

Capítulo II.- Da licenza municipal

Artigo 3.- Licenza Municipal

1.- A tenencia no municipio de animais clasificados como potencialmente perigosos requirirá a obtención, con carácter previo á adquisición do animal, da correspondente Licenza Municipal.

2.- Os propietarios ou tenedores de animais aos que se refire o presente capítulo terán a obriga de identificar os animais cun microchip dentro dos seus tres primeiros meses de vida, ou nun mes logo da súa adquisición, consonte co previsto nos artigos 9 e 10 do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro

3.- Están obrigados á obtención de Licenza Municipal para a tenencia de animais clasificados como potencialmente perigosos os propietarios ou tenedores dos mesmos incluídos no Padrón de Habitantes, así como os establecementos ou asociacións, con sede neste municipio, que alberguen animais potencialmente perigosos ós que se refire o Decreto 90/2002 de 28 de febreiro da Comunidade Autónoma Galega e se dediquen a súa explotación, cría, comercialización ou adestramento, incluídos os centros de adestramento, criadeiros, centro de recollida, residencia, centros recreativos e establecementos de venda colocados neste municipio.

4.- Os propietarios de animais potencialmente perigosos non aveciñados neste municipio deberán acreditar, cando se encontren residindo temporalmente no mesmo e mentres permaneza o animal no termo municipal, a tenencia da licenza no municipio de orixe.

Artigo 4.- Órgano competente para a concesión da Licenza

Tramitado o expediente conforme ó disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, concederase a licenza e o número correspondente da mesma, mediante resolución do órgano que teña atribuída a competencia.

Artigo 5.- Requisitos para obter a Licenza Municipal

1.- Para a obtención da Licenza Municipal con destino á tenencia de calquera animais clasificados como potencialmente perigosos será necesario o cumprimento dos seguintes requisitos:

a) Ser maior de idade

- Acreditarase mediante fotocopia do D.N.I. ou pasaporte

b) Non ter sido condenado por delitos de homicidio, lesións, torturas contra a liberdade ou contra a integridade moral, a liberdade sexual e a saúde pública, de asociación con banda armada ou de narcotráfico, así como non estar privado por resolución xudicial do dereito á tenencia de animais potencialmente perigosos.

-Acreditarase mediante certificado de antecedentes penais

c) Non ter sido sancionado por infraccións graves ou moi graves con algunha das sancións accesorias das previstas no apartado 3 do artigo 13 da Lei 50/1999 de 23 de decembro, sobre o réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos. Non obstante, non será impedimento para a obtención ou, no seu caso, renovación da licenza, ter sido sancionado coa suspensión temporal da mesma, sempre que, no momento da solicitude, a sanción de suspensión anteriormente imposta fora cumprida integramente.

- Acreditarase mediante declaración xurada

d) Dispoñer de certificado de aptitude psicolóxica e de capacidade física para a tenencia de animais potencialmente perigosos, expedido polo director dun centro médico-psicotécnico, conforme se recolle nos artigos 4º, 5º, e 6º do RD 287/2002, do 22 de marzo.

e) Acreditar a formalización dun seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros que poidan causar os seus animais na contía mínima de 125.000€

- Acreditarase mediante presentación de copia da póliza de seguro claramente detallada ou certificado da compañía aseguradora.

2.- A perda de calquera dos requisitos esixidos na presente Ordenanza dará lugar á revisión das licenzas municipais concedidas e a súa retirada previa tramitación de expediente contradictorio.

A revogación da licenza dará lugar á perda do dereito á tenencia do animal. O propietario procederá, no prazo máximo de 15 días, á entrega do animal a un novo propietario que posúa licenza en vigor. De non atoparse un novo propietario no prazo referido, farase entrega do animal no centro de recollida de animais vagabundos ou abandonados dependente do Concello, respectando en todo momento o disposto na Lei 1/1993, do 13 de abril, e nos artigos 53 ó 60 do Decreto 153/1998, de 2 de abril, que a desenvolve.

3.- Calquera variación dos datos que figuran na licenza deberá ser comunicada polo seu titular no prazo de 15 días, contados desde a data en que se produza, ó órgano competente do Concello ó que corresponda a súa expedición, para que se proceda a realizar a revisión correspondente.

Artigo 6.- Vixencia e Renovación das licenzas

1.- As licenzas terán unha vixencia de cinco anos, á finalización da que deberán ser obxecto de renovación, debendo acreditarse en cada exercicio, para o seu mantemento:

a) A subscrición do seguro de responsabilidade civil por danos a terceiros

b) A expedición do certificado de sanidade animal, expedido pola autoridade competente, que acredite con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigosos

2.- A condena por calquera dos delitos recollidos no apartado 1 b) do artigo anterior dará lugar á revisión da licenza polo Concello.

Artigo 7.- Acreditación

1.- A identificación da tenencia da Licenza Municipal de animais potencialmente perigosos acreditarase mediante entrega de certificación relativa á mesma.

2.- Por cada can que se posúa, expedirase unha tarxeta identificativa na que se fará constar os seguintes datos:

a) N° de Licenza Municipal

b) Código de identificación do can

c) Raza

d) Titular da licenza e D.N.I.

e) N° de rexistro Municipal

No dorso, faranse constar as persoas autorizadas polo titular da Licenza para uso temporal e transporte do animal.

Artigo 8.- Documentación

1.- Para a expedición da tarxeta identificativa de cada can requirirase a achega dos seguintes datos:

a) Datos persoais do propietario: nome, enderezo habitual, teléfono de contacto e D.N.I.

b) Nome ou razón social e domicilio do vendedor ou cedente

c) Características do animal que fagan posible a súa identificación; raza (en cruzamento de primeira xeración se especificarán as razas de procedencia) , sexo, ano de nacemento, especie, características externas, n° de microchip e zona de aplicación de este.

d) Domicilio habitual do animal

e) Especificación se está destinado a convivir con seres humanos ou se pola contra, ten destinos distintos como a garda, protección ou outra que se indique

f) Póliza de seguro de responsabilidade civil

g) Certificado de aptitude psicolóxica e física nos termos recollidos nos artigos 4 e 5 do RD 287/2002, de 22 de marzo

h) Certificado de penais

i) Certificado de sanidade animal expedido por autoridade competente, que acredite, con periodicidade anual, a situación sanitaria do animal e a inexistencia de enfermidades ou trastornos que o fagan especialmente perigoso

j) Xustificante de abono da taxa por expedición da Licenza Municipal

k) Certificado sanitario de esterilización se se efectuou a mesma

l) *Memoria descriptiva e medidas de seguridade utilizadas para impedir a fuxida dos animais conforme ó artigo 3.4 do Decreto 90/2002, no seu caso*

m) *Facturas e xustificante da adquisición ou procedencia legal do animal xustificada*

Os citados datos e, no seu caso, a documentación oportuna, deberá facilitala o adquirinte do animal no prazo de 15 días a contar dende a súa tenencia efectiva.

2.- O certificado de sanidade do animal deberá ser expedido polos Servizos Sanitarios da Comunidade Autónoma de Galicia ou por un veterinario colexiado

3.- Para a renovación da licenza municipal deberá aportarse a seguinte documentación:

a) *Solicitud de renovación*

b) *Copia compulsada da renovación do seguro de responsabilidade civil*

c) *Copia compulsada do certificado médico de sanidade do animal efectuado nunha data anterior a dous meses á da renovación da licenza*

d) *Xustificante de abono da taxa municipal no seu caso*

e) *Certificado de capacidade física*

f) *Certificado de aptitude psicolóxica*

Capítulo III.- Do rexistro municipal

Artigo 9.- Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

1.- Créase o Rexistro Municipal de animais Potencialmente Perigosos, no que se inscribirán os animais potencialmente perigosos que teñan a súa residencia habitual no Concello.

2.- O rexistro terá un tratamento informatizado, no que se fará constar, de conformidade co disposto no artigo 4.2 do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro, como os seguintes datos:

Datos do animal:

- Número de microchip

- Nome do animal

- Especie

- Raza (No caso de cans)

- Sexo

- Características externas (descrición da capa, tipo e cor da pel..)

- Data de nacemento

- Función do animal (compañía, garda, defensa, caza...)

- Causa de inclusión no Rexistro (sinalar supostos do artigo 2.2 do Decreto 90/2002)

- Enderezo habitual do animal

- Data de adquisición do animal

- Forma de adquisición do animal (cría, doazón, traspaso, venda, outras:especificar)

- Observacións

Datos do propietario:

- D.N.I.

- Apelidos

- Nome
- Enderezo habitual
- Teléfonos de contacto

3.- A identificación definitiva con microchip dos animais potencialmente perigosos é obrigatoria sen excepcións.

A identificación definitiva con microchip de todos os cans, independentemente da súa raza ou condición, é obrigatoria desde o 2 de xullo de 2003, tal e como se recolle na disposición transitoria segunda do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro.

4.- O Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos é un rexistro de carácter público, ó que terán acceso as Administracións Públicas e autoridades competentes, así como aquelas persoas físicas ou xurídicas que acrediten ter interese lexítimo no coñecemento dos datos obrantes no mesmo. En todo caso, o uso e tratamento dos datos contidos no Rexistro será conforme ó disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos persoais.

Artigo 10º.- Inscripción no Rexistro.

1.- Os titulares da licenza administrativa están obrigados a efectuar a inscrición do animal no Rexistro Municipal do Concello de residencia habitual do animal, no prazo de 15 días contados a partir da obtención da licenza, tal e como se recolle no artigo 6.2º da Lei 50/1999, de 23 de decembro, e no artigo 4.1º do Decreto 90/2002, de 28 de febreiro

2.- Non obstante, será igualmente obrigatoria á instancia do interesado, a inscrición no Rexistro Municipal, en sección aberta ó efecto, cando se efectúe o traslado dun animal potencialmente perigoso a este municipio, sexa con carácter permanente ou por período superior a tres meses, debendo proceder á inscrición no prazo máximo de dez días a contar dende o inicio da residencia no municipio.

3.- Estimarase que se efectuou un traslado de animal potencialmente perigoso, salvo acreditación expresa en contrario polo interesado, nos casos de cambio de residencia do titular do mesmo en cuxo caso será preciso a acreditación da obtención da licenza no municipio de orixe anterior, procedendo a renovación da licenza nos casos previstos na presente Ordenanza.

4.- Conforme se dispón no artigo 4.3º do Decreto 90/2002, do 28 de febreiro, os datos recollidos no Rexistro Municipal serán remitidos á Consellería de Medio ambiente, no prazo máximo de 15 días, contados desde o momento da inscrición dun animal potencialmente perigoso.

Artigo 11.- Acreditación da inscrición no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

A inscrición no rexistro acreditarase mediante entrega dunha copia de resolución do expediente administrativo iniciado a solicitude do interesado, e mediante entrega dunha tarxeta acreditativa, tamaño carné, expedida polo Concello, onde se fagan constar os seguintes datos:

- Nº do microchip e data de alta do animal no Rexistro Municipal
- Nome, especie, raza, sexo, capa e data de nacemento do animal
- Enderezo do animal
- Nome e apelidos do propietario
- Licenza do propietario (nº, data de expedición, concello)
- DNI do propietario

Artigo 12.- Baixa no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos.

1.- A baixa no rexistro municipal de animais potencialmente perigosos efectuarase a instancia do interesado, previa acreditación da venda, traspaso, cesión ou morte do animal (esta última certificada por veterinario ou autoridade competente)

2.- Igualmente procederase á baixa no Rexistro no caso de traslado da residencia do titular do animal a municipio distinto, salvo que o animal permaneza no concello, e así quede acreditado xa sexa a instancia do interesado ou de oficio polo concello.

3.- Farase figurar no Rexistro como de titularidade municipal aqueles animais depositados nas súas instalacións como consecuencia da recollida dos mesmos da vía pública ou por perda da licenza do seu anterior titular.

Artigo 13.- Comunicación do propietario do animal ó rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

1.- O propietario do animal deberá comunicar ó rexistro calquera variación dos datos que figuran nel, no prazo de 15 días desde que se produce a modificación

2.- Deberá comunicarse ó Rexistro Municipal a venda, traspaso ou doazón do animal.

3.- Calquera incidentes producidos por animais potencialmente perigosos ó longo da súa vida, coñecidos polas autoridades administrativas ou xudiciais, faranse constar na folla rexistral de cada animal, tal e como se recolle no artigo 6.4º da Lei 50/1999, de 23 de decembro. No caso de agresións recollerase, como mínimo, a seguinte información: data da denuncia, descrición dos feitos e consecuencias xurídicas.

4.- A subtracción ou perda do animal deberá ser comunicada polo titular do animal ó Rexistro Municipal, no prazo máximo de 48 horas desde que se teña coñecemento deste feitos, tal e como se recolle no artigo 8.6º do RD 287/2002, do 22 de marzo.

Capítulo IV.- Da sección local do REGIAC.

Artigo 14.- Sección Local do rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos (REGIAC)

1.- Ó amparo dos principios de lealdade institucional, cooperación e colaboración previstos no artigo 4º da Lei 30/1992, de 26 de novembro, crease a Sección Local do Rexistro Galego de Identificación de Animais de Compañía e Potencialmente Perigosos, que se nutrirá cos datos remitidos polo REGIAC, dependente da Consellería de Medio Ambiente.

2.- Cos datos contidos nesta Sección formarase, a data 31-12 de cada ano, o Censo ó que se refire o artigo 27º do Decreto 153/1998, de 2 de abril

Capítulo V.- Da circulación polas vías públicas.

Artigo 15.- Circulación e permanencia dun can potencialmente perigoso en vías públicas e locais

1.- Os propietarios, criadores ou tedores deberán manter os animais que estean baixo a súa custodia en axeitadas condicións hixiénico-sanitarias e cos coidados e atencións necesarios de acordo coas necesidades fisiolóxicas e características propias da especie ou raza do animal, en cumprimento da Lei 1/1993, do 13 de abril e do Decreto 153/1998, do 2 de abril, en concreto nos seus capítulos IV, VII e X.

2.- A presenza de animais potencialmente perigosos en lugares ou espazos públicos esixirá que a persoa que os conduza e controle leve consigo a licenza municipal e a certificación acreditativa da inscrición do animal no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos

3.- Os cans potencialmente perigosos, en lugares e espazos públicos, deberán levar obrigatoriamente buceiro apropiado para a tipoloxía racial de cada animal

4.- Os cans potencialmente perigosos deberán ser conducidos e controlados con cadea ou correa non extensible de menos de 2 metros, sen que poida levarse máis dun destes cans por persoa.

Capítulo VI.- Dos cans abandonados.

Artigo 16.- Cans potencialmente perigosos abandonados ou vagabundos

1.- A administración local é responsable da recollida e mantemento dos animais vagabundos ou abandonados, segundo se recolle no artigo 11.1º da Lei 1/1993, do 13 de abril, e no artigo 54º do Decreto 153/1998, de 2 de abril.

2.- Os animais recollidos serán trasladados e mantidos en centros de recollida de animais vagabundos ou abandonados autorizados e rexistrados. As instalacións destinadas a albergar cans potencialmente perigosos deberán reunir as medidas de seguridade necesarias para evitar as fuxidas sen producir danos ós animais.

3.- Os datos de estadía previstos serán os que se dan para todos os individuos da especie canina e que veñen reflectidos nos artigos 53, 57 e 58 do Decreto 153/1998, de 2 de abril.

4.- Estes animais poderán ser cedidos en adopción sempre e cando o novo propietario posúa a licenza administrativa correspondente, e o can supere as probas de socialización que demostren que o animal non é perigoso para a seguridade das persoas.

Capítulo VII.- Das taxas

Artigo 17. Taxa por expedición de licenza, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións

A expedición de licenza, renovación, inscricións rexistras e as súas modificacións e cancelacións serán obxecto das taxas que se regulan na correspondente ordenanza fiscal.

Capítulo VIII.- Infraccións e sancións

Artigo 18.- Infraccións

1.- En materia de infraccións e sancións rexerá o disposto na Lei 50/1999, do 23 de decembro, sobre réxime xurídico da tenencia de animais potencialmente perigosos e na Lei 1/1993, de 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeidade.

2.- As infraccións que se cometan contra o disposto nesta Ordenanza clasificaranse como moi graves, graves e leves.

3.- Terán a consideración de infraccións administrativas moi graves as previstas no artigo 13.1º da Lei 50/1999, do 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 22º da Lei 1/1993, de 13 de abril.

4.- Terán a consideración de infraccións administrativas graves ás previstas no artigo 13.2º da Lei 50/1999, de 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 21º da Lei 1/1993, de 13 de abril.

5.- Son infraccións administrativas leves as previstas no artigo 13.4º da Lei 50/1999, de 23 de decembro, así como as establecidas no artigo 20º da Lei 1/1993, de 13 de abril.

Artigo 19.- Sancións

1.- As infraccións tipificadas no artigo anterior serán sancionadas con multas con contías que serán as fixadas no artigo 13.5º da Lei 50/1999, de 23 de decembro, e no artigo 24º da Lei 1/1993, de 13 de abril.

2.- En todo caso, as infraccións graves e moi graves tipificadas no artigo anterior desta Ordenanza, poderán levar aparelladas como sancións accesorias a confiscación, decomiso, esterilización ou sacrificio dos animais potencialmente perigosos, a clausura do establecemento e a suspensión temporal ou definitiva da licenza de animais potencialmente perigosos ou do certificado de capacitación do adestrador.

Artigo 20.- Responsable

Considéranse responsables das infraccións os que por acción ou omisión participaran na comisión das mesmas, o propietario ou tenedor dos animais ou, no seu caso, o titular do establecemento, local ou medio de transporte no que se produzan os feitos, e neste último suposto, asemade, o encargado do transporte.

Artigo 21.- Procedemento sancionador

O procedemento sancionador aplicable rexerá polo establecido na Lei 50/1999, do 23 de decembro, a Lei 1/1993, de 13 de abril, así como a Lei 30/1992, de 26 de novembro e as normas que as desenvolven.

Artigo 22.- Exercicio da potestade Sancionadora

1.- Os órganos competentes para sancionar, de acordo cos artigos 24.2º da Lei 1/1993, de 13 de abril, serán:

- Por infraccións leves, o Alcalde

- Por infraccións graves, o Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente

- Por infraccións moi graves, o Conselleiro de Medio Ambiente

2.- A incoación e tramitación dos expedientes polas infraccións tipificadas como leves correspóndelle ó Concello. Non obstante, o Alcalde poñerá en coñecemento, de xeito que faga fe, do Director Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, toda acción ou omisión que poida ser tipificable como infracción grave ou moi grave.

3.- Cando as circunstancias de perigo así o aconsellen, o Alcalde poderá proceder á retirada ou custodia dun animal potencialmente perigoso, a cargo do propietario, como medida de carácter provisional durante a tramitación dun expediente sancionador.

Disposición final

A presente Ordenanza entrará en vigor coa súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e comezará a rexer a partir do día seguinte ata a súa modificación ou derogación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- ORZAMENTO XERAL PARA 2009.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Elaborado o proxecto de orzamento xeral para 2009 que presenta superávit inicial por importe de trinta e nove mil novecentos noventa e euros con catro céntimos (39.999,04€) e que cumpre tódalas prescricións legalmente establecidas, a atende suficientemente as necesidades dos servizos do concello, e vistos os preceptivos informes de Secretaría e Intervención, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo Orzamento Xeral do Concello da Pobra do Brollón para o exercicio de 2009 que ascende en gastos a un millón cincocentos corenta e catro mil douscentos setenta e nove euros con catro céntimos (1.544.279,94€) e en ingresos á cantidade de un millón cincocentos oitenta e catro mil douscentos setenta e oito euros con noventa e oito céntimos (1.584.278,98€), cun superávit inicial por importe de trinta e nove mil novecentos noventa e euros con catro céntimos (39.999,04€) do que o resume por capítulos se detalla a continuación:

	Gastos		Ingresos	
	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>	<i>Capítulo</i>	<i>Importe</i>
<i>I</i>	<i>Gastos de persoal</i>	<i>517.416,21</i>	<i>Impostos directos</i>	<i>225.000,00</i>
<i>II</i>	<i>Gastos en bens correntes e servizos</i>	<i>454.974,36</i>	<i>Impostos indirectos</i>	<i>15.000,00</i>
<i>III</i>	<i>Gastos financeiros</i>	<i>16.000,00</i>	<i>Taxas e outros ingresos</i>	<i>165.939,00</i>
<i>IV</i>	<i>Transferencias correntes</i>	<i>58.806,19</i>	<i>Transferencias correntes</i>	<i>701.951,36</i>
<i>V</i>	<i>--- --- ---</i>		<i>Ingresos patrimoniais</i>	<i>500,00</i>

	<i>Total gastos correntes</i>	<i>1.047.196,76</i>	<i>Total ingresos correntes</i>	<i>1.108.390,36</i>
VI	<i>Inversións reais</i>	<i>494.583,18</i>	<i>Alleamento de inversións reais</i>	<i>1,00</i>
VII	<i>Transferencias de capital</i>	<i>0,00</i>	<i>Transferencias de capital</i>	<i>430.351,38</i>
VIII	<i>Variación de activos financeiros</i>	<i>0,00</i>	<i>Variación de activos financeiros</i>	<i>3,00</i>
IX	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	<i>2.500,00</i>	<i>Variación de pasivos financeiros</i>	<i>45.533,24</i>
	<i>Total gastos de capital</i>	<i>497.083,18</i>	<i>Total ingresos de capital</i>	<i>475.888,62</i>
	<i>Total estado de gastos</i>	<i>1.544.279,94</i>	<i>Total estado de ingresos</i>	<i>1.584.278,98</i>

2.- Aprobar igualmente as Bases de Execución de dito Orzamento Municipal que figuran como anexo I deste acordo e o cadro de persoal que figura como anexo II do mesmo.

3.- Expoñelo ó público por prazo de quince días hábiles, a efectos de exame, reclamacións e suxestións, consonte ó artigo 150 da Lei 39/1.988 Reguladora das Facendas Locais.

4.- Que no suposto de no presentarse reclamacións no prazo indicado, se considerará definitivamente aprobado, debendo cumprirse o trámite da súa publicación, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Edictos deste Concello, xunto co cadro de persoal, segundo se dispón na lexislación vixente.

5.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento deste acordo.

ANEXO I. BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO XERAL PARA 2009.

Base 1ª.- Orzamentos que abarcan.

Constitúe o Orzamento Xeral referido o propio deste Concello, ascendendo o seu importe ás cantidades que se indican:

Base 2ª.- Limitación dos gastos.

Non poderán adquirirse compromisos de gasto por contía superior ó importe dos créditos autorizados nos Estados de Gastos, que deberán destinarse de xeito exclusivo ós fins que cada un ten asignados.

Establécese a vinculación a nivel de capítulos e grupos de función.

Base 3ª.- Modificación de créditos.

Estado	Importe
Gastos	1.544.279,94
Ingresos	1.584.278,98
Superávit	39.999,04

1. Tratándose do orzamento municipal, cando haxa que realizar algún gasto que non se poda adiar ata o exercicio seguinte, para o que non exista crédito no orzamento vixente ou sexan insuficientes ou non ampliables as dotacións previstas no mesmo, poderanse acordar, logo da incoación do preceptivo expediente, unha concesión de crédito extraordinario no primeiro dos casos e un suplemento de crédito no segundo dos supostos ou de ámbalas dúas cousas á vez, debéndose atende-lo seu financiamento, indistintamente, cos seguintes recursos:

- Con cargo ó Remanente líquido de Tesourería dispoñible no intre da tramitación do expediente se o houber.
- Con novos e maiores ingresos recadados sobre os previstos no orzamento corrente.
- Por medio de anulacións ou minoracións de crédito non comprometido doutras partidas, das que se estimen as súas dotacións que se poidan reducir sen alteración do respectivo servizo.

2.- Para a tramitación dos referidos expedientes cumprirán os seguintes requisitos:

- Segundo os casos:
 - Certificación da existencia e dispoñibilidade de Remanente Líquido de Tesourería.

- *Certificación dos maiores ingresos recadados e da normal recadación dos demais ingresos correntes.*
- *Informe dos responsables dos servizos correspondentes sobre a posibilidade de transferencias de créditos sen que supoñan prexuízo para o correspondente servizo.*

b) Informe de Intervención municipal.

c) Ditame da Comisión Informativa e Especial de Contas

d) Aprobación inicial polo Pleno do Concello e demais trámites que, para os orzamentos, sinala o artigo 150 da mencionada Lei 39/1.988.

3.- Nas transferencias de crédito serán de aplicación as limitacións referidas no artigo 161 da Lei 39/1.988. A súa aprobación correspóndelle ó Pleno da Corporación seguíndose o procedemento sinalado no punto anterior.

Base 4ª.- Créditos ampliáveis.

Non se prevén créditos ampliáveis neste exercicio.

Base 5ª.- Xeracións de crédito.

1. Poderase xerar crédito, no Estado de Gastos con ingresos de natureza non tributaria que se deriven das seguintes operacións:

- a) Achegas ou compromiso firme das mesmas, de persoas físicas ou xurídicas para financiar, co Concello, gastos que pola súa natureza estean comprendidos nos fins ou obxectivos dos mesmos.*
- b) Alleamentos de bens.*
- c) Prestacións de servizos.*
- d) Reembolsos de préstamos.*
- e) Importes procedentes do reintegro de pagamentos indebidos con cargo ó orzamento corrente en canto á reposición de crédito na correlativa partida orzamentaria.*

2.- Para que sexa procedente a xeración dos mencionados créditos requirirase nos casos a que se refiren os apartados a) e b), o recoñecemento do dereito ou a existencia formal do compromiso firme da achega; nos supostos dos apartados c) e d) amais do recoñecemento do dereito, a dispoñibilidade de ditos créditos condicionada á súa efectiva recadación; e no referente ó apartado e) , a xeración do crédito estará subordinada á materialización do cobro do reintegro.

3. Para tódolos casos referidos con anterioridade, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente debéndose axustar á seguinte tramitación:

- *Certificación do Interventor de terse ingresado ou a existencia do compromiso de ingreso do recurso en concreto. A certificación deberase efectuar tendo á vista o documento orixinal polo que se orixine o compromiso ou a obriga en firme do ingreso pola persoa física ou xurídica en particular.*
- *Informe no que se deixe constancia da existencia da correlación entre o ingreso e o crédito xerado.*
- *Os créditos xerados con base en dereitos recoñecidos en firme mais non recadados, non poderán ser executados ata que se produzan os ingresos.*
- *Determinación concreta dos conceptos do orzamento de ingresos onde se producise un ingreso ou compromiso de ingreso non previsto no orzamento inicial e que exceda da súa previsión inicial e a contía do ingreso e compromiso.*

- A fixación das partidas orzamentarias de gastos e crédito xerado como consecuencia dos ingresos afectados.

Base 6ª.- Incorporación de remanentes de crédito.

- 1.- Os remanentes de crédito poderán ser incorporados ós seus análogos dos Estados de Gastos do exercicio seguinte, sempre que non se utilizasen, procedan de créditos extraordinarios e suplementos ou transferencias que foran autorizadas no último trimestre do exercicio; os que amparen compromisos de gastos do exercicio anterior, debidamente adquiridos; os derivados de operacións de capital e os autorizados en función da efectiva recadación dos dereitos afectados.
2. Non se poderán incorporar aqueles remanentes declarados non dispoñibles, nin os xa incorporados no exercicio anterior, agás os que amparen proxectos financiados con ingresos afectados, que o serán obrigatoriamente sen limitación do número de exercicios, excepto que se desista de iniciar ou continua-la súa execución ou sexa imposible a súa realización.
- 3.- Para efectua-las incorporacións que se detallan no número 1 desta Base, será indispensable a instrución do preceptivo expediente, sendo o órgano competente para a súa resolución o Alcalde-Presidente, debéndose axustar á seguinte tramitación:
 - Cando o financiamento se produza mediante o remanente líquido de tesourería, o seu importe farase constar no concepto 870 do orzamento de ingresos.
 - Informe do interventor.
 - Aprobación polo Alcalde-Presidente por medio de resolución.

Base 7ª.- Operacións de crédito.

Non se prevén operacións de crédito neste exercicio.

Base 8ª.- Autorización, disposición e compromiso de gasto.

Dentro do importe dos créditos autorizados no orzamento municipal, a autorización, a disposición e o compromiso do gasto corresponderán ó Alcalde-Presidente, ó Pleno do Concello ou á Xunta de Goberno Local segundo se expresa a continuación:

a) Ó Alcalde-Presidente:

- Os gastos de carácter ordinario que se produzan de xeito regular e periódico durante o exercicio.
- Os gastos precisos para o normal funcionamento dos servizos, e os de reparación, abastecemento, conservación e mantemento dentro dos límites dos créditos das correspondentes partidas orzamentarias
- Os gastos de persoal.
- Os gastos que correspondan á liquidación das obrigas derivadas de compromisos legalmente contraídos.
- Os gastos que expresamente estean atribuídos polas Leis e os que estas asignen ó municipio sen determinar expresamente o órgano.

b) Ó Pleno do Concello:

- Os gastos precisos para a contratación de obras, servizos e abastecementos.
- Os gastos destinados á adquisición de bens e dereitos para o municipio.
- Os gastos que presupoñan o recoñecemento extraxudicial de créditos, nos termos que sinala o artigo 23, apartado e) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril.

- Os demais gastos que expresamente lle sexan conferidos polas Leis.

c) Á Xunta de Goberno Local:

- Os gastos dimanados das delegacións que de xeito expreso lle outorgue a Alcaldía.

Base 9ª.- Recoñecemento e liquidación da obriga, e ordenación do pagamento.

Corresponde ó Alcalde o recoñecemento e liquidación das obrigas que se deriven dos compromisos de gasto legalmente adquiridos, podendo efectua-las delegacións que crea necesarias noutro membro da Corporación ou na Comisión de Goberno.

A ordenación de pagos correspóndelle ó Alcalde. Os pagamentos serán os que correspondan ás obrigas previamente recoñecidas, tendo prioridade os relativos a persoal e os referidos a obrigas de anteriores exercicios, e axeitándose ó plano de distribución de fondos que a tal efecto estableza a Presidencia.

Base 10ª.- Xustificación do gasto.

Para que se poidan expedir ordes de pagamento acreditarase fidelisimamente a realización da obra, servizo, subministro ou calquera outro acto que supoña dereito para o acredor. Os correspondentes documentos xustificantes deberán ser previamente aprobados polo órgano competente.

Base 11ª.- Xustificación do pagamento.

- 1.- Para a realización do pagamento cumprirá que o documento acreditativo do gasto (factura, certificación de obra, etc.) conteña tódolos requisitos legais, debendo recollerse previa identificación, tanto no devandito documento como na correspondente orde de pagamento, o “RECIBÍN” da persoa interesada ou da persoa representante debidamente autorizada, se o pagamento se fai directamente. Noutro caso, xustificarse mediante xiro postal acusando recibo, letra de cambio ou documento que legalmente a substitúa, ou transferencia bancaria.
- 2.- No relativo ás nóminas de persoal, terá que se xustificar mediante dilixencia do funcionario competente, a prestación dos respectivos servizos que se retribúen, así como a sinatura do “RECIBÍN” da persoa interesada agás que o pagamento se realice a través de transferencia bancaria.

Base 12ª.- Pagamentos a xustificar. Anticipos de caixa fixa.

- 1.- No caso de que no intre de expedirse ou executarse a orde de pagamento non se poidan presenta-los documentos acreditativos da prestación do servizo, os pagamentos terán o carácter de “a xustificar”, debéndose aplicar ós respectivos créditos do orzamento.
- 2.- Só se poderán efectua-los pagamentos a xustificar nas seguintes ocasións:
 - a) cando o importe a xustificar non exceda de mil douscentos euros (1.200,00 €).
 - b) cando non sexan destinados a operacións de capital.
 - c) cando o perceptor non teña pendente de xustificar ningunha cantidade polo mesmo concepto.
 - d) cando non se destinen a atender gastos de carácter periódico, tendo neste caso a consideración de “anticipos de caixa fixa”.
- 3.- Os perceptores de pagamentos a xustificar, quedarán obrigados a xustifica-la aplicación das cantidades recibidas por este concepto no prazo máximo de tres meses.
- 4.- As persoas que reciban anticipos de caixa fixa renderán contas polos gastos atendidos cos ditos anticipos a medida que as súas necesidades de tesourería aconsellen a reposición dos fondos utilizados, os cales deberán ser xustificados na forma que sinala o Pleno do Concello.

Base 13ª.- Subvencións.

Prevenise para o presente exercicio as subvencións seguintes:

- 1.- Festa da capitalidade e festas parroquiais.
- 2.- Achegas para actividades deportivas.
- 3.- Achegas para actividades culturais.
- 4.- Achegas para actividades sociais ou benéficas.
- 5.- Achegas para o funcionamento de entidades deportivas.
- 6.- Achegas para o funcionamento de entidades culturais.
- 7.- Achegas para o funcionamento de entidades de interese social ou benéfico.
- 7.- Convenio coa Cruz Vermella de Monforte.
- 8.- Achegas para o transporte universitario de estudantes.

No que atinxe ás festas, se establece unha achega fixa tres mil euros (3.000,00 €) para as festas da capitalidade e de cento cincuenta euros (150.00 €) para a festa principal de cada parroquia máis as de Pacios de Veiga A Veneira e a Estación. A solicitude de licenza da festa se considerará solicitude da subvención. A subvención se xustificará pola celebración da festa.

As achegas para actividades serán convocadas en concorrència competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.

Bases para a concesión en concorrència competitiva de achegas con destino a fomentar no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o fomento da actividade por parte das entidades e asociacións do Concello da Pobra do Brollón.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de euros (€) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida .

O importe de cada achega individualizada non superará ó % do orzamento total da actividade subvencionada, sen que poda exceder da contía máxima de euros (€).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada actividade non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Memoria e orzamento da actividade proxectada.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes en quen delegue e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos municipais.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante o remate da actividade subvencionada e previa xustificación da mesma. Non obstante, o Alcalde poderá resolver anticipar o pago total ou parcial por causas xustificadas. De non realizarse a actividade ou non xustificarse debidamente, procederá o reintegro das cantidades anticipadas.

10º.- Xustificación.

Rematada a actividade subvencionada, a entidade organizadora presentará unha memoria da mesma con documentación que acredite a súa realización (a modo de exemplo, fotografías, copia de anuncios ou reseñas na prensa, carteis anunciadores...) e unha liquidación do conxunto dos ingresos e gastos.

11º.- Liquidación.

A vista das xustificacións o Alcalde resolverá o aboamento do total da subvención ou no seu caso o seu rateo se a actividade realizada non se axusta ó solicitado ou se houbo subvencións de administracións públicas que superaron o 100% do gasto producido, co reintegro, se procede, das cantidades adiantadas.

12º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

As achegas para funcionamento serán convocadas en concorrencia competitiva segundo a súa natureza de acordo coas seguintes bases.

Bases para a concesión en concorrencia competitiva de achegas con destino ó funcionamento de Asociacións  no Concello da Pobra do Brollón.

1º.- Obxecto.

O obxecto destas achegas e o apoio ás asociacións █ do Concello que colaboran a cumprilos fins do Concello nesta materia mediante achegas para o seu funcionamento.

2º.- Beneficiarios.

Poderán acceder a estas achegas as entidades ou asociacións do Concello legalmente constituídas que entre os seus obxectivos teñan a realización deste tipo de actividades e que estean debidamente inscritas no rexistro de asociación do Concello.

3º.- Importe.

Se destinan a estas achegas a cantidade total de █ euros (█ €) que a tal fin figuran consignados no orzamento xeral do Concello para 2008 na partida █.

O importe de cada achega individualizada non superará ó █ % do orzamento total da asociación, sen que poda exceder da contía máxima de █ euros (█ €).

En todo caso, o importe total de tódalas achegas de administracións públicas para cada asociación non poderá supera-lo 100% do seu orzamento. Neste caso se diminuírá a achega municipal na cantidade suficiente para dar cumprimento a esta condición, con reintegro da cantidade necesaria, se a achega xa fose total ou parcialmente abonada.

4º.- Criterios de distribución.

Se establecen os seguintes:

█

5º.- Prazo para a presentación de solicitudes.

Se establece un prazo de █ días para a presentación de solicitudes desde a publicación da convocatoria no taboleiro de edictos do concello.

6º.- Solicitudes.

Se presentarán no rexistro do concello no prazo indicado usando o impreso que figura como anexo ás presentes. Ás solicitudes se lle xuntará a documentación seguinte:

- Fotocopia do C.I.F. da entidade e do D.N.I. do seu representante.
- Certificación da representación do representante.
- Memoria das actividades feitas no ano anterior e das previstas para á presente, con mención do número de socios beneficiados e número de asistentes.
- Copia do orzamento da asociación e da conta do ano anterior.
- Declaración de outras achegas solicitadas ou obtidas.

7º.- Corrección de defectos.

Se algunha das solicitudes nos fose correcta ou lle faltara parte da documentación, se lle dará un prazo de dez días hábiles para achegar dita documentación.

8º.- Procedemento de concesión.

As solicitudes, coa documentación que se lles xunta serán analizadas por unha Comisión que as valorará e elevará ó Pleno unha proposta de concesión.

Dita comisión será presidida polo Concelleiro Delegado de Cultura e Deportes e estará formada por:

Un concelleiro de cada un dos grupos políticos.

Será Secretario da Comisión o do Concello ou funcionario en quen delegue.

9º.- Pago da subvención.

Como norma xeral a subvención se aboará a entidade solicitante unha vez concedida. Se a asociación deixase de existir durante o exercicio procederá o reintegro total ou parcial da mesa

10º.- Xustificación.

Rematado o exercicio, a asociación deberá presentar no concello o estado de ingresos e gastos do mesmo. Se o total de subvencións recibidas do sector público superase o 100% dos gastos totais, procederá o rateo da subvención e o reintegro da cantidade que exceda para cumprir esta condición.

11º.- Dereito supletorio.

No non previsto nestas bases se estará ós acordos do Concello e ó disposto na lexislación vixente sobre a mataría.

A achega a Cruz Vermella de Monforte se rexerá polo convenio asinado ó efecto.

As achegas para o transporte universitario de estudantes se rexerán polo convenio subscrito ó efecto coa Empresa Monforte.

Base 14ª.- Gastos de locomoción, dietas, indemnizacións e retribucións dos membros da Corporación.-

As retribucións dos membros da corporación non experimentarán ningún incremento. Consonte co anterior,

1.- O Alcalde dedicarase ó concello en xornada completa sen dedicación exclusiva polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de dous mil euros (2.000,00 €).

2.- A primeira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

3.- O segundo Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de quince horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de setecentos oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (787,50 €).

4.- A terceira Tenente de Alcalde dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

5.- O concelleiro que exerza as delegacións especiais de organización de actividades culturais e deportivas e para a xuventude e educativas dedicarase ó concello en xornada parcial de dez horas semanais polo que percibirá un salario bruto mensual en catorce pagas de cincocentos vintecinco euros (525,00 €).

6.- Os membros da Corporación, agás os que reciben salario, percibirán a cantidade de vintecinco euros (25,00 €) por asistencia a reunións dos órganos colexiados. Cando se celebre máis dunha sesión no mesmo día de xeito consecutivo só se percibirá indemnización por unha de elas.

7.- Indemnizacións por desprazamentos.

a) Os membros da Corporación que deban desprazarse por mor das súas funcións fora do concello en vehículo propio percibirán unha indemnización por quilómetro na mesma contía que se fixe na lexislación vixente para os funcionarios.

b) Se a viaxe fose tal que a saída e o regreso se realizase na mesma mañá ou na mesma tarde, percibirán a cantidade de dez euros (10,00 €) en concepto de dieta.

- c) Se por mor da viaxe realizada tivesen que realizar unha ou máis comidas ou durmir fora do concello, a indemnización a percibir será a mesma, e cos mesmos condicionantes que a que lle sexa aplicable ó Secretario do Concello segundo a lexislación vixente.
- d) No caso de que como consecuencia da viaxe o membro da corporación debese invitar a xantar a algunha autoridade ou funcionario que visite, se lle aboará o importe íntegro da factura que xustifique que deberá presentar acompañada dunha memoria na que se indique claramente o obxecto da viaxe e se identifiquen os eventuais comensais. Neste caso, non se percibirá a indemnización sinalada na letra c).

8.- *Gastos de funcionamento dos grupos municipais.*

- a) Para o seu normal funcionamento, os grupos municipais percibirán mensualmente unha cantidade de trinta euros (30,00 €) por grupo, e dez euros (10,00 €) por cada concelleiro que o integre.
- b) A fin de dar cumprimento ó previsto no terceiro parágrafo do artigo 73.3 da Lei 7/1985, se algún concelleiro abandonase o seu grupo político e pasase a ser non adscrito, a súa eventual integración no grupo mixto non suporá o percibo do compoñente relativo ó grupo que se sinala na letra anterior.

Base 15ª.- *Gastos de carácter plurianual.*

- 1.- A autorización e compromiso de gastos con carácter plurianual subordinarase ó crédito que para cada exercicio se consigne nos respectivos orzamentos, segundo se dispón no artigo 79.2 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril.
- 2.- Poderanse adquirir compromisos de gasto con carácter plurianual, sempre que a súa execución se inicie dentro do exercicio corrente e que amais se encontren comprendidos nalgún dos casos seguintes:
 - a) *Investimento ou transferencia de capital.*
 - b) *Contratos de subministro, de asistencia técnica ou científica, de prestación de servizos, de execución de obras de mantemento e de alugamento de equipos que non poidan ser estipulados ou resulten antieconómicos por un ano.*
 - c) *Alugamento de bens inmoables.*
 - d) *Cargas financeiras das débedas da entidade.*
- 3.- O número de exercicios posteriores, ós que poidan aplicarse os gastos dos apartados a) e b) do número anterior, non poderán ser superior a catro.

Base 16ª.- *Acumulación simultánea de fases de gasto.*

- 1.- Poderanse acumular varias fases de execución do orzamento de gastos, das enumeradas no artigo 52 do Real Decreto 500/1.990 do 20 de abril, nun só acto administrativo, producindo os mesmos efectos que se ditas fases se acordasen por separado, e podéndose da-los seguintes casos:
 - a) *Autorización e disposición (A-D).*
 - b) *Autorización, disposición e recoñecemento da obrigação (A-D-O).*
- 2.- As referidas acumulacións serán factibles cando aludan a gastos de carácter ordinario, sen se incluí-los extraordinarios ou de investimento.
- 3.- En todo caso será requisito imprescindible que o órgano que adopte a decisión teña competencia, orixinaria ou delegada, para acordar tódalas fases que se inclúan na resolución.

Base 17ª.- *Fiscalización de ingresos.*

Como norma xeral serán fiscalizadas e contabilizadas pola Intervención tódalas propostas de actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, debendo ser autorizadas pola Alcaldía ou aprobadas polo Pleno ou a Comisión de Goberno, segundo as competencias que cada órgano teña atribuídas.

Base 18ª.- Actos de xestión relativos ós ingresos.

1.- Deberase produci-la fiscalización previa polo interventor de fondos do Concello, para a súa aprobación polo órgano competente, nos seguintes casos:

- a) *Devolución de ingresos.*
- b) *Concesión de exencións, baixas ou bonificacións, sen prexuízo do disposto no artigo 78.2 da Lei 39/1.988 do 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais.*
- c) *Aprazamento ou fraccionamento de ingresos.*
- d) *Aprobación de padróns, listas cobratorias e cargos a recadadores e cobradores.*
- e) *Liquidación de tributos non periódicos.*
- f) *Imposición, modificación de impostos, taxas e prezos públicos así como aprobación, modificación ou supresión das correspondentes ordenanzas fiscais.*
- g) *Operacións de crédito e de tesourería.*

2.- *Amais, os actos sinalados nos apartados b), c), f) e g) do punto anterior, precisarán igualmente do ditame da Comisión Especial de Contas.*

Base 19ª.- Xestión, liquidación e recadación de ingresos

1.- *No relativo ós actos de xestión, liquidación e recadación de ingresos, teranse en conta as seguintes prescricións:*

- a) *Unha vez aprobados os padróns correspondentes, as listas cobratorias ou os pregos de cargo, remitiranse á Intervención para seren fiscalizados, quedando os recibos e matrizes ou copias en poder do Negociado de Rendas e Exaccións, debéndose custodiar na Caixa de Caudais da Corporación unha vez que sexan contraídos ata a súa entrega ós servizos de recadación, que se realizará con quince días de antelación ó período voluntario de cobranza. Esta entrega realizarase sen matrizes-copia, e acompañados dun exemplar das listas cobratorias.*
- b) *Rematado o prazo de ingreso en voluntaria, pola Recadación relacionaranse os valores en recibo non pagados e as certificacións de descuberto, pasando as relacións á Tesourería para seren providenciadas de prema e segui-lo procedemento de cobro en vía executiva.*
- c) *Os ingresos que se efectúen directamente na Tesourería, segundo liquidación formulada de xeito previo, realizaranse mediante a correspondente orde de ingreso ou talóns de cargo, expedíndose a correspondente carta de pagamento ou recibo xustificante do ingreso.*

2.- *Polo que respecta ás AUTOLIQUIDACIÓNS, o ingreso que se produza terá a consideración de “a conta” do que resulte da liquidación definitiva que para o efecto se formule posteriormente.*

Base 20ª.- Ingresos provenientes de subvencións e outros.

Os recursos que correspondan a subvencións procedentes doutras entidades, así como os de dereito privado e os relativos a operacións de crédito para o financiamento de obras ou servizos, deberán ser xustificadas, de xeito previo e acreditadamente, e non poderán ser aplicados a atencións distintas daquelas para as que se destinen.

Base 21ª.- Retribucións do persoal

De acordo co establecido pola Lei de Orzamentos Xerais do Estado, as retribucións íntegras do Persoal ó servizo deste Concello experimentarán un incremento no presente exercicio respecto ás de

2007 en termos de homoxeneidade para os dous períodos de comparación, tanto no que atinxe a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo na mesma porcentaxe que en dita Lei se establece para os funcionarios do Estado.

ANEXO II. CADRO DE PERSOAL.

A) Funcionarios de carreira:

<i>Praza</i>	<i>Nº.</i>	<i>Grupo</i>	<i>Escala/Subescala</i>	<i>CD</i>
<i>Secretario-Interventor.</i>	<i>1</i>	<i>B</i>	<i>Funcionario de Habilitación Nacional</i>	<i>22</i>
<i>Administrativo Tesoureiro</i>	<i>1</i>	<i>C</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>20</i>
<i>Auxiliar-Administrativo.</i>	<i>2</i>	<i>D</i>	<i>Administración Xeral</i>	<i>14</i>

B) Persoal laboral indefinido:

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Capataz</i>	<i>3</i>	<i>servizos Múltiples</i>
<i>Técnico medio</i>	<i>1</i>	<i>Axente Local de Emprego</i>
<i>Auxiliar</i>	<i>1</i>	<i>Biblioteca (media xornada)</i>
<i>Auxiliar</i>	<i>1</i>	<i>Oficina de Información Xuvenil (media xornada)</i>
<i>Traballador social</i>	<i>1</i>	<i>Servizos sociais</i>

C) Persoal laboral temporal:

<i>Denominación</i>	<i>Nº</i>	<i>Posto de Traballo</i>
<i>Traballador social</i>	<i>1</i>	<i>Servizos sociais. Media xornada</i>
<i>Educador familiar</i>	<i>1</i>	<i>Servizos sociais. Media xornada</i>
<i>Persoal auxiliar</i>	<i>5</i>	<i>Axuda a domicilio</i>
<i>Administrativo</i>	<i>1</i>	<i>Oficinas xerais</i>
<i>Limpadores de edificios</i>	<i>2</i>	<i>Limpadores (media xornada)</i>
<i>Condutor</i>	<i>1</i>	<i>Recollida de lixo</i>
<i>Operario</i>	<i>1</i>	<i>Recollida de lixo</i>
<i>Peón</i>	<i>1</i>	<i>Servizos xerais</i>
<i>Os que resulten de subvencións recibidas das Consellerías da Xunta de Galicia.</i>		

O portavoz do grupo popular di que no orzamento vai previsto un crédito que está para aprobar no punto seguinte. Pregunta ao secretario que ocorre co orzamento se non chega a ser aprobado.

O secretario responde que o orzamento é unha previsión dos ingresos que se esperan obter no exercicio e o límite dos gastos que se poden realizar. E como tal previsión de ingresos funciona se produzan logo os previstos, máis ou menos o que dará lugar a superávit ou déficit. No caso presente non xera capacidade de gasto se non superávit inicial para compensar o remanente líquido de tesourería do exercicio anterior. Pero que aínda que xerase capacidade de gasto, os gastos que se financiaran co préstamo non se poderían executar ata que este se materializase, polo que en ningún caso supón problema.

O portavoz popular e o concelleiro delegado de facenda comezan un debate diálogo no que, entre outras cousas, o primeiro pregunta por qué aumenta tanto o orzamento, e critica que se aumenten os créditos que non se amortizan a base de establecer períodos de carencia. Pregunta se o goberno non vai ter que paga-las débedas. O segundo respóndelle que o aumento do orzamento se debe ao reflexo nel do

PlanE do estado. Que o actual período de crise fixo que o Goberno autorizase este tipo de endebedamento e que o criterio co que o concello debe de actuar é o de servizo, non o de beneficio.

O alcalde di que a maior parte da débeda vixente ven dos gobernos do PP que non a amortizaron. Que o goberno actual se endebedou para comprar unha maquinaria necesaria para os servizos do concello e se pregunta para que endebedou ao concello o PP. Que isto non é un capricho, que hai crise e afecta a tódolos concellos. Que o Goberno de España fixo este Decreto Lei para mellora-la situación do país e sanea-los concellos e as empresas. Que a partida do P.O.S. do 2007 estaba esgotada e a obra sen facer durante o goberno popular do concello. Iso ademais de facturas sen pagar como as da empresa Productos Bituminosos.

A portavoz socialista di que había 26.000€ de débeda de formigón de 2007 do mandato do P.P.. Que o actual goberno están investindo en aforro como demostran as obras de mellora dos alumeados públicos ou dos abastecementos de augas.

O portavoz popular recórdalles aos grupos de goberno que en 2007 houbo cambio de goberno e que desde aquela aumentaron a débeda cando habían prometido diminuíla.

O portavoz de facenda di que se encontraron facturas das que non se sabía.

Sometida a votación a anterior proposta e aprobada cos cinco votos en contra do grupo popular e os seis a favor dos grupos nacionalista e socialista.

1.05º.- PLAN DE SANEAMENTO E SOLICITUDE DE CRÉDITO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O concello pechou o exercicio de 2008 cun remanente negativo de tesourería de trinta e nove mil novecentos noventa e nove euros con catro céntimos (-39.999,04€). Hai, así mesmo, de exercicio anterior unha factura de “Hormigones la Estrella S.L.” por importe de cinco mil cincocentos trinta e tres euros con vinte céntimos (5.533,20€).

O Goberno de España estableceu a través do Real Decreto Lei 5/2009 a posibilidade de concertar endebedamento bancario para financiar o remanente negativo de tesourería a 31 de decembro de 2008 e/ou as obrigas vencidas e esixibles pendentes de aplicar ao orzamento de 2008.

Para acollerse a dita opción compre que o concello aprobe un plan de saneamento que abrangue o período de duración da dita operación financeira. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo Plan de saneamento a aplicar no concello durante os próximos seis anos.

2.- Concertar coa entidade Banco Bilbao Vizcaya Argentaria S.A. unha operación de préstamo a tipo variable coas seguintes características:

<i>Importe</i>	<i>45.532,24€</i>
<i>Prazo de amortización</i>	<i>6 anos</i>
<i>Carencia</i>	<i>2 anos</i>
<i>Tipo de xuro</i>	<i>Euríbor ano + 1,45%</i>
<i>Prazo de revisión</i>	<i>Anual</i>
<i>Liquidación de xuros</i>	<i>Anual</i>
<i>Comisión de apertura</i>	<i>Exenta</i>
<i>Gastos de formalización</i>	<i>Exentos</i>
<i>Comisión de cancelación anticipada</i>	<i>Exenta</i>

Intervención	Non require intervención de fedatario público
--------------	---

O portavoz do grupo popular anuncia que o seu grupo votará en contra polos motivos xa expostos no punto anterior.

Sometida a votación a proposta é aprobada cos cinco votos en contra do grupo popular e os seis a favor dos grupos nacionalista e socialista.

1.06º.- LOCAL DO CONCELLO NAS VIVENDAS SOCIAIS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

No seu día o concello acordou permutar uns terreos na actual rúa María Castaña coa empresa Construcciones M. López Armesto S.L. representada por D. Manuel López Armesto para a construción neles dunhas vivendas sociais. En troques, a empresa debería de entregar, ó remate da construción un local nos baixos dun dos dous edificios. Diversas circunstancias fixeron imposible que dito local fose entregado no momento previsto, polo que propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o acordo de trinta de xuño de dous mil tres, modificado xa polos de vinte e tres de outubro de dous mil tres e vinte e sete de decembro de dous mil cinco, engadindo un parágrafo, entre o segundo e o terceiro, que diga:

O prazo de entrega de dito local rematará o día trinte a un de decembro de dous mil nove.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo. E expresamente para recepción de dito local.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.07º.- CONVENIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Vista a proposta de convenio da Deputación de Lugo para a encomenda da xestión das rozas das vías provinciais, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-la encomenda de xestión da Deputación Provincial de Lugo a este concello para a realización de traballos de roza nas vías de titularidade provincial no ano 2009 de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

"ENCOMENDA DE XESTIÓN DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO AO CONCELLO DE A POBRA DO BROLLÓN PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE ROZA NAS VÍAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL NO ANO 2009, QUE SE FORMALIZARÁ MEDIANTE A SINATURA DO CORRESPONDENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN"

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto da encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio é establecer as bases de colaboración técnica e económica entre a Deputación provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón para a realización de traballos de roza de maleza nas vías de titularidade provincial existentes no municipio.

Faise constar expresamente que a presente encomenda de xestión non supón cesión de titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico deán soporte ou nos

que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda, tal como dispón o apartado 2. do artigo 15 da Lei 30/1992

O orzamento máximo de inversión ascende á cantidade de 13.811,68 €

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello de A Pobra do Brollón comprométese a:

1. Executar os traballos de roza nas vías de titularidade provincial existentes no concello de A Pobra do Brollón cuxa relación, puntos quilométricos e tramos figuran no ANEXO I, xa sexa por medios propios xa sexa iniciando o correspondente procedemento de contratación.

2. Executar os traballos de acordo coas seguintes prescricións técnicas:

A unidade a executar consistirá na roza mecánica ou manual de maleza por ambas marxes das estradas provinciais, afectando a paseos, cunetas e noiros completos, incluíndo a poda de ramas de árbores ata obter un gálico libre de cinco (5,00) metros en todo o ancho da carreteira. Cando sexa necesario, levarase a cabo unha segunda actuación de repaso, realizando a roza da maleza nas mesmas zonas cas referidas anteriormente, é dicir, nos paseos, cunetas e noiros completos

O prazo de execución das obras en cada un dos municipios será entre o 15 de maio e o 15 de xuño.

A roza da maleza realizarase de maneira que quede libre ao tráfico en todo momento un sumíndolo de calzada.

Sinalizarase a zona de actuación da maquinaria en ámbolos dous sentidos con sinais de: cartel con texto "Maquinaria na calzada" e límite de velocidade 60 km/h TP-18 (perigo por obras na calzada): TR-301 (limitación de velocidade a 40km/h), dispostas coa pertinente antelación e visibilidade. Estes sinais completaranse cos de prioridade de paso TR-5 e TR-6, ou ben mediante o sinal manual alternativo de: TM-2 disco azul de paso permitido e TM-3 disco de stop ou paso prohibido

Os produtos da roza retiraranse ao momento da plataforma da vía e diariamente da zona rozada, transportándoos ao vertedoiro autorizado.

3. O importe derivado da presente encomenda de xestión será asumido na súa totalidade pola Deputación Provincial de Lugo con cargo á partida orzamentaria 511.1.210 e polo tanto, o Concello de A Pobra do Brollón non terá que participar no financiamento de traballos mencionados.

4. Asumir a realización das xestións pertinentes ante os organismos que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren.

5.- No seu caso, levar a cabo as actuacións de contratación, execución, dirección, control e recepción das obras descritas no documento técnico e formalizar os actos de recepción das mesmas.

6. Comunicar á Deputación Provincial de Lugo a data de finalización dos traballos ao efecto de que envíen un representante se así o estiman oportuno.

7.- Realizar ante a Deputación Provincial de Lugo a correspondente xustificación do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos do presente convenio, presentando a documentación que se determine para este efecto e, en concreto, a certificación expedida polo técnico municipal competente, da execución dos traballos.

8.- Facilitar, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación Provincial, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das cantidades aboadas en cumprimento do presente acordo.

9.- Comunicar á Deputación Provincial, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a formalización do convenio.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Deputación Provincial de Lugo asume os seguintes compromisos:

1.- Facilitar ao Concello da Pobra do Brollón a identificación das vías de titularidade provincial que transcorren polo seu termo municipal e que son obxecto do presente convenio.

2.- Financiar os traballos na cantidade de 176,69 € (todos os gastos e impostos incluídos) por cada km completo de vía rozado, cantidade referida a ámbalas dúas marxes, en cada Km.

3.- O importe consignado para a execución dos traballos previstos, obxecto da encomenda de xestión que se formaliza a través deste convenio, inclúe todos os gastos, incluídos impostos, e as baixas que se poidan producir no caso da contratación das obras reducirán proporcionalmente a cantidade establecida para cada km.

4.- A Deputación Provincial de Lugo reservarase o dereito de inspeccionar os traballos tanto durante a súa execución coma ao seu remate.

CUARTA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por dous representantes da Deputación Provincial e dous do Concello de A Pobra do Brollón.

As súas funcións, entre outras serán as seguintes:

- Impulsar e avaliar o cumprimento da encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio naqueles aspectos técnicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas

- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio, no que se recolle a presente encomenda de xestión

- Propoñer as partes a resolución das posibles controversias que puidesen xurdir na aplicación do convenio referido

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio. En todo caso, a solución das incidencias estará condicionada polas limitacións orzamentarias indicadas na cláusula terceira.

QUINTA. NATUREZA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A ENCOMENDA DE XESTIÓN

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa. O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeráse polo establecido nas cláusulas do mesmo e pola lexislación administrativa que lle sexa de aplicación.

SEXTA—INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de que haxa discrepancias, resolveranse, visto o informe da Comisión de Seguimento, pola Deputación Provincial de Lugo poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,*
- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables as partes*
- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución*

dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

3.- A Deputación Provincial de Lugo limitará en todo caso a súa achega económica ao pactado na encomenda de xestión que se formaliza a través do presente convenio, polo que non asumirá os aumentos que se produzan por calquera causa, nin a subrogación nin ningún outro dereito nin obriga que se deriven da realización dos traballos que corresponderán en todo o caso ao Concello de A Pobra do Brollón.

SÉTIMA.- CUMPRIMENTO DE OBRIGAS

O Concello de A Pobra do Brollón comprométese ao cumprimento das obrigas derivadas da lexislación de seguridade social e de prevención de riscos laborais, en relación co persoal que desenvolve as súas funcións en cumprimento deste convenio.

OITAVA.- PAGO

A cantidade que deberá aportar a Excm. Deputación Provincial con base na presente encomenda de xestión será transferida o Concello de A Pobra do Brollón, previa a xustificación sinalada na cláusula 2º-7.

NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A PRESENTE ENCOMENDA DE XESTIÓN

Este convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia manterase ata a realización dos traballos ou ata o momento que, por motivos debidamente xustificados, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón poidan acordar, se estimase unha ampliación dos prazos traía correspondente solicitude a través da comisión de seguimento citada na cláusula cuarta.

En todo caso, a eficacia do presente convenio será ata o 31 de decembro de 2009 aínda que seguirá xurdindo efectos en tanto en tanto non se liquiden as obrigas que puidesen quedar pendentes.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose ámbalas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións. Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por exemplar triplicado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Vista a proposta de convenio da consellaría de Medio Rural, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello para o funcionamento dun vehículo motobomba no ano 2009 de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) na finalidade común de actuar nas tarefas de vixilancia, prevención e defensa contra incendios forestais coa finalidade de evitar os mesmos ou, cando menos, de minorar as súas consecuencias e o seu impacto negativo.

SEGUNDA: Operatividade e designación de responsable polo concello.

O concello comprométese a manter operativo/s o/s vehículo/s motobomba (en adiante V.M.B./s) durante cada un dos meses de vixencia do convenio e a ter operativo/s dito/s vehículo/s polo menos 16 horas ó día, tendo plena dispoñibilidade, incluíndo nela os trabados en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias durante toda a vixencia do convenio, realizando labores de prevención e defensa contra os incendios forestais, sempre que non sexa/n requirido/s para a extinción destes.

Así mesmo garantirá a colaboración e coordinación co despregue de medios do Distrito Forestal, mediante a designación dunha persoa como responsable e coordinador do funcionamento do/s V.M.B./s, para establece-las relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ó que pertenza o concello.

TERCEIRA: Especificade dos trabados

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que o persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B./s teña experiencia nas tarefas de extinción de incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II adxunto, a modo indicativo).

CUARTA: Contratación de persoal polo concello.

O persoal encargado do manexo e actuación do/s V.M.B./s que participe ó abeiro deste convenio dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e en ningún caso terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia.

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos os que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA: Compromisos do concello

Os medios persoais e materiais incluídos neste convenio, deberán dispoñer obrigatoriamente de:

- O persoal encargado do manexo do/s V.M.B./s deberá contar, como mínimo, co equipo obrigatorio de protección individual para realiza-la súa función conforme as normas do "Real Decreto 1407/92, do 20 de novembro, por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I).*
- O/s V.M.B./s. coa matrícula C-5443-BB, incluído/s neste convenio estará/n e permanecerá/n en perfectas condicións mecánicas e de dotación, contando co equipamento mínimo especificado no Anexo I. Así mesmo, estará/n ó corrente en toda a documentación, cumprindo coas obrigas administrativas que leva aparelladas en materia de inspección técnica (ITV), pólizas de aseguramento, impostos, etc. O concello comprométese a efectua-las reparacións e revisións o antes posible e sempre a conta deste, para garanti-lo seu continuo funcionamento.*

SEXTA: Trabados a realizar

A planificación da actuación en materia de defensa contra incendios forestais corresponderá á Consellería do Medio Rural, de acordo coa comisión de seguimento do convenio, de xeito que o/s V.M.B./s participe/n nos labores encamiñados á prevención, construción e mellora de infraestruturas de defensa contra incendios forestais, que diminúan o risco de propagación e minoren os danos dos incendios, no caso de producirse. Estes labores desenvolveranse sempre dentro do ámbito territorial do concello.

O punto de traballo e horario para o/s V.M.B./s fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento, segundo a carga de traballo existente en cada momento.

O/s V.M.B./s colaborará/n na extinción de incendios forestais integrándose no Distrito Forestal onde se sitúe o concello, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias, poderá/n colaborar na defensa de incendios declarados noutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, sen prexuízo da correspondente indemnización polos gastos ocasionados.

SÉTIMA: Coordinación dos trabados

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do Servizo de Prevención e Defensa Contra Incendios forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) ou un técnico do Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ó que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde que poderá se-lo coordinador do funcionamento do/s V. M.B./s.

Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que lle atribúen as demais cláusulas deste convenio.

OITAVA: Posta a disposición de medios de radiocomunicacións

Sempre que fora necesario e durante a vixencia do convenio, a Consellería do Medio Rural, porá a disposición do concello os medios de comunicación precisos para a integración do/s V.M.B./s na Rede de Radio do S.P.D.C.I.F., sendo responsabilidade do concello calquera deterioro que sufran estes equipos polo uso non axeitado para a súa finalidade e devolvelos unha vez finalizada a vixencia deste convenio en perfecto estado.

NOVENA: Orzamento

A Consellería do Medio Rural aportará unha contía única de 16.747,50€ financiada con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. Esta achega distribuirase do seguinte xeito:

- Pola operatividade de cada vehículo motobomba: 4.785,00€/mes

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

DÉCIMA: Pagamento

A Consellería do Medio Rural procederá ó libramento das achegas do seguinte xeito:

A. Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 63.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:

- Nomes do persoal encargado do manexo do/s V.M.B./s, con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto.
- Equipamento obrigatorio de protección individual, segundo estipula o Anexo I.
- Equipamento mínimo para o/s V.M.B./s, segundo estipula o Anexo I, facendo constar ademais que están ó corrente en toda a documentación deste/s, segundo estipula a cláusula quinta do convenio.
- Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

B. Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase envia-la seguinte documentación, ó remate deste:

- Por parte do concello:

- a) Un informe no que se faga constar que o/s V.M.B/s permaneceu/ron operativo/s durante a vixencia do convenio.
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita da Lei 9/200, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- c) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especifica-la achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas.
- d) No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase envia-la documentación a que fai referencia o apartado A) desta cláusula.

- Por parte da consellería:

a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.P.D.C.I.F foi favorable ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propoñer a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio.

Do mesmo xeito, e no caso de que a certificación reflicte que os medios conveniados non estiveron operativos durante toda a vixencia do convenio, a liquidación a percibir respecto ó total da axuda, será proporcional á relación existente entre o período efectivo de operatividade e o período establecido no convenio.

O prazo de presentación da documentación rematará:

- No caso do primeiro pagamento: ao mes contado a partir do inicio da operatividade do/s V.M.B./s.
- No caso do derradeiro pagamento: o 31 de outubro de 2009.

DÉCIMO PRIMEIRA: Comprobacións da xestión dos fondos

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO SEGUNDA: Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA: Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións públicas ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO CUARTA: Interpretación

A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA: Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula quinta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DECIMOSEXTA: Publicidade

O Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO SÉTIMA: Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolve-ranse ante a xurisdición contencioso administrativa.

En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei.

DÉCIMO OITAVA: Vixencia

Os medios os que se refire este convenio, sempre e cando cumbran co clausulado, deberán estar operativos durante 3,5 meses, do seguinte xeito:

- O vehículo motobomba coa matrícula C-5443-BB, dende o 01/07/2009 ata o 15/10/2009

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Vista a proposta de convenio da consellaría de Medio Rural, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello para o funcionamento dun grupo local de pronto auxilio no ano 2009 de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA: Obxecto

O concello comprométese a colaborar a través do Grupo Local de Pronto Auxilio (en adiante G.L.P.A.), proveniente do voluntariado de protección civil co Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (en adiante S.P.D.C.I.F.) na extinción de incendios forestais, sempre que sexa requirido para estes labores por dito Servizo.

SEGUNDA: Designación de responsable polo concello

O concello de POBRA DO BROLLÓN (A) designará unha persoa responsable, que será o coordinador do funcionamento do G.L.P.A., para establécelas relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza o concello, e deberá estar localizado as 24 horas do día. En menos de 20 minutos deberá estar en disposición de saír a calquera continxencia.

TERCEIRA: Especificidade dos traballos

Debido á especificidade dos traballos a realizar, procurarase que os compoñentes do G.L.P.A. teñan experiencia nas tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais, así como unha capacidade física axeitada. (Véxase Anexo II, a modo indicativo).

CUARTA: Compromisos do concello

O concello comprométese a:

- Ter o G.L.P.A. sempre formado como mínimo por 5 membros e máis un responsable.*
- Dotar ao G.L.P.A. como mínimo co equipamento obrigatorio de protección individual e ferramentas necesarios para realízala súa función, conforme as normas do "Real Decreto 1407/92 de 20 de novembro por el que se regulan las condiciones de comercialización y libre circulación intracomunitaria de los equipos de protección individual", con EPIS enmarcados na categoría II. (Véxase Anexo I). Tamén deberá dotalo do material de comunicación necesario para a súa integración na rede de comunicación do S.D.C.I.F.*
- Dotar ao G.L.P.A. dun vehículo todoterreo, que permanecerá en perfectas condicións mecánicas e de dotación e estará ó corrente en toda a documentación e obrigas administrativas que leva apareladas segundo a lexislación vixente (ITV, pólizas de aseguramento, etc).*

O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos os que se refire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

QUINTA: Coordinación dos traballos

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento, composta polo xefe provincial do S.P.D.C.I.F, ou un técnico deste Servizo no que delegue, por un técnico do Distrito Forestal ó que pertenza o concello e por un representante do concello designado polo alcalde, que poderá ser o coordinador do funcionamento do G.L.P.A.

Esta comisión reunirase inmediatamente para a resolución de calquera incidencia relacionada co convenio, e ademais realizará as funcións que He atribúen as demais cláusulas deste convenio.

A forma de localización e mobilización do G.L.P.A. fixarase polo concello de acordo coa comisión de seguimento.

O G.L.P.A. colaborará na extinción dos incendios forestais no ámbito territorial do seu concello. Así mesmo, en caso de emerxencia, poderá colaborar na extinción de incendios declarados no distrito onde se emprace o concello ou mesmo neutros ámbitos territoriais, dentro da Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o disposto no artigo 47 da lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da lei de 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia.

SEXTA: Orzamento

A Consellería do Medio Rural aportará unha contía única de DEZASEIS MIL EUROS (16.000,00 €), que será financiada con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009.

O IVE soamente será subvencionable na medida en que non sexa susceptible de recuperación ou compensación.

SÉTIMA: Pagamento

A Consellería do Medio Rural procederá ó libramento das achegas do seguinte xeito:

A. Poderase librar un primeiro pagamento de ata un 50% do importe total da achega correspondente á Consellería, mediante resolución motivada do Sr. Conselleiro do Medio Rural, segundo o previsto no artigo 16.dous.3 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro e previo envío, por parte do concello, da seguinte documentación:

- a) Nomes dos compoñentes do G.L.P.A., con especificación do responsable e do número de teléfono de contacto 24 horas.*
- b) Matrícula do vehículo todoterreo con especificación do cumprimento da cláusula cuarta e a dotación obrigatoria segundo o Anexo I.*
- c) Equipamento de protección individual e ferramentas, segundo estipula o Anexo I.*
- d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*

B. Para proceder ó pagamento final do convenio, deberase enviar seguinte documentación, ao remate deste: Por parte do concello:

- a) Un informe no que se faga constar que o G.L.P.A. permaneceu operativo durante a vixencia do convenio.*
- b) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, segundo o disposto no artigo 48.2 e) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.*
- c) Certificación da execución do gasto total do convenio expedida polo funcionario competente do concello (secretario-interventor ou no caso de que sexan dúas competencias diferenciadas, certificación do secretario e informe do interventor). No caso de que existan outras axudas deberase especifica-la achega de tódalas axudas e o gasto total do conxunto destas.*
- d) No caso de non terse acollido ó primeiro pagamento, deberase envia-la documentación á que fai referencia o apartado A. desta cláusula.*

Por parte da Consellería:

a) Unha certificación expedida polo funcionario responsable do seguimento do convenio na que se faga constar se a colaboración co S.D.C.I.F foi satisfactoria ou non. No caso de que a certificación considerase que a colaboración non foi favorable, a comisión de seguimento poderá propor a modificación á baixa ou o impagamento da cantidade comprometida no convenio. Segundo a proposta da comisión de seguimento, logo de resolución do órgano competente, o concello estará obrigado a devolver todo ou parte do primeiro pagamento, no caso de telo percibido.

- O prazo de presentación da documentación rematará:*
- No caso do primeiro pagamento: os tres meses contados a partir do inicio da operatividade do G.L.P.A.*
- No caso do derradeiro pagamento: o 15 de novembro.*

OITAVA: Comprobacións da xestión dos fondos

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto a xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellería do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

NOVENA: Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas,

supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMA: Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión. O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida. No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellería do Medio Rural.

DÉCIMO PRIMEIRA: Interpretación

A Consellería do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento, do disposto no presente convenio.

DÉCIMO SEGUNDA: Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se retire a cláusula quinta, procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO TERCEIRA: Publicidade

O Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) presta o seu consentimento á Consellería do Medio Rural para incluír e facer públicos, nos rexistros regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas.

DÉCIMO CUARTA: Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolvense ante a xurisdición contencioso administrativa. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei.

DÉCIMO QUINTA: Vixencia

Os medios aos que se refire este convenio deberán estar operativos dende o día seguinte á sinatura do mesmo ata o 31 de outubro do presente ano, sen prexuízo de que, en caso necesario e por causa xustificada a petición da Consellería do Medio Rural, poidan ser mobilizados ata o 31 de decembro sen custe adicional algún.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Vista a proposta de convenio da consellaría de Medio Rural, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo convenio entre a Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia e o concello para a prevención de incendios forestais no ano 2009 de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.*

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto do presente convenio é acordar a participación e colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de POBRA DO BROLLÓN (A) na finalidade común de actuar, mediante tarefas preventivas, sobre as causas dos incendios forestais co obxecto de evitalos ou, en todo caso, minorar as súas consecuencias económicas e ambientais.

SEGUNDA. Trabados a realizar

O concello comprométese a xestionar a biomasa vexetal nas vías e camiños forestais da súa titularidade realizando trabados preventivos nos estratos arbóreos, arbustivo e subarbustivo, consonte o disposto no anexo I. Os camiños deberán quedar limpos da vexetación con maior facilidade de ignición, mesmo evitando que as polas das árbores superen o límite da aresta do camiño impedindo deste xeito o efecto túnel.

Ademais en caso doutras superficies forestais de titularidade municipal o concello comprométese a realizar labores preventivos de roza mecanizada en áreas cortalumes.

TERCEIRA. Medios utilizados para a realización das tarefas preventivas.

A Entidade Local colaboradora poderá realizar as tarefas de prevención sinaladas no presente acordo con medios propios ou mediante a externalización do servizo con empresas do sector ou empresas públicas. En todo caso, alomenos utilizará para a realización destas labores o tractor desbrozadora con matrícula E-1237-BFG.

O concello comprométese pola súa conta a ter a maquinaria utilizada para estas labores en perfectas condicións mecánicas e de dotación, cumprindo coas obrigas administrativas correspondentes.

CUARTA. Coordinación dos traballos

Os traballos preventivos a realizar designaranse en función do Programa de Actuación presentado polo concello, que deberá estar en concordancia co Plan de Prevención do Distrito Forestal, e que será aprobado pola comisión de seguimento detallada na cláusula sexta do convenio. O Programa de Actuación presentase para a súa revisión no Distrito Forestal no que se enmarque o concello e deberá conter alomenos unha cartografía con planos sobre mapas oficiais, preferentemente a escala 1:25.000, ou no seu defecto a escala 1:50.000 no que se reflicten as actuacións. Dada a natureza preventiva dos traballos contemplados no presente convenio, farase unha inspección previa á iniciación da obra por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural para verificar as superficies e a viabilidade dos traballos.

QUINTA. Contratación de persoal polo concello

En caso de contratar persoal para estes traballos, este dependerá tanto xurídica como organicamente do concello e, en ningún caso, terá vínculo laboral coa Xunta de Galicia. O concello deberá cumprir coa normativa vixente de prevención de riscos laborais para a realización dos traballos aos que se retire o presente convenio, asumindo as responsabilidades derivadas do incumprimento das súas cláusulas.

SEXTA. Seguimento do Convenio

Co fin de velar pola execución do presente convenio, crearase unha comisión de seguimento presidida polo Delegado Provincial da Consellería do Medio Rural (ou representante en quen delegue), un representante

do concello e o Xefe do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (ou representante en quen delegue).

SÉTIMA. Dotación orzamentaria

A Consellería do Medio Rural, financiará as accións previstas neste convenio con cargo á aplicación orzamentaria 11.06.551-B.760.0, dos Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2009. En relación co gasto público total, a porcentaxe de cofinanciación do FEADER é dun 57,56%. A porcentaxe máxima a subvencionar neste convenio será do 100% do investimento, cun importe máximo de CIENTO TRINTA EUROS por hectárea limpa (130 €/ha). Estímase un orzamento máximo anual de 7.150,00 €.

A Consellaría comprométese a financiar os custos das actuacións realizadas polo concello, segundo o disposto nas cláusulas deste convenio, sen superar en ningún caso, os importes máximos reflectidos no parágrafo anterior. Non se prevé a realización de pagamentos parciais ou anticipos.

OITAVA. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles que de xeito indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada neste convenio e se realicen no prazo establecido, incluíndo os gastos de man de obra, os gastos de mantemento e funcionamento de tractores e vehículos de transporte. Non son subvencionables, pola contra, os gastos de reparación destes vehículos. Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. O IVE non será subvencionable.

NOVENA. Xustificación dos pagamentos dos gastos

Para xustificar o pagamento das facturas presentaranse orixinais ou copias cotexadas das mesmas, e o xustificante bancario do pagamento polo beneficiario (xustificante de transferencia bancaria, xustificante bancario de ingreso de efectivo en venta, certificación bancaria, etc.), no cal conste o número da factura obxecto de pagamento, a identificación do beneficiario que paga e do destinatario do pagamento, que deberá coincidir coa persoa, empresa ou entidade que emitiu a factura.

No caso de que un xustificante de pagamento inclúa varias facturas imputadas ao proxecto, deberán identificarse no documento do pagamento as facturas obxecto deste.

No caso dunha factura cuxo pagamento se xustifique mediante varios documentos de pagamento, cada un destes deberá facer referencia á factura á cal se imputa o pago, así como acompañalo dunha relación de todos os documentos de pagamento e os importes acreditativos do pagamento desa factura.

No caso de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto, deberá identificarse claramente no documento de pagamento a factura ou facturas cuxo pagamento se imputa ao proxecto. Nos seguintes supostos e condicións considérase admisible o pagamento en metálico.

1. Con carácter excepcional, admitiranse pagamentos en metálico cando o seu importe, individual ou en conxunto por proveedor, sexa inferior a 1.000 euros; neste caso, o pagamento xustificárase mediante certificación expresa, asinada, datada e cuñada polo proveedor, na cal se faga constar a recepción do importe facturado e o medio de pagamento empregado, así como o compromiso do proveedor de someterse as actuacións de control e comprobación na súa contabilidade da realidade do pagamento. Esta certificación acompañará a factura preceptiva.
2. Para gastos de escasa contía que non superen os 300 euros admitirase como xustificante de pagamento a factura asinada e selada polo proveedor en que figure a expresión «Recibín en metálico».

DÉCIMA. Xustificación do Convenio

Os labores preventivos deberán rematar o 31/10/2009 e a xustificación dos mesmos rematará o 15/11/2009 debendo presentar o Concello a documentación que se refire de seguido:

Conta xustificativa co conxunto de documentos xustificativos do gasto e do pago que se realizou para a execución do convenio, segundo ANEXO II e tal e como figura a continuación:

- 1) Impreso de solicitude de pago, segundo o modelo que se xunta (ANEXO III) debidamente asinado polo representante legal.
- 2) Forma de execución dos traballos e relación de medios humanos e materiais utilizados no desenvolvemento dos traballos, en caso de medios propios. Xúntase modelo orientativo. (ANEXO IV).
- 3) Relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. Xúntase modelo orientativo. (ANEXO V).
- 4) En caso de externalización dos traballos con empresas privadas do sector ou empresas públicas:

- 4.1) Relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor e do documento, e o seu importe, data de emisión e data de pagamento. Xúntase modelo orientativo. (ANEXO VI).
- 4.2) Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, o beneficiario deberá achegar a xustificación de ter solicitado como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades. Esta xustificación poderá realizarse mediante a acta de apertura da licitación e a resolución de adxudicación da mesma.

A elección entre as ofertas presentadas deberá recaer na mais económica, xustificando debidamente unha memoria a elección noutro senso.

- 5) En caso de gastos realizados con medios ou recursos propios:

- Relación clasificada dos gastos de persoal, identificando o persoal e a
- Relación de salario bruto e custe de seguridade social.
- Relación clasificada doutros gastos con medios propios derivados do funcionamento e mantemento de vehículos de transporte, maquinaria de obra e ferramentas mecánicas, así como a subministración ou reposición de vestiario de trabado ou de ferramenta manual y pago dos mesmos.

Xúntase modelo orientativo. (ANEXO VII).

- 6) Orixinais e copia para compulsar, ou fotocopias compulsadas das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas e boletíns de cotización á Seguridade Social, no caso de gastos de persoal propio), incorporados nas relacións a que se fai referencia nos puntos 4) e 5) e a documentación acreditativa do pagamento. A orde destes documentos deberá ser, na medida do posible, a mesma que a da relación de clasificada de gastos dos puntos 4) e 5)

En caso de execución da obra de forma mixta (medios propios e externalizadamente) completaranse os puntos 4) e 5) anteriores, segundo a forma de realización.

Documentación a achegar pola Consellaría:

- Certificación expedida por dous funcionarios, un deles diferente ao que realizou a inspección, na cal se indique se as obras realizadas foron executadas conforme ao disposto na cláusula CUARTA, especificando os lugares e número de hectáreas realizadas, e que deberá coincidir co Programa de Actuación aprobado pola comisión de seguimento.

Con esta certificación poderase modificar á baixa a cantidade aprobada inicialmente, no caso de que se realice un número menor de unidades de obra das aprobadas.

A redución anterior vira incrementada gradualmente, do seguinte xeito:

Os pagos calcúlanse sobre a base do que se considera elixible. Cada unidade xestora determinará:

- a) O importe que se pode conceder ao beneficiario en función exclusivamente da solicitude de pagamento. A tal efecto tomaranse en consideración a suma dos importes de gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.
- b) O importe que se pode conceder ao beneficiario logo de controlar a elixibilidade dos gastos que o beneficiario presenta como xustificación da operación aprobada.

A cantidade a pagar ao beneficiario será a definida no importe b). Cando o importe a) supere ao importe b) en mais dun 3% a cantidade a pagar é igual ao importe b) menos a diferenza entre os dous importes. Esta redución non se aplica cando o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non elixible.

O concello deberá facilitar toda a información que He sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

DÉCIMO PRIMEIRA. Actuacións de comprobación da inversión

O concello someterase as actuacións de comprobación que con respecto á xestión dos fondos do presente convenio pode efectuar a Consellaría do Medio Rural, as de control orzamentario requiridas pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas, así como aos controis que poidan realizar as institucións comunitarias, tendo en conta que se trata de actuacións cofinanciadas con fondos comunitarios.

DÉCIMO SEGUNDA. Compatibilidade con outras axudas

As axudas concedidas no presente convenio serán incompatíbeis con calquera outra de réxime comunitario para a mesma finalidade.

Así mesmo no suposto de que o importe do convenio, illadamente ou en concorrencia con axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o total do custo da actividade, procederase ao reintegro do exceso percibido.

DÉCIMO TERCEIRA. Reintegros

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

O incumprimento dalgunha das cláusulas deste convenio, así como a concorrencia dalgunha das causas de reintegro recollidas no artigo 33 da Lei 9/2007, darán lugar ao reintegro total ou parcial da axuda recibida.

No caso de que exista unha minoración do gasto por calquera das causas anteriores, correspóndelle esta minoración á achega efectuada pola Consellaría do Medio Rural.

DÉCIMO CUARTA. Interpretación

A Consellaría do Medio Rural, interpretará o clausulado e resolverá as diverxencias que puideran acaecer, así como as dúbidas ou calquera outra incidencia que se derive do cumprimento do disposto no presente convenio.

DÉCIMO QUINTA. Rescisión do convenio

Será motivo de rescisión do presente convenio, o incumprimento das súas cláusulas mediante denuncia de calquera das partes, oída a comisión á que se refire a cláusula novena procedéndose ao reintegro da axuda percibida e dos xuros de demora, segundo o disposto no Título II da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio e normativa aplicable

O presente convenio ten natureza administrativa e tódalas cuestións que del se deriven, resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa. En todo o non previsto neste convenio, estarase ao disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da devandita lei, na Lei 3/2007, de prevención e defensa contra incendios forestais, no Regulamento (CE) 1698/2005, do Consello, do 20 de setembro relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), no regulamento (CE) 1974/2006, da Comisión, do 15 de decembro de 2006, polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 e no Regulamento (CE) 1975/2006, da Comisión do 7 de decembro polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

As actuacións previstas neste convenio enmárcanse no Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013, no eixo 2 medida 226 submedida 22612: Medidas preventivas (silvicultura preventiva).

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia

O presente convenio manterá a súa vixencia máxima até o día 31 de decembro de 2009.

O portavoz popular pregunta que previsión de persoal hai para cada convenio e que gastos lle supón ao concello.

O alcalde responde que os convenios cobren os gastos que orixinan. No que respecta ao persoal di que o de Deputación ocupará a dúas persoas, e os outros tres, tres cada un, ademais que para o de rozas se empregarán tamén traballadores contratados no plan laxa.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.08º.- LOCAL SOCIAL DE FERREIROS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para unha mellor xestión do centro social e campo para a festa de Ferreiros, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aprobar o convenio entre o concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños A Pincheira de Ferreiros, con N.I.F. número G-27.339.647 representada pola seu presidenta Dña. Ana Vázquez Ferreiros. con D.N.I. número 34.257.622-L de acordo co texto que se inclúe a seguir.*

2.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.*

M A N I F E S T A N :

Que a Asociación de Veciños de Ferreiros é propietaria do edificio que foi rehabilitado en Cima de Vila (Ferreiros) coa participación do obradoiro de emprego O Guímaro.

Que dita asociación en asemblea extraordinaria de 7 de abril de 2006 acordou autorizar ó Concello da Pobra do Brollón a realizar a obra de “rehabilitación de edificio para centro social e campo para a festa en Ferreiros”, mediante a actuación do Obradoiro de Emprego O Guímaro e cederlle temporalmente o uso das instalacións por un prazo de vintecinco anos para o seu uso público.”

Que correspondendo pois a titularidade do uso durante 25 anos ó concello, tendo en conta que o concello non dispón de medios para manter abertos ó público tódolos locais sociais e similares de que dispón nas correspondentes parroquias, e que pola natureza dos mesmos, a súa xestión máis eficaz e eficiente é a que realicen as propias comunidades de veciños sempre que se manteña garantido o uso público dos locais, o concello estima oportuno establecer un convenio coa Comunidade de Veciños de Ferreiros para a xestión do uso público do local.

A Asociación de Veciños de Ferreiros ten elaborado un Plan de Uso e Xestión para o local citado que satisfai plenamente as necesidades do concello e garante a súa utilización pública.

Consonte co anterior,

A C O R D A N :

Establecer un convenio de cooperación entre o Concello da Pobra do Brollón e a Asociación de Veciños A Pincheira de Ferreiros mediante o cal o primeiro encarga e delega na segunda a xestión do uso público do centro social e campo para a festa de Ferreiros, xestión que a segunda realizará en nome de aquel.

O uso dos locais do edificio será público de acordo coa súa natureza sen prexuízo das restricións de uso que pola mesma lle correspondan os locais destinados a oficinas ou despachos.

En función da natureza dos actos que se realicen a Asociación poderá establecer unha taxa ou prezo de entrada.

O concello poderá, respectando a programación de actividades que teña establecida a Asociación e de acordo con ela organizar actividades acordes coa natureza das instalacións.

A Asociación de Veciños a Pincheira de Ferreiros se subroga en tódalas obrigas do concello que resultan da achega do Plan Leader para a execución das obras, e expresamente:

Se responsabiliza de que o local permaneza aberto ó público nos cinco anos posteriores ó remate das obras subvencionadas.

Se compromete a manter as instalacións en prefecto estado de uso, conservación e limpeza.

A Asociación cumprirá e aplicará o Plan de Xestión aprobado por Agader.

A Asociación asume o cumprimento do establecido na instrución nº. 1/2004 de 11 de febreiro de 2004 (instrución nº 6 Leader +, nº 6 Proder II e nº 6 Agader) na que se establecen as normas sobre tramitación de proxectos non produtivos xeradores de ingresos.

No caso de incumprimento das obrigas sinaladas, o concello poderá acorda-la denuncia deste convenio que quedaría sen efectos, e o concello recuperaría para si a xestión do uso público do centro social e campo para a festa de Ferreiros.

Os gastos de subministro eléctrico, auga, lixo, limpeza, mantemento, teléfono e similares serán con cargo á Asociación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.09º.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA E NACIONALISTA SOBRE A GRATUIDADE DOS LIBROS DE TEXTO.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos socialista e nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Os Grupos Municipais Socialista e do BNG, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sempre temos defendido a implantación na sociedade de dereitos cidadáns universais. A Educación e a Sanidade son un claro exemplo e así o entende a grande maioría da sociedade galega. Así pois, ao igual que defendemos un modelo de sanidade pública de calidade, universal e gratuíto para todas e todos, tamén defendemos un sistema educativo público de calidade, universal e gratuíto para todos e todas.

O Goberno da Xunta, no pasado mandato, conseguiu dar un grande avance cara a consecución dun sistema educativo que cumprira as esixencias de calidade e universalidade, pero tamén cara á súa

gratuidade como dereito dos cidadáns. Así, se implantou en tan só catro anos en todos centros sostidos con fondos públicos, e en todos os niveis do ensino obrigatorio, un programa de gratuidade de libros de texto para todos e todas.

O actual goberno do Partido Popular, na súa obsesión por borrar todos os logros do goberno anterior, e porque ideoloxicamente sempre creu máis nos sistemas de beneficencia que nos dereitos dos cidadáns, está a acometer unha actuación sen precedentes no sistema educativo público do noso país. O Partido Popular pretende dar un paso atrás sen parangón en materia de dereitos cidadáns e eliminar o programa de gratuidade dos libros de texto, medida que foi no seu día a mellor valorada pola sociedade galega das tomadas polo noso goberno.

O Partido Popular pretende levar adiante u auténtico paso atrás en materia de dereitos cidadáns, e ten anunciado a supresión do dereito a unha educación gratuíta. Iso si, anuncio realizado cando os centros xa estaban baleiros e o curso escolar rematado, para así tratar de impedir a contestación social da comunidade educativa e da sociedade galega en xeral. É dicir, o fixeron con nocturnidade e aleivosía. Ademais, impediron cos seus votos as iniciativas impulsadas no parlamento galego instando á Xunta de Galicia a continuar co programa de gratuidade de libros de texto no ensino obrigatorio.

Deste modo, o Partido Popular, cun modelo que recorda tristemente a antiga beneficencia, pretende suprimir a gratuidade dos libros de texto a máis do 75% das familias galegas. Esta redución de dereitos tórnase desgraciadamente máis evidente nunha época de crise económica que afectará ás nais e pais que en setembro terán que mercar os libros de texto dos seus fillos e fillas.

Polo exposto, os Grupos Municipais Socialista e do BNG someten á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte o seguinte ACORDO:

- O Pleno do Concello da Pobra do Brollón en base a que a educación constitúe un dereito básico e universal de toda a cidadanía insta á Xunta de Galicia a continuar co modelo de gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio impulsado polo anterior goberno, na procura dun sistema educativo universal, de calidade e gratuíta para todos e todas.

O portavoz do grupo popular di que non se invitou ao seu grupo a participar na moción, aínda que non sería doado o consenso. Que en marzo o pobo opinou e o PP ganou con maioría porque non gustou a política do bipartito. Sobre borra-los logros, na Pobra o bipartito si borrou a festa dos vellos. Engade que a beneficencia existe porque non hai dereito ao traballo, se non poderían pagalos. Remata dicindo que se darán libros gratuítos só para as rendas baixas, non para as altas.

A portavoz do grupo socialista di a gratuidade tal e como a xestionaba o bipartito era aforro xa que os libros pasaban duns a outros. Que son partidarios da gratuidade dos servizos básicos. Que está ben aforrar, pero non nesto.

O alcalde di que está de acordo coa moción. Que respectan a decisión da Xunta, pero non a comparten. Pregúntase por qué non se consultou aos pais sobre isto no canto de facelo sobre o ensino en galego. Se a proposta da Xunta actual é que os libros sexan gratis só para os que teñan unha renda menor de 5.000 euros, será para menos do 25% dos alumnos. Ademais se perde na educación transversal en valores como as de compartir e a conservación dos bens colectivos.

Sometida a votación a proposta se aproba coa abstención da concelleira do PP Oliva Eva López González, os catro votos en contra dos restantes concelleiros do PP e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

Rematada a orde do día e previa declaración por unanimidade de urxencia, se estudan os puntos seguintes:

1.10º.- AXUDA AOS AFECTADOS POLO PECHE DAS LAXEIRAS.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de deportes:

O peche das empresas laxeiras provocou unha grave crise na nosa comarca. Entre os traballadores afectados, hai varios do noso concello. O anterior goberno bipartito da Xunta adoptou medidas, plan Laxa, de apoio a eles. Pola súa parte, os representantes dos concellos reunidos cos sindicatos adoptaron igualmente medidas de apoio, como foi a merca de entradas fila cero nun partido que se organizou para recadar fondos. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- Adquirir en nome do concello entradas da fila cero para o partido organizado en Monforte de Lemos para recadar fondos para os afectados polo peche das laxeiras por importe de mil euros (1.000,00€).

O portavoz do grupo popular di que ao seu grupo non se lle invitou á reunión e que se fai tarde e mal xa que os sindicatos non apoiaron a tempo.

O alcalde manifesta o seu apoio tanto á actuación dos sindicatos como da Consellaría de Traballo do goberno bipartito, actuación que espera que o actual goberno prorrogue.

1.11º.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA E NACIONALISTA SOBRE A HOMOFOBIA NAS ESCOLAS.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos socialista e nacionalista:

Os Grupos Municipais Socialista e do BNG, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presenta, diante do Pleno da Corporación esta MOCIÓN, en base a seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Homofobia constitúe unha das formas de odio máis estendidas no mundo, e que aínda se desprende na lexislación de varios países do mundo. Esta situación require de maiores esforzos de toda a sociedade, ata acadar unha igualdade real.

Por elo, está en mans dos representantes da cidadanía a responsabilidade última de promover os cambios sociais precisos para que as persoas que, pola súa orientación sexual, sufran algunha discriminación, poidan desenvolver a súa cotidianidade nas mesmas condicións de igualdade, liberdade e respecto que o resto de cidadáns e cidadás.

A Constitución consagra, no seu artigo 14, o dereito de todos os españois e españolas a non ser discriminados por "razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal e social". Por este motivo, os avances na loita contra calquera tipo de discriminación deben entenderse como progresos colectivos no camiño cara unha sociedade máis xusta.

Nos últimos catro anos, e impulsadas polo goberno, o noso país deu un salto fundamental para superar situacións de discriminación latentes. Desde leis específicas para equilibrar en dereitos ao conxunto da cidadanía, pasando polo recoñecemento da obrigación das institucións na loita contra a Homofobia, algunhas delas aprobadas tamén no Parlamento de Galicia, se foi cimentando un marco lexislativo e de acción que nos ten situado como un dos Estados referenciais respecto aos dereitos sociais e de cidadanía do mundo.

A homosexualidade e a transexualidade forman parte cada vez máis visible da realidade do noso país. Así, a nivel legal, heterosexualidade e homosexualidade son orientacións sexuais que en España acadaron a plena igualdade. Pero para que esta igualdade legal se converta en igualdade social é necesario traballar agora as actitudes e valores.

É moi importante que na etapa educativa se traballe para introducir os valores de igualdade e tolerancia que contribúan a normalizar a consideración entre iguais da orientación sexual. Por iso, traballar para acadar a aceptación entre a mocidade dunha realidade evidente como é a existencia de diferentes orientacións sexuais, todas elas, exactamente iguais de respectables, é fundamental.

Na Lei Orgánica de Educación se inclúe, dentro dos fins da educación, o pleno desenvolvemento da personalidade e das capacidades afectivas do alumnado e a formación no respecto os plenos dereitos e liberdades fundamentais e á igualdade efectiva de oportunidades entre homes e mulleres así como ó recoñecemento da diversidade afectivo-sexual e a valoración crítica das desigualdades que permitan superar os comportamentos sexistas.

Por outra banda, debemos ser conscientes de que esta realidade choca frontalmente ca que se vive noutros países do planeta. Os informes advirten que en máis de 60 países se discriminan e castigan penalmente as relacións entre persoas dun mesmo sexo. Unha realidade oculta que afecta especialmente ás mulleres. A maioría das infraccións de delitos contra as minorías sexuais ocorren en países con leis sexistas e discriminatorias, principalmente en países musulmáns e da África Subsahariana.

Por iso temos moitos retos pendentes, un deles o de introducir no cotiá os grandes avances sociais conquistados co apoio da cidadanía organizada.

Diferentes organismos e sobre todo movementos sociais de toda índole instaron ao goberno do Estado e ao conxunto das Institucións a continuar traballando ata conseguir eliminar a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero.

Un exemplo simbólico pero moi significativo é a petición de considerar o día 17 de maio, conmemoración da desclasificación da Homosexualidade como enfermidade mental pola OMS, como o Día Internacional contra a Homo e Transfobia.

Polo exposto, os Grupos Municipais Socialista e do BNG someten á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

1.- *Fomentar actuacións nos centros educativos tendentes a eliminar toda forma de violencia e a rexeitar os prexuízos que xeran actitudes homófobas.*

2.- *Traballar conxuntamente co Consello Escolar, as asociacións de nais e pais, as asociacións de estudantes, e os colectivos de GLTB, así como cas organizacións xuvenís.*

3.- *Apoiar o recoñecemento internacional do día 17 de maio como Día Internacional contra a Homofobia e Transfobia.*

4.- *Dar traslado desta Resolución á Xunta de Galicia e ao Goberno do Estado.*

Sometida a votación a proposta se aproba coa abstención da concelleira do PP Estrella Páez Figueiras e os dez votos a favor dos restantes concelleiros do PP e os socialistas e nacionalistas.

1.12º.- MOCIÓN DOS GRUPOS SOCIALISTA, NACIONALISTA E POPULAR SOBRE A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos socialista, nacionalista e popular:

Nos últimos anos a Xunta de Galicia ven subvencionando aos concellos para a realización de traballos de prevención de incendios forestais particularmente mediante a realización de rozas nas zonas que circundan aos núcleos de poboación. Está actuación amosouse necesaria e eficaz xa que permite non ter, en caso de incendio dedicar os medios de que se dispón para a protección de vivendas e persoas, podendo, polo tanto, concentrarse na defensa do monte. Consonante co anterior, os grupos municipais socialista, nacionalista e popular propoñen ao pleno do concello que adopte o acordo seguinte:

- Dirixirse ao Presidente da Xunta de Galicia e ao Conselleiro de Medio Rural instándolles a aumentar a dotación para as achegas aos concellos en materia de prevención de incendios forestais.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

Data	Contido
12/05/2009	Cesión Casa cultura Mulleres Rurais
12/05/2009	Lista definitiva admitidos auxiliar- administrativo media xornada
02/06/2009	Lista definitiva admitidos Técnico Local Emprego
02/06/2009	Lista definitiva admitidos Capataces
10/06/2009	Concesión casa Cultura Comisión Festas Pobra Brollón
07/07/2009	Autorización pancetada Castroncelos
07/07/2009	Autorización fogueira Eixón

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-21/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

En que condicións están as vivendas sociais no que respecta ao subministro eléctrico, defectos construtivos, etc.?

+ O alcalde responde:

Xa hai subministro eléctrico. En todo caso teñen que constituírse en comunidade de veciños para xestionar os servizos colectivos. Os defectos construtivos ten que arranxalos o construtor.

* P-22/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cómo está a xestión do punto limpo de Canedo?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Pronto se arranxará e de momento xa se están a recoller os plásticos.

* P-23/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Que se vai facer co camiión vello do lixo? A empresa Escort ía facer unha oferta.

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Non se lle encontrou saída no sentido de allealo ou alugalo. En todo caso serve para mellorar e reforza-lo servizo no verán.

* P-24/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Como se vai a arranxar o problema da pista de Fontela?.

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Vaise a ampliar a praza.

O portavoz popular pregunta si se fará algo máis.

O alcalde responde que se tomarán medidas para que non corra a auga polo camiño.

* P-25/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Por que a biblioteca pecha polas tardes no verán?.

+ O concelleiro delegado responde:

Polas vacación do persoal encargado.

O portavoz popular di que agora hai máis demanda e pregunta porque non a atende o técnico deportivo.

O concelleiro delegado di que este acaba de ser contratado, e que, como o seu nome indica non é a súa función.

O alcalde engade que cando gobernaba o PP tamén se pechaba.

* P-26/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Que se vai facer cos vehículos que entran na área recreativa?

+ A terceira tenente de alcalde responde:

Vaise sinalizar convenientemente.

* P-27/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Recibín queixas de varios veciños por non estar en condicións o camiño da Ferreirúa que conduce ás fontes. Pensa vostede facer algo?

+ O alcalde responde:

Vaise facer, pero na parroquia había outras prioridades. Non creo que foran moitos os veciños que se queixasen por ese.

O portavoz popular di que só llo dixo un, pero que aínda así é importante.

O alcalde di que pronto se arranxará.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e duas horas e cincuenta e cinco minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e nove de agosto de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e dous de outubro de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E DOUS DE OUTUBRO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
José Antonio Álvarez Sánchez
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día vinte e dous de outubro de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

A concelleira Marisol Vázquez Salgado entra no salón de Plenos cando son as vinte e unha horas e quince minutos no momento que se indicará-

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do Acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión celebrada o día trece de xullo de dous mil nove.

O portavoz do grupo popular manifesta a súa desconformidade con que non se celebraran plenos en catro meses.

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o acordo seguinte adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- *Declarar como festas locais para 2010 as seguintes:*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Día	Festividade
7 de xuño	Luns seguinte ó Corpus
27 de agosto	San Victoiro

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o acordo seguinte adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local, propoño ao pleno a súa ratificación.

1.- Aproba la inclusión no PEIM Rural 2009 das obras que se indican:

- *Camiño da estrada LU-653 a Ferreiros.*
- *Camiño en Fornelas.*
- *Camiño en Vilachá.*
- *Canalización cuneta en Piño.*
- *Praza de Valdolide (A Ferreirúa)*
- *Camiño Martul a Vilarmao (Castroncelos)*
- *Camiño en Lamelas (Lamaigrex).*

2.-Por a disposición, libres de cargas e gravames tódolos terreos necesarios para a normal execución das obras así como os correspondentes permisos e autorizacións legalmente esixidos para levar a cabo as obras.

3.- Renunciar expresamente a reter da achega deste concello calquera tipo de tributo por mor das obras de referencia.

4.- Asumir, unha vez recibidas provisionalmente as obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a explotación, mantemento e conservación das mesmas.

5.- Comprometerse expresamente a que as obras non se someterán a ningunha modificación importante desde a súa entrega ata que se cumpra o prazo de cinco anos desde esta.

5.1.- Que afecten á súa natureza ou ás súas condicións de execución.

5.2.- Que resulten, dun cambio na natureza do réxime da propiedade da infraestrutura.

6.- Asumir todas cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades que se produzan no cumprimento do compromiso adquirido polo concello.

7.- Comprometerse a acreditar a efectiva dispoñibilidade dos terreos e demais requisitos esixibles pola normativa que regula a contratación administrativa antes da adxudicación definitiva.

8.- Facultar ao Alcalde D. José Luís Maceda Vilariño para tódolos tramites precisos no cumprimento deste acordo e expresamente para asinar o correspondente convenio.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- NOMEAMENTO DE XUÍZ DE PAZ.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

Estando vacante a praza de Xuíz de Paz, se convocou concurso público para optar a dita praza de acordo coas bases aprobadas no seu día polo Pleno que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No prazo establecido só se presentaron dúas aspirante polo que analizados os méritos de cada unha, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Elixir para o cargo de Xuíz de Paz da Pobra do Brollón á D^{na}. Ana Vázquez Ferreiros con D.N.I. número 34.257.622-L.

2.- Dar traslado deste acordo ó Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para os efectos previstos na lexislación vixente.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Neste intre, sendo as vinte e unha horas e quince minutos, entra no salón de sesións a concelleira Marisol Vázquez Salgado, quen se incorpora á sesión.

1.04º.- ORDENANZAS FISCAIS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A situación de crise económica que vive o mundo en xeral e o noso país en particular fai que a perda de recadación dos tributos do Estado repercuta nunha diminución da participación dos concellos nos mesmos.

Por outra banda o concello ten unha grande débeda á que debe atender en amortizacións e xuros a partir do ano que ven que ven arrastrada de hai moitos anos consecuencia de políticas anteriores equivocadas pero que non podemos deixar de resolver.

Iso fai necesario que o concello busque o xeito de mellorar a súa propia recadación incrementando moderadamente os impostos propios o que, por outra parte, afectará indirectamente a mellorar a participación nos ingresos procedentes do Estado. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Establecer os tipos de gravame para o exercicio 2010 e seguintes do Imposto sobre Bens Inmóbles tal como se indica no punto seguinte.

2.- Modificar o artigo 2 da Ordenanza Fiscal número 1 Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbles que queda redactada como sigue:

Artigo 2.

1. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza urbana, queda fixado no 0,75%.

2. O tipo de gravame do Imposto sobre Bens Inmóbles, aplicable aos bens de natureza rústica, queda fixado no 0,86%.

3. O tipo de gravame para os Bens Inmóbles de Características Especiais queda fixado no 1,3%.

3.- O artigo 4 e a disposición Final da ordenanza indicada quedan redactados como sigue:

Artigo 4.

Naquilo non expresamente previsto na presente Ordenanza, rexerán os preceptos contidos na Subsección segunda, da Sección terceira, do Capítulo II do Título II do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

4.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica leva sen actualizar dende que se estableceron polo Estado os actuais máximos e mínimos estando establecido no mínimo pese ao incremento da inflación nestes anos. Por outra banda, no seu día se fixo uso dunha posibilidade, legalmente admitida, pero que está en contra da lóxica e da propia política estatal. É a exención para os vehículos de máis de 25 anos, cando por outra parte cos plans Renove e similares o que se pretende que os vehículos antigos deixen de circular xa que supoñen máis perigo nas estradas e maior dano ao medio ambiente. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Incrementar, con efectos de un de xaneiro de dous mil dez, a cota do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica mediante a aplicación do coeficiente 1,1.

2.- Eliminar, con efectos de un de xaneiro de dous mil dez, a bonificación establecida para vehículos históricos ou de antigüidade mínima de vinte e cinco anos.

3.- O artigo 1º da Ordenanza Fiscal número 2 Reguladora do Imposto sobre Vehículos de Tracción Mecánica queda redactado como sigue:

Artigo 1º.

Aplicar, ao abeiro do establecido no artigo 95.4 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, o coeficiente 1,1 de incremento das cotas mínimas establecidas en dito corpo legal.

4.- No artigo 3º de dita ordenanza, onde di "...trinta días contables a partir..." se substitúe por "...trinta días contados a partir..."

5.- No artigo 5º da ordenanza, onde di "...da citada Lei 39/1988,..." se substitúe por "...do citado texto refundido,..."

6.- A disposición transitoria da ordenanza fiscal se substitúe pola seguinte:

Disposición transitoria:

Os vehículos que a trinta e un de decembro de dous mil nove gozasen da bonificación para vehículos históricos ou de antigüidade mínima de vinte e cinco anos, ou os que a tivesen concedida para o exercicio 2010 ou sucesivos, quedarán sen dita bonificación a partir do exercicio 2010.

7.- A disposición final da ordenanza queda redactada como sigue:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

8.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

O Imposto sobre Construcións Instalacións e Obras leva sen ser actualizado dende a súa implantación a raíz da lei 39/1988. O tempo transcorrido e a necesidade de acadar un nivel de ingresos axeitado para superar a actual crise económica aconsellan a elevación do tipo sen prexuízo de que se as circunstancias variasen se puidese modificar novamente á baixa. Consonte co anterior propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Establecer como tipo de gravame do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras o 3%.

2.- Modificar o artigo 1 da Ordenanza Fiscal número 3 Reguladora do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras substituíndo a expresión “artigo 101 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais” por “artigo 100 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004”.

3.- Modificar o punto 3 do artigo 3 de dita ordenanza que queda redactado como sigue:

3. O tipo de gravame será o 3%.

4.- Modificar o artigo 7 da Ordenanza citada substituíndo a expresión “referida Lei 39/1988” por “referido Texto Refundido”.

5.- A disposición final da ordenanza queda redactada como sigue:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

6.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

As taxas por prestación de servizos deben cubrir, sen superalo, o custo efectivo do servizo que financian. Tradicionalmente neste concello non se actualizan as taxas, debendo despois producir cada certos anos axustes á alza traumáticos pola súa contía. Para evitar que se repita esa situación, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Incrementar, con efectos de un de xaneiro de 2010 as tarifas establecidas no artigo 6º.2 da Ordenanza Fiscal número 8 Reguladora da Taxa por Recollida e Tratamento de Lixo na porcentaxe equivalente ao I.P.C. previsto polo Goberno e recollido nos Orzamentos do Estado para 2010.

2.- Incrementar, con efectos de un de xaneiro de 2010 as cantidade establecida en concepto de ecotaxa no artigo 6º.4 da Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa por Recollida e Tratamento de Lixo na porcentaxe equivalente ao I.P.C. previsto polo Goberno e recollido nos Orzamentos do Estado para 2010.

3.- Modificar o artigo primeiro da Ordenanza Fiscal número 8 Reguladora da Taxa por Recollida e Tratamento de Lixo substituíndo onde di “artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988” por “artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por recollida de lixo que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido”.

4.- Engadir ao artigo 6 da citada ordenanza fiscal o seguinte punto:

5. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementarán para cada ano no importe do incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro e o trinta un de decembro do exercicio anterior.

5.- A disposición final da ordenanza queda redactada como sigue:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

6.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía:

A taxa polo uso da rede de sumidoiros leva sen actualizar dende o ano 1996. A recadación que se acada non cubre o custo de mantemento do servizo nin os gastos que orixina polo que compre a súa actualización.

Dado o tempo transcorrido a elevación de tarifas sería bastante importante polo que procede facelo de xeito progresivo nos próximos tres anos e establecer para os seguintes un incremento anual que impida un novo desfase. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 1 da Ordenanza Fiscal número 9 Reguladora da Taxa da Rede de Sumidoiros substituíndo onde di “artigos 15 e 19 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa da rede de sumidoiros que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988” por “artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa da rede de sumidoiros que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido”.

2.- Modificar o artigo 5 da citada ordenanza que queda redactado como sigue:

Artigo 5. Cota tributaria.

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida á rede de sumidoiros esixirase por unha soa vez e consistirá na cantidade que para cada ano se indica:

Ano	2010	2011	2012
Cota	6,91€	7,95€	9,14€

2. A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos de sumidoiros e depuración establécese na contía fixa mensual que para cada ano se indica.

Ano	2010	2011	2012
Cota	0,79€	0,91€	1,04€

3.- Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, ambas cotas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.

4.- A disposición final da ordenanza queda redactada como sigue:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A taxa polo subministro de auga leva sen actualizar dende o ano 1996. A recadación que se acadou non cubre o custo de mantemento do servizo nin os gastos que orixina polo que compre a súa actualización.

Dado o tempo transcorrido a elevación de tarifas sería bastante importante polo que procede facelo de xeito progresivo nos próximos tres anos e establecer para os seguintes un incremento anual que impida un novo desfase. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- O artigo 1º da Ordenanza Fiscal número 10 Reguladora da Taxa polo Subministro de Auga queda redactado como sigue:

Artigo 1º.

Ao abeiro do establecido nos artigos 15 e seguintes do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, este Concello establece a Taxa por subministro de auga que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, as normas da cal atenden ó previsto no artigo 57 do citado texto refundido.

2.- O artigo 3º de dita ordenanza queda redactado como sigue:

Artigo 3º.-Contía.

1. A contía do taxa regulado nesta Ordenanza será a fixada na tarifa seguinte:

CONCEPTO	2010	2011	2012
1 Mínimo mensual de mantemento	2,30€	2,65€	3,04€
2 Tarifa por consumo (para tódolos usos) por cada metro cúbico,	0,30€	0,34€	0,40€
3 Dereitos de acometida na Pobra del Brollón (usos domésticos)	21,50€	24,73€	28,44€
4 Dereitos de acometida na Pobra del Brollón (demais usos)	28,67€	32,97€	37,92€
5 Dereitos de acometida, resto del municipio (tódolos usos)	358,37€	412,12€	473,94€
6. Dereitos de enganche en todo o Concello, tódolos usos	57,50€	66,13€	76,04€

2. Con efectos de un de xaneiro de cada ano a partir de 2013, inclusive, as contías indicadas experimentarán un incremento porcentual igual ao incremento do I.P.C. entre o día un de xaneiro e o trinta e un de decembro do ano anterior.

3. Aos efectos desta ordenanza, enténdese por acometida a primeira alta no servizo para cada vivenda ou local e o seu entronque na rede de abastecemento. Enténdese por enganche, cada unha das sucesivas altas que no seu caso se produzan ó longo da vida do servizo.

4. En caso de avaría no contador, facturárase, durante todo o período afectado, dende a última lectura anterior ata a solución da avaría, unha cantidade proporcional o consumo medio do ano natural anterior incrementado nun vinte por cento.

5. Quen utilice a auga dos abastecementos municipais para usos distintos dos previstos no artigo 1º, ou especialmente a utilice para regar nos meses de Xullo a Setembro, será sancionado cunha multa de 90'15 €. a primeira vez, 180'30 €. a segunda e 450'76 €. a terceira, e o corte do subministro na cuarta.

3.- Se elimina a disposición transitoria existente na ordenanza.

4.- A disposición final da ordenanza queda redactada como sigue:

DISPOSICIÓN FINAL

A presente Ordenanza Fiscal, da que a súa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno do Concello en sesión celebrada o día 22 de outubro de 2009 entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no B.O.P. e será de aplicación a partir do día un de xaneiro de 2010, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

5.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

As taxas por prestación de servizos deben cubrir, sen superalo, o custo efectivo do servizo que financian. Tradicionalmente neste concello non se actualizan as taxas, debendo despois producir cada certos anos axustes á alza traumáticos pola súa contía. Para evitar que se repita esa situación, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 1 da Ordenanza Fiscal número 22 Reguladora da Taxa pola prestación do Servizo de Punto Limpo no Concello da Pobra do Brollón substituíndo onde di “artigo 58 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais” por “artigo 57 do Texto Refundido da Lei 39/1988, Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004”.

2.- Incrementar, con efectos de un de xaneiro de 2010 as tarifas establecidas no artigo 4 de dita ordenanza na porcentaxe equivalente ao I.P.C. previsto polo Goberno e recollido nos Orzamentos do Estado para 2010.

3.- Engadir, a dito artigo 4 o punto seguinte:

3. No exercicio 2011 e sucesivos as tarifas do punto 2 deste artigo e a contía do punto 4 do mesmo se incrementarán para cada ano no importe do incremento do I.P.C. correspondente ao período entre o un de xaneiro e o trinta un de decembro do exercicio anterior.

4.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Recentemente se estableceron as tarifas do prezo público pola participación en excursións organizadas polo concello. Non obstante se observa que cando os desprazamentos son curtos resulta gravoso para os usuarios do servizo, polo que procede establecer novos tramos de tarifas. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Modificar o artigo 1 da ordenanza fiscal número 19 reguladora do prezo público pola participación en excursións organizadas polo concello substituíndo a expresión “artigo 41 da Lei 39/1.988 de 28 de Decembro Reguladora das Facendas Locais na súa actual redacción” por “artigo 41 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobada por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo”.

2.- Substituír no mesmo artigo a expresión “artigo 20.1 da mesma Lei” por “artigo 20.1 do mesmo texto refundido”.

3.- Modificar a táboa de tarifas do artigo 3 de dita ordenanza que queda como sigue:

Artigo 5º.- Prezo do servizo.

O prezo de servizo será o que se detalla en función da distancia dende A Pobra do Brollón ao punto de destino:

<i>Distancia</i>	<i>Prezo</i>
<i>Ata 20 Km. inclusive</i>	<i>2,00 €</i>
<i>Máis de 20 Km. ata 30 Km inclusive</i>	<i>3,00 €</i>
<i>Mais de 30 Km ata 50 Km. inclusive</i>	<i>5,00 €</i>
<i>Máis de 50 Km. ata 100 Km. inclusive</i>	<i>8,00 €</i>
<i>Máis de 100 Km. ata 150 Km. inclusive</i>	<i>10,00 €</i>
<i>Máis de 150 Km. ata 200 Km. inclusive</i>	<i>12,00 €</i>
<i>Máis de 200 Km., por cada tramo de 50 Km.</i>	<i>3,00 €</i>

4.- Modificar a disposición final da ordenanza citada substituíndo onde di “vinte de agosto de dous mil oito” por “vinte e dous de outubro de dous mi nove”.

5.- Facer público o presente acordo e a ordenanza modificada por prazo de trinta días hábiles a efectos de exame e reclamacións considerándoos definitivamente aprobados de non presentarse ningunha.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Maila votación unánime en tódolos acordos deste punto se produce un debate sobre o conxunto deles que en resumo é o seguinte:

O portavoz popular di que nun dos preámbulos se fala de débedas antigas. Os representantes do P.S.O.E. e do B.N.G. teñen todos máis de trinta anos e é unha mágoa que non tivesen antes o afán de presentarse para solucionalo, xa que o B.N.G. non fixo lista en doce anos. Amosase de acordo en que hai que subí-la presión fiscal, aínda que non ten claro o dos vehículos de máis de 25 anos xa que en Saa non hai contaminación. Pregunta, para rematar, que ocorre se o I.P.C. é negativo.

O concelleiro delegado de facenda di que se non se presentaron foi por cuestións persoais de cada un. Agradece o apoio á proposta indica que outros concellos gobernados polo P.P. teñen aínda máis débeda.

O alcalde di que a ningún lle gusta subí-las taxas, pero é necesario,. Hai máis servizos e menos ingresos, e para mante-los servizos hai que tomar medidas por responsabilidade. Agradece así mesmo o apoio do P.P. a este acordo que se fai en cumprimento do plan de saneamento aprobado.

O portavoz popular di que nos dous últimos anos non se amortizou débeda xa que se refinanciou. Que este goberno ten cen mil euros de créditos e hai un aumento do custo do goberno de 50.000 euros.

O alcalde di que o portavoz popular fai unha análise simple e demagóxica xa que a causa da débeda non é o que cobra o grupo de goberno. Que o único crédito que formalizaron foi para adquirir un tractor que era necesario, e o outro foi unha operación de tesourería.

1.05º.- MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Unha das preocupacións deste goberno do concello e a normalización do uso do galego no seu ámbito. A tal fin, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre o concello e a Mesa pola Normalización Lingüística co texto que figura a seguir.

2 Facultar á primeira tenente de alcalde para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura do convenio.

PRIMEIRO

O Concello da Robra do Brollón faise socio-colaborador da Mesa pola Normalización Lingüística, contribuíndo con 300,00€ no ano 2008, contía que fará efectiva na conta que lle indique a Mesa. A forma de pagamento será contra factura emitida pola Mesa pola Normalización Lingüística do cincuenta por cen á sinatura do presente convenio e do restante cincuenta por cen á presentación da memoria das actividades realizadas.

SEGUNDO

Por ser socio-colaborador o Concello:

- Poderá usar a imaxe de "socio-colaborador da Mesa" naqueles lugares onde considere oportuno.
- Terá preferencia na asistencia a calquera tipo de evento organizado pola asociación.
- Terá un desconto dun 10% na adquisición de material da Mesa e da revista Longa Lingua, que edita a asociación.
- Recibirá o material que A Mesa edite nas súas campañas.

TERCEIRO

A Mesa pola Normalización Lingüística comprométese a colaborar no proceso de normalización do concello realizando tarefas de asesoramento e subministrando a información que considere de interese para lograr os obxectivos.

CUARTO

O Concello da Robra do Brollón e A Mesa pola Normalización Lingüística desenvolverán conxuntamente as seguintes campañas de galeguización, para sensibilizar e impulsar a normalización en determinados sectores do concello:

1. Atención á cidadanía. A Mesa porá en marcha a *Liña do Galego*. Este servizo tramitará todo tipo de queixas relacionadas cos dereitos lingüísticos, atenderá dúbidas sobre dereitos e deberes a respecto do uso do galego e sobre trámites vinculados con estas cuestións (galeguización de nomes e apelidos, etc).

2. Administración municipal.

-campaña sobre o dereito lingüísticos dos cidadáns ante a administración, charlas dirixidas a traballadores e traballadoras municipais.

A Mesa presenta esta campaña para ser lanzada xunto con outras actividades de formación do funcionariado. A Lei 7/2007, do Estatuto Básico do Empregado Público, sinala que os cidadáns e cidadás teñen dereito a ser atendidos oralmente en galego en calquera administración ou empresa pública, por iso a iniciativa é tanto sensibilizadora dos traballadores e traballadoras do Concello como do conxunta da cidadanía, para que sexa consciente dos seus dereitos lingüísticos.

3. Turismo e hostalaría. Coa campaña EN GALEGO, A PEDIR DE BOCA quérese difundir a lexislación lingüística referente ao uso do galego en restaurantes e das cafetarías de Galicia. O decreto 8/2007 establece a obriga de que estes establecementos ofrezan á súa clientela a información en galego. Este decreto apenas é coñecido, polo que A Mesa considera de vital importancia a súa difusión entre os empresarios afectados pola normativa para o seu cumprimento. Preténdese acompañar esta información de recursos que faciliten o cumprimento da normativa e que favorezan unha idea positiva desta lexislación ante quen a ten que por en práctica.

A Mesa encargarse de informar e asesorar aos establecementos sobre esta norma legal, e ofertará un servizo gratuíto de tradución dos menús. Para cada concello participante na campaña, A Mesa organizará en colaboración co concello unha xornada de formación sobre o programa.

Calendario

A campaña levarase a cabo durante todo o ano.

QUINTO

O Concello acepta de antemán a posibilidade de que a Mesa obteña a colaboración doutras entidades que, pola súa parte, contribuírán á ampliación das campañas co financiamento económico que corresponda.

SEXTO

En todos os materiais editados, así como nos actos de presentación ou neutros que se realicen, farase constar sempre a participación das dúas entidades asinantes deste convenio. Para este efecto, no material que se difunda constarán os sinais de identidade do Concello.

Do mesmo xeito, e en caso de que se acaden outras colaboracións, deberán aparecer tamén reseñadas.

SÉTIMO

A Mesa entregará ao Concello:

- exemplares de todo o material editado,
- unha memoria anual das campañas desenvolvidas,

OCTAVO

O período de vixencia do presente convenio é un ano, podendo prorrogarse por acordo das dúas partes.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.06º.- SOLICITUDES DE ACHEGAS Á XUNTA DE GALICIA.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Nos últimos anos o Concello conta cunha persoa contratada como axente de emprego e desenvolvemento local, servizo subvencionado pola Xunta de Galicia. A importancia dos traballos que desenvolve aconsellan que unha vez máis se manteña dito servizo. En consecuencia propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo proxecto de funcionamento no Concello da Pobra do Brollón do servizo de axente de emprego e desenvolvemento local cun orzamento de vinte e nove mil seiscentos cincuenta e tres euros con oito céntimos (29.653,08€).

2.- Solicitar da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 31 de agosto de 2009 da (D.O.G. número 182/2009 de 16 de setembro) una subvención por importe do 80% dos custos do proxecto aceptando integramente as condicións de financiamento que figuran na expresada orde e as que no seu caso se determinen na resolución pola que se conceda a subvención.

3.- Comprometerse a financiar con cargo ó orzamento do Concello a parte dos custos non subvencionados pola Consellaría.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Cultura ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Un dos servizos máis importantes que presta actualmente o Concello é o de información xuvenil. Para poder manter en funcionamento este servizo e desenvolver as habituais actividades destinadas á xuventude, propoño a adopción do seguinte acordo:

1.- *Aproba-lo orzamento para o funcionamento da Oficina Municipal de Información Xuvenil no ano 2009 por un total de corenta e sete mil cincocentos cincuenta euros con quince céntimos (47.550,15€) segundo o orzamento que se detalla:*

Programa	Concepto	Gastos	Ingresos
O.M.I.X.	Persoal	14.396,75€	
	Seguridade Social	5.049,40€	
	Material de oficina	4.510,00€	
	Auga, luz, teléfono, calefacción	8.656,00€	
	Edición de trípticos e guías.	3.580,00€	
	Campañas en radio, tv, etc.	3.395,00€	
	Reunións e conferencias	2.325,00€	
	Conexión á RIX.	5.638,00€	
	Achegas do Concello		11.887,54€
	Achegas da Consellaría de Familia.		35.662,61€
	Totais	47.550,15€	47.550,15€

2.- *Solicitar da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 11 de xuño de 2009 (D.O.G. número 125/2009 de 29 de xuño) unha achega total de trinta e dous mil setecentos oitenta euros con noventa céntimos (35.662,61€) equivalente ó 75,00% do orzamento total aceptando integramente as condicións que se sinalan na indicada orde a as que no seu caso se establezan na resolución pola que se conceda a subvención.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller:

Tendo en conta o funcionamento do Servizo de educador familiar, e sendo conveniente mantelo en funcionamento en anos sucesivos, propoño ó pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- *Aproba-la memoria de funcionamento do servizo de educador familiar no concello da Pobra do Brollón, por un importe total de dezasete mil setecentos oitenta e catro euros con noventa e catro céntimos (17.784,94€)*

2.- *Solicitar da Consellaría de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, ó abeiro da orde de 7 de setembro de 2009 (D.O.G. número 182/2009 de 16 de setembro) unha achega por importe de trece mil trescentos once euros con setenta céntimos (13.311,70€) para a o funcionamento do servizo, aceptando integramente as condicións de financiamento establecidas na mencionada orde.*

3º.- *Comprometerse a aporta-la cantidade de catro mil catrocentos trinta e sete euros con vinte e catro céntimos (4.437,24€) equivalente ó 25% da inversión a realizar.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.07º.- BAIXAS EN INGRESOS E GASTOS DE ORZAMENTOS PECHADOS.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Facenda ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

O servizo de recadación executiva tenllo encargado o Concello ó servizo de recadación da Deputación. Periodicamente este organismo comunícanos as baixas que se producen no total pendente por

diversos motivos como prescricións, incobrables ou baixas. Polo tanto, e depurada toda a información contable de que dispón o Concello, propoño ó Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aproba-lo expediente de baixas de dereitos recoñecidos pendentes de cobro polo importe que se sinala distribuídos nas anualidades e nos conceptos que se indican, con cumprimento das prescricións legais establecidas.

Ano	Partida	Concepto	Baixas	Saldo actual
1997	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	116,63	211,04
1998	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	341,48	685,39
1999	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	400,56	542,88
2000	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	114,22	1.339,17
2001	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	250,54	1.854,43
2002	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	310,50	3.292,95
2003	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	390,64	3.397,71
2004	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	424,72	4.353,15
2005	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	390,64	4.428,22
2007	113	Imposto sobre vehículos de tracción mecánica	17,67	5.762,97
2005	455	Transferencias correntes da Comunidade Autónoma	983,17	0,00
2007	782	Transferencias de capital Plan Leader+	1.732,68	0,00
2008	455	Transferencias correntes da Comunidade Autónoma	3.394,15	11.168,61
2008	455	Transferencias correntes da Comunidade Autónoma	95,54	5.240,26

2.- Aproba-lo expediente de baixas de obrigas recoñecidas pendentes de pago polo importe que se sinala distribuídos nas anualidades e nos conceptos que se indican, con cumprimento das prescricións legais establecidas.

Ano	Partida	Concepto	Baixas	Saldo actual
2007	121-220	Material de oficina. Servizos xerais.	223,39	0,00

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.08º.- CAMIÑOS.

Este asunto se retira da orde do día para mellor estudio.

1.09º.- PALCO DA FESTA DE CEREIXA.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Visto o escrito da Asociación de Veciños de Cereixa e tendo en conta que no Inventario de Bens do concello non figura o palco de Cereixa, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

- Comunicar á Asociación de Veciños de Cereixa María Castaña a imposibilidade de que o concello lle ceda o palco da festa de Cereixa por non ser titular do mesmo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.10º.- AFORRO NOS SERVIZOS ENERXÉTICOS DO CONCELLO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

A liberalización do mercado eléctrico en España produciuse no ano 2003, logo da aprobación da Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico, ao traspasar a Directiva 2003/54/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 26 de xuño de 2003, sobre normas comúns para o mercado interior da electricidade.

Coa nova normativa, mantéñense reguladas as actividades de transporte e distribución, dada a súa característica de monopolios naturais, mentres que se liberalizan as actividades de xeración e comercialización.

Isto supón a posibilidade de contratar a subministración de enerxía eléctrica cunha "comercializadora", independente da "distribuidora", que é a propietaria das instalacións que chegan ata o destinatario final da subministración.

A desaparición da Tarifa Regulada para as subministracións de Baixa Tensión a partir de xullo de 2009, fai necesaria a contratación da empresa comercializadora que subministrará a partir de tal data.

Este Concello estima conveniente implementar, mediante concertación con outros municipios da provincia a través da Deputación, a adquisición conxunta da subministración de enerxía eléctrica, coa finalidade de obter unhas mellores condicións de subministración, así como unha previsible mellora das condicións económicas debido ao volume a contratar realizándoo de forma conxunta, tratando de aproveitar as economías de escala que se xeran.

O aforro no gasto corrente municipal ligada a eficiencia na prestación dos servizos públicos locais, constitúe unha esixencia permanente dunha Administración ao servizo dos cidadáns, esta esixencia faise máis evidente nos momentos de crise económica como o presente.

A concertación intermunicipal mediante adquisición conxunta da subministración de electricidade precisa da centralización dos procesos de contratación nunca Administración intermedia como é a Deputación provincial é, a tal efecto, transferir mediante a oportuna delegación as funcións correspondentes.

O artigo 40.2 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público establece que os órganos de contratación poderán delegar as competencias e facultades en materia de contratación cumprindo canto se establece nas normas aplicables.

Igualmente, o Título II da Lei 30/2007, regula a racionalización técnica da contratación poñendo ao servizo de tal medida as figuras dos "acordos marco", os "sistemas dinámicos de contratación" e a contratación centralizada ou conxunta atribuíndo a mesma as denominadas "centrais de contratación".

A súa vez, a Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, regula o procedemento e alcance da delegación intersubxectiva de competencias. Pola súa banda o artigo 47.2.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, esixe o quórum da maioría absoluta legal para a adopción dos acordos de transferencia de funcións ou actividades noutras Administracións públicas; requisito do que se deriva que a competencia para a adopción dos acordos de delegacións ou transferencias de funcións ou actividades se atribúa ao Pleno do Concello.

Con fundamento en canto antecede, propónse ao Pleno do Concello a adopción do seguinte acordo:

1.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo a contratación da subministración eléctrica aos edificios e servizos municipais que se relacionan no anexo número I deste acordo, aos efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia..

A delegación alcanza a todos actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizáranse entre a empresa adxudicataria e o Concello

2.- O Concello obrígase a formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación centralizada efectuada pola Deputación Provincial, nos termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas económico administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.

3.- A Deputación Provincial poderá exercer a competencia delegada, nos termos do párrafo primeiro deste acordo, mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime oportuno

Polo demais, o réxime xurídico do exercicio da delegación aterase a canto se establece na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público; Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local; Lei 5/1997, do 5 de agosto, de administración local de Galicia e na Lei 54/1997 de 27 de novembro do Sector Eléctrico.

4.- O de duración do contrato será de

5.- O presente acordo deberá publicarse no Boletín oficial de Provincia, en cumprimento de canto se establece polo artigo 13 da Lei 30/1992.

6.- Facúltase ampla e expresamente ao señor Alcalde-presidente para que, en nome e representación do Concello, asine o correspondente convenio co que as cláusulas se inclúen como anexo ao presente no que se formalice a delegación de competencias acordada.

Anexo I

As instalacións a que se refire o punto 1 do acordo son tódolos edificios municipais, punto limpo, campo de fútbol, polideportivo, pista de tenis, colexio público, depuradoras e bombeos de auga e alumeados públicos actuais ou con que no futuro conte o concello

Anexo II

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto do presente convenio é a delegación na Deputación Provincial de Lugo da tramitación do expediente de contratación da subministración de enerxía eléctrica aos alumeados públicos, edificios e servizos de titularidade municipal pertencentes ao Concello da Pobra do Brollón, que se relacionan no Anexo I, para os efectos da súa contratación centralizada ou conxunta con outros municipios da provincia.

A delegación inclúe todos os actos administrativos de tramitación do expediente de contratación, dende a fase de preparación ata a adxudicación definitiva, manténdose a titularidade municipal das respectivas subministracións, de tal forma que os respectivos contratos de subministración formalizaranse entre a empresa adxudicataria e o Concello da Pobra do Brollón.

SEGUNDA. COMPROMISOS DO CONCELLO

O Concello da Pobra do Brollón comprométese a:

1. Subministrar canta documentación e información lle sexa precisa á Deputación de Lugo en calquera das fases do procedemento de contratación para unha correcta tramitación do expediente.
2. Formalizar o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria da contratación efectuada pola Deputación Provincial, nos termos fixados na licitación e nos correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, e ao cumprimento estrito de todas e cada unha das obrigas que do mesmo se deriven.
3. En especial o Concello da Pobra do Brollón obrígase a manter o contrato coa empresa comercializadora que resulte adxudicataria polo prazo que se estableza nos pregos e asume, igualmente, as prórrogas que poidan producirse, de acordo co disposto neles.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

A Deputación Provincial de Lugo asume os seguintes compromisos:

1.- Exercer a competencia delegada, nos termos do presente convenio mediante a tramitación do expediente de contratación da subministración de electricidade de forma centralizada ou conxunta ou, no seu caso, mediante os acordos marco aos que, por este acordo, se considera adherido este municipio, sen prexuízo de calquera outra forma de selección do contratista que estime .

2.- A facilitar, durante a tramitación do expediente de contratación canta información lle sexa requirida polo Concello de , sobre o estado de tramitación do mesmo e calquera outra derivada do citado expediente.

CUARTA. NATUREZA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A DELEGACIÓN.

Este convenio ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico administrativo, con expresa submisión das partes á xurisdición contencioso-administrativa. O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexerase polo establecido nas cláusulas do mesmo e pola lexislación administrativa que lle sexa de aplicación.

QUINTA.- INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

1.- As dúbidas que se presenten na súa interpretación, no caso de que haxa discrepancias, resolveranse, previa audiencia ó Concello da Pobra do Brollón, pola Deputación Provincial de Lugo poñendo así fin á vía administrativa.

2.- Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto,*
- O incumplimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumplimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.*
- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes*
- A paralización do procedemento que supoña o non ter adxudicado definitivamente o contrato nun prazo máximo de seis meses dende a firma do convenio.*

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

SEXTA.- VIXENCIA DO CONVENIO NO QUE SE FORMALIZA A PRESENTE ENCOMENDA DE XESTIÓN

Este convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura. A vixencia manterase ata a finalización do expediente de contratación ou ata o momento no que, por motivos debidamente xustificados, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello da Pobra do Brollón poidan acordalo.

O presente convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado someténdose ambas as dúas partes ao acordado en todas as estipulacións. Así o outorga no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por exemplar triplicado.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.11º.- CONVENIO SOBRE O PROGRAMA “XANTAR NA CASA”.

Dáse conta da seguinte proposta do Concelleiro Delegado de Muller ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

No noso concello hai moitas persoas de avanzada idade e que vive soas. Moitos deses, teñen unha alimentación descontrolada, non xa por falta de medios, senón pola progresiva perda de conciencia que se produce cos anos. Para axudar a esta xente existe un programa de “xantar na casa” que en co-operación entre a Xunta de Galicia e os concellos permite acercarlle ós veciños que máis o solicitan co-

mida elaborada por unha empresa de catering. Visto o éxito do programa neste ano, propoño ó Pleno que adopte o acordo seguinte:

- 1.- Aprobar o programa de xantar na casa no concello da Pobra do Brollón.*
- 2.- Aprobar o convenio a asinar entre o Consorcio Galego de Servizos da Igualdade e do Benestar e o concello da Pobra do Brollón para o desenvolvemento do programa "xantar na casa" de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.*
- 3.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.*

CLÁUSULAS PRIMEIRA.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto regular o marco de colaboración entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de A Pobra do Brollón para o desenvolvemento do programa "Xantar na Casa" no mesmo.

SEGUNDA.- PERSOAS BENEFICIARIÁS DO PROGRAMA

Son beneficiarías do programa "Xantar na Casa" as persoas empadroadas e que sexan residentes no concello e que cumpran os seguintes requisitos:

1º) Persoas maiores de 60 anos, que teñan limitada a súa capacidade de autonomía persoal, e sen rede de apoio que puidese suplir tal situación.

2º) Persoas dependentes, que carezan de apoio familiar, e requiren de axuda para a preparación de alimentos.

3º) Persoas menores de 60 anos en situación de exclusión social, tecnicamente avalada polos servizos sociais do Concello.

TERCEIRA.- INCLUSIÓN DE PERSOAS BENEFICIARIÁS NO PROGRAMA

O Concello facilitará ao Consorcio, tras a correspondente avaliación dos Servizos Sociais municipais unha relación de, como mínimo, 6 futuras persoas beneficiarías do programa, con indicación dos domicilios onde debe efectuarse a entrega, o teléfono de contacto e, no seu caso, a persoa responsable de servir a comida á persoa beneficiaría.

Unha vez iniciada a prestación do servizo, o Concello comunicará ao Consorcio as altas ou baixas das persoas beneficiarías do mesmo nun prazo non superior a 15 días desde o momento en que estas se produzan, debendo garantir durante a vixencia do programa un número mínimo de 6 persoas beneficiarías.

No caso de producirse unha baixa no servizo deberá producirse a comunicación dunha nova alta nun prazo non superior a un mes.

CUARTA.- DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA XANTAR NA CASA

O Consorcio desenvolverá o programa "Xantar na Casa" no concello de A Pobra do Brollón segundo a relación de persoas usuarias facilitada polo concello consonte ao previsto no parágrafo 1º da cláusula anterior.

O Consorcio garantirá as persoas beneficiarías do programa a entrega, cando menos, unha vez á semana no domicilio indicado, do xantar para os sete días da semana durante o período en que se atopen de alta no servizo.

A alimentación dos usuarios será completa e equilibrada, variada e adaptada as súas necesidades, os seus gustos e hábitos. Todos os menús estarán supervisados por persoas técnicas especialistas en nutrición. Realizarase un inquérito de calidade con carácter periódico.

O Consorcio facilitará ademais os medios necesarios para o remonte calorífico dos xantares, así como as instrucións sobre o seu manexo e correcta utilización, asesorando presencial e/ou telefonicamente as persoas usuarias de cantas circunstancias concorran no servizo.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, o Concello facilitará as persoas beneficiarías a información necesaria sobre as características, duración e custo do servizo de xantar, así como todas aquelas indicacións que sexan precisas para a correcta recepción deste.

QUINTA.- OBRIGA DE COMUNICACIÓN RECÍPROCA

O Consorcio comunicará ao Concello calquera incidencia relativa as persoas beneficiarías que poida producirse na prestación do programa "Xantar na casa", así como calquera información relativa ao benestar e/ou situación persoal, física, anímica ou social da persoa beneficiaría competencia dos Servizos Sociais municipais.

O Concello está obrigado a informar, así mesmo, ao Consorcio de todas aquelas cuestións relativas as persoas beneficiarías e que poidan incidir na prestación do servizo.

O Consorcio remitirá ao Concello un comunicado onde se consignarán as incidencias que, no seu caso, puidesen presentarse na prestación do servizo.

SEXTA.- FINANZAMENTO E PAGO

O custo máximo do servizo de xantar será de 7,5 euros por persoa e día. Desta cantidade a persoa beneficiaría achegará o 26,67%, o Concello achegará o 26,67%, e o Consorcio 46,66% restante. As achegas do Consorcio e o Concello faranse con cargo á partida prevista aos ditos efectos nos seus respectivos orzamentos.

A parte correspondente ao Consorcio está financiada con cargo á transferencia para tal fin da Secretaría Xeral de Familia e Benestar dependente da Consellería de Traballo e Benestar, financiada a través de convenio co INSERSO, financiado polo Plan E.

Calquera bonificación á parte correspondente á achega do usuario correrá por conta do Concello, con cargo aos seus orzamentos. O Concello deberá comunicar ao Consorcio a contía da bonificación, acordando entre ambas as partes a forma de liquidación da mesma.

O Concello deberá comunicar ademais ao Consorcio todas aquelas subvencións que reciba para o financiamento da súa achega, no que se refire tanto á súa contía como á institución emisora.

O Concello aboará ao Consorcio o importe da súa achega cunha periodicidade trimestral, unha vez practicada polo Consorcio a liquidación correspondente ao dito período.

SÉTIMA.- SEGUIMENTO DO PROGRAMA

O Consorcio e o Concello designarán, cada un deles, unha persoa que se responsabilizará do cumprimento da obriga de comunicación recíproca das partes referida na cláusula 5ª deste convenio, e do tratamento e xestión de toda a información relativa ao desenvolvemento do programa "Xantar na Casa".

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a vixilancia e seguimento do convenio encomendase a unha comisión mixta integrada polo Xerente do Consorcio e o Alcalde Presidente do Concello, ou persoas en quen deleguen, que se reunirá, cando menos, unha vez ao ano.

A dita comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación, e seguimento das actuacións estipuladas neste convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio.

OITAVA.- ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

Este convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá unha duración de un ano, entendéndose prorrogado tacitamente se non hai denuncia expresa das partes, comunicada cunha antelación de trinta días.

A vixencia do convenio quedará condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento das partes asinantes para financiar as obrigas derivadas do mesmo.

NOVENA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución deste Convenio o mutuo acordo das partes e o incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.

No caso de impago dos custos asumidos polo Concello por un período superior a 3 meses, o Consorcio poderá rescindir o convenio, producíndose o cese da prestación do sen/izo no Concello.

DÉCIMA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición deste convenio non implicará relación contractual ningunha entre o Consorcio e o Concello e as persoas que desenvolvan as actividades que constitúen o obxecto do mesmo, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento deste convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN CONTRACTUAL

O Consorcio non establecerá nin asumirá relación contractual nin laboral de ningún tipo coas persoas que por virtude da prestación deste servizo ou dun sen/izo de características similares o concello estivese prestando con anterioridade á sinatura deste convenio.

Así mesmo non asumirá aqueles convenios ou contratos con outras entidades ou empresas que estivesen a prestar este servizo de xeito directo ou indirecto no concello.

DÉCIMO SEGUNDA.- PROTECCIÓN DE DATOS

O Consorcio e o Concello comprométense a cumprir as medidas de seguridade, en función dos datos que poidan ser cualificados como datos de carácter persoal, segundo a Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal.

DÉCIMO TERCEIRA.- CARÁCTER ADMINISTRATIVO DO CONVENIO

Este convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do Sector Público, ao abeiro do disposto no artigo 4.1.c) da Lei 30/2007, do 30 de outubro; podendo aplicarse, non obstante, os principios do devandito texto legal para a resolución das dúbidas ou lagoas que puidesen presentarse.

As cuestións litixiosas que xurdan con respecto á interpretación, modificación, resolución e efectos deste convenio serán resoltas, en primeira instancia, pola comisión de seguimento. Os confutes que poidan xurdir polas partes e que non poidan ser resoltas na dita comisión someteranse á resolución da Xurisdición Contencioso-Administrativa, dado o carácter administrativo do convenio.

O portavoz popular pregunta cantos usuarios se deron de baixa.

O alcalde responde que se da servizo a seis persoas, aínda que algúns se deron de baixa por entrar no centro de día.

O portavoz popular di que o ano pasado votaron en contra porque consideraban o programa insuficiente ao haber cento cincuenta persoas que viven soas preguntase se o feito de que non haxa lista de espera é polo descontento co servizo. Di que ao non incrementarse o servizo votarán en contra por insuficiente e que os cartos que se gastaron en traer un ballet ruso poderían haberse dedicado a isto.

O alcalde indica que se fixo campaña para incluír a máis xente pero o concello non pode aportar máis. Engade que son sensibles coas políticas sociais que melloraron estes dous anos.

A portavoz socialista aclara que a actuación do ballet ruso foi sen custo para o concello.

Sometida a votación a proposta se aproba cos cinco votos en contra do grupo popular e os seis a favor dos grupos nacionalista e socialista.

1.12º.- PROPOSTA PARA POR O NOME DE OLGA NOVO Á CASA DA CULTURA.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Do noso concello e nativa unha escritora que pese a ser aínda nova ten acadado xa un amplo recoñecemento. Ninguén do noso concello, no último século, acadou tan alto nivel no mundo da cultura, nin pode por tanto representar mellor á Pobra do Brollón, como embaixadora do noso pobo no exterior. Trátase ademais dunha persoa que presume das súas raíces e non dubida en presentarse en todas partes como nativa deste concello.

Polo motivo exposto, os grupos Nacionalista e Socialista do concello, propoñen ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- Por á Casa da Cultura deste concello o Nome de Olga Novo en homenaxe a dita escritora.

O portavoz popular di que lamenta que a proposta non fose consensuada co seu grupo para evitar un cambio de nome en cada cambio de goberno. Di que Olga Novo ten un currículo loable para a súa idade, pero é mellor que se chame simplemente Casa da Cultura da Pobra do Brollón. Engade que a quen se debe recoñecemento é ao doutor Calviño que non ten nin unha rúa, só un trofeo, polo que propón que de poñer un nome se poña o seu.

A portavoz socialista di que Olga Novo é unha persoa comprometida con Galicia e coa lingua e que pode levar o nome do concello por Europa. Engade que non ten nada contra o nome de Calviño, pero que sendo un político pode xerar rexeitamento en parte da poboación.

O alcalde di que Olga Novo é unha poetisa e filóloga relevante, cun currículo cultural considerable o que non ocorre co doutor Calviño. Engade que no caso de por o nome dun alcalde habería que poñer o do que fixo a casa da cultura, ou o de Antonio Reboiro que xa na república propuxo a creación dunha biblioteca. En todo caso para o doutor Calviño encaixaría máis poñerlle o seu nome ao campo de fútbol.

O portavoz popular di que o político non é o único recordo de Calviño que ademais foi deputado e en cambio pouca xente coñece a Olga Novo.

O alcalde di que non se valora a popularidade se non a transcendencia cultural. Hai que valorar e querer o que se ten. Di que en todo caso o grupo popular tivo tempo de recoñecer a Calviño, pero non o fixeron.

A portavoz socialista di que Calviño foi popular como político e como médico, pero que as connotacións políticas poden xerar rexeitamento sexan do partido que sexan.

Sometida a votación a proposta do P.P. de deixar sen nome concreto a Casa da Cultura, é rexeitada cos cinco votos a favor dos concelleiros do grupo popular e o seis en contra dos grupos socialista e nacionalista.

Sometida a votación a proposta dos grupos socialista e nacionalista e aprobada coas dúas abstencións das concelleiras do grupo popular Páez Figueiras e López González, os tres votos en contra dos restantes concelleiros dise grupo, e os seis votos a favor dos grupos socialista e nacionalista.

1.13º.- MOCIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS A TER EN CONTA PARA A DISTRIBUCIÓN DO NOVO FONDO ESTATAL DE INVESTIMENTO LOCAL PARA O ANO 2010.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

No debate sobre o situación do Estado, o presidente do Goberno anunciou que os Orzamentos Xerais do Estado para o próximo ano 2010 contemplarán un novo Fondo de Investimento Local dotado de 5.000 millóns de euros, dedicado a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental, tecnolóxicos e de investimento para centros sociais, especialmente relacionados coa dependencia. O novo

decreto sobre este Fondo estaría aprobado en outubro de maneira que os concellos poderán acollerse a este fondo a partir do 1 de xaneiro de 2010.

Preocúpanlle aos concellos galegos cales van ser os criterios a seguir á hora de repartir os recursos do novo Fondo Local, dado o precedente do actual, no que se utilizou a poboación total como única variable para establecer a asignación orzamentaria a cada concello. Dende os grupos Nacionalista e Socialista consideramos que o Goberno do Estado debe ter presente outros factores que inflúen na variable de poboación, como son a dispersión xeográfica, a implantación actual das novas tecnoloxías, ou a poboación maior de 65 anos.

A distribución da poboación no territorio galego caracterízase precisamente pola súa elevada dispersión, con poboacións concentradas en pequenos núcleos poboacionais que complican e fan máis custosos os servizos públicos a ofrecer aos seus veciños e vacinas. Circunstancia que obriga aos concellos galegos a realizar investimentos superiores aos que se realizan en territorios onde a poboación se concentra en grandes núcleos de poboación. O feito de contar cun gran número de núcleos de poboación obriga a un maior número de investimentos, xa que logo, os recursos que se asignen a cada concello deberán asignarse tendo en conta tamén esta realidade.

O novo Fondo Local anunciado dedicárase a investimentos en proxectos de sustentabilidade ambiental e tecnolóxicos. Polo tanto, o grao de introdución das novas tecnoloxías deberá ser unha variable a ter en conta na distribución dos fondos.

De igual modo, o avellentamento da poboación debe ser outro dos factores a ter en conta á hora de ponderar a variable de poboación, en especial cando unha das finalidades do Fondo Local son os investimentos en centros sociais, sobre todo os relacionados coa dependencia. Galicia posúe unha alta porcentaxe de poboación avellentada que tamén aumenta os gastos en servizos públicos de asistencia as persoas maiores. Por iso é polo que tamén se debe ponderar o seu peso na variable de poboación.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que, á hora de distribuír o novo Fondo Estatal de Investimento Local para o ano 2010, se introduzan como criterios de reparto nos concellos a dispersión e o avellentamento da poboación, así como a introdución actual das novas tecnoloxías.

2.- Dar traslado deste acordo ao presidente da Xunta de Galicia, así como aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

O portavoz popular propón que se traslade o acordo ao Goberno de España e aos grupos parlamentarios do Estado.

O alcalde di que o debate interesa a Galicia pola súa particularidade na dispersión de poboación.

O portavoz popular retira da súa proposta o relativo ao parlamento estatal, pero mantén a do Goberno de España.

Sometida a votación este acordo con dito engadido, por unanimidade se acorda a súa aprobación.

1.14º.- MOCIÓN SOBRE MEDIDAS PARA MELLORAR O FINANCIAMENTO DOS CONCELLOS.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos nacionalista e socialista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

A crise económica está a supoñer unha forte redución de ingresos por parte das administracións públicas. Nos concellos, esta merma provoca un grave deterioro financeiro, o que sumado ao estrutural raquitismo do financiamento local, provoca tamén situacións próximas á bancarrota en moitos concellos. Polo tanto, compre adoptar medidas, tanto de carácter máis urxente e conxuntural como outras de carácter estrutural de cara a garantir unha estabilidade orzamentaria nos concellos que lles permita prestar de xeito eficaz os servizos que lle son encomendados.

Doutra banda, a Xunta de Galicia ten feito mención a unha redución do capítulo de impostos indirectos e de taxas e prezos, como consecuencia da actual situación de grave crise económica. Dende os grupos Nacionalista e Socialista consideramos que tal redución non debe afectar aos ingresos que reciben os concellos mediante o Fondo de Cooperación Local, polo que é necesario garantir que este ano os concellos reciban as cantidades previstas a tal efecto.

No mesmo sentido, é prioritario que o Goberno do Estado elabore un Plan que, ante a forte redución de ingresos públicos provocados pola crise, se garanta o gasto corrente aos concellos, e no suposto de liquidacións negativas na Participación de Ingresos do Estado que se aplique unha moratoria.

Por último, con respecto ao modelo de financiamento local, os concellos galegos, que representan aproximadamente o 6,5 % da poboación do Estado español, reciben un 5,27% da participación nos ingresos do Estado. Mentres os concellos de Galicia reciben 176,54 euros por habitante, a media no conxunto do Estado recibe 221,07 euros. Así, queda patente que o financiamento dos concellos desde o Estado é insuficiente e inxusto: so ten en conta a poboación (75%) e o esforzo fiscal (25%) e non ten en conta que os custos dos servizos en Galicia son máis altos que no resto do Estado pola dispersión poboacional e o avellentamento da poboación. Neste sentido compre recordar que Galicia conta coa metade dos núcleos de poboación do Estado: 36.000; e que a dispersión encarece os custos da prestación dos servizos.

Polo tanto, con carácter estrutural, é necesario reformar o financiamento local e incrementar a contía da participación nos ingresos do Estado. Así, demandamos a integración plena da transferencia da participación nos ingresos do Estado nos orzamentos da Xunta de Galicia, e esta transferencia deberá ter en conta o maior custo dos servizos en Galicia, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

Por todo isto, os grupos Nacionalista e Socialista propoñenlle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar á Xunta de Galicia a garantir para o 2009 as cantidades previstas para os concellos a través do Fondo de Cooperación Local e non recortar a dotación do Fondo de Cooperación Local para o ano 2010.

2.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado que elabore un Plan que garanta o gasto corrente aos concellos e un sistema de moratorias no suposto de liquidacións negativas das cantidades recibidas da Participación de Ingresos do Estado durante 6 anos, tal e como se ten manifestado a FEGAMP, diante da moción presentada pola FEMP'

3.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado a reforma urxente do financiamento local, de maneira que o novo modelo incremente a contía da participación nos ingresos do Estado, e dita participación dos concellos galegos se integre plenamente nos orzamentos da Xunta de Galicia. Así mesmo, demandarase que o novo modelo teña en conta o maior custo dos servizos en Galicia, derivado da dispersión dos núcleos e do envellecemento da poboación.

4.- Demandar da Xunta de Galicia a creación dun Fondo Galego de Investimento Local, semellante ao creado polo Estado.

5.- Dar conta deste acordo ao Goberno da Xunta de Galicia e aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galicia.

O portavoz do grupo popular de que a Xunta de Galicia xa actuou.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
14/07/2009	Decreto de concesión celebración noites alternativas
14/07/2009	Decreto autorización de II torneo de fútbol sala

16/07/2009	Decreto autorización celebración pancetada de Comisión de Festas de A Labrada do Lor
16/07/2009	Decreto de delegación de competencias na primeira tenente alcalde
31/07/2009	Decreto de nomeamento de auxiliares administrativo funcionarios
10/08/2009	Decreto autorización pancetada en Liñares
24/08/2009	Decreto autorización Técnico deportivo para uso da pranta baixa da casa da cultura festa anos 70/80
28/08/2009	Decreto de modificación SAF de Amardor Franco Iglesias
28/08/2009	Decreto de modificación SAF de Amelia González Ledo
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Ana Casas Pérez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Andrés Móndeolo Marcos
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Antonio Fernández López
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Antonio Rodríguez Vega
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Bivencia López Iglesias
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Dna. Carmen López Núñez e D. Jesús Macía Illanes
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Celestino Enriquez González
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Celestino Páez Páez
28/08/2008	Decreto de modificación de SAF de Consuelo Souto Carreira e D. Bernardino Casar Rodríguez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Delia Fuentes Besteiro
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Gloria Blanco Nuñez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Irene Souto Álvarez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Isolina Rodríguez Vega e D. Juan Manuel Pardellas Vázquez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Jesús López Iglesias
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Jorge Páez Ramallo
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de José González González
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de José Somoza Casas
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Manuel Moreira Moreira e Dna. Josefa López Moreira
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Jovita Camino Vila
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Julia Macía Touzón
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Leonisa Lago González
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Luis López Vega
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Luisa López Pérez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Maria Núñez Rodriguez
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de María PARDO DACAL
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Mª PASTORA LOPEZ PÁEZ

28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Paz Vázquez Freat
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Remedios Darriba Balboa
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Rosa Dieguez López
28/08/2009	Decreto de modificación de SAF de Vicente Núñez González e Dña. –Erundina Maceda Castaño
03/09/2009	Decreto relación de admitidos e nomeamento de tribunal para dúas prazas de auxiliar administrativo a media xornada laboral fixo
09/09/2009	Decreto Club de Cazadores da Pobra do Brollón- Tecor Societario LU-10.011 para o uso do salón de actos da casa da cultura
25/09/2009	Decreto autorización de foguetes para a festa de Canedo
29/09/2009	Decreto Asociación de mulleres rurais “ Miraflores” para realización de cursos
12/10/2009	Decreto resolución de recurso de Alzada de Bernardo Fernández Vila
16/10/2009	Decreto concesión de préstamo Yolanda Expósito Vázquez

2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-28/09

- Pregunta oral que formula a concelleira do grupo popular Paez Figueiras:

A concellaría de cultura axuda a creación de novas asociacións culturais?

+ O concelleiro delegado responde:

Hai axudas para o funcionamento, non para a creación.

- A concelleira di:

Non pregunto se hai axudas económicas, se non si se está a fomenta-la creación.

+ O concelleiro delegado responde:

Si, se apoia ás que se crean como o Gímaro Motor.

* P-29/09

- Pregunta oral que formula a concelleira do grupo popular Paez Figueiras:

Por qué a Casa da cultura non está habilitada para a escola de música?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Non reúne condicións xa que non hai aulas e a Unidade Técnica de Educación non a autorizou. O Colexio si que reúne os requisitos.

A concelleira pregunta:

Estanse a tomar medidas?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Non hai orzamento para iso. Estanse a facer xestións para acadalo.

* R-01/09

- Rogo oral que formula o portavoz do grupo popular:

Teño que felicitar ao concelleiro de cultura polo verán lúdico do que gozamos, pero pido que se fomente o asociacionismo e a creación de asociacións.

+ O concelleiro de cultura responde:

Se existe iniciativa se poñen medios a dispor.

* P-30/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Cal é o horario do técnico deportivo?

+ O concelleiro de cultura responde:

É flexible en función das actividades que haxa en cada momento.

* P-31/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Por qué os usuarios de ximnasia teñen que pagar cinco euros se o técnico xa cobra do concello?

+ O concelleiro de cultura responde:

Eses cartos se invisten en material.

+ O alcalde, clara:

O que se paga é para o concello segundo a ordenanza fiscal, non o cobra o técnico.

* P-32/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Contratáronse dous profesores para piano?

+ A primeira tenente de alcalde responde:

Só un, pero a profesora de coro tamén da piano. Cada profesor ten o seu horario e o seu grupo de alumnos.

* P-33/09

- Pregunta oral que formula a concelleira do grupo popular Vázquez Salgado:

Vaise limpar o camiño de Castiñeiras en Eixón?

+ O alcalde responde:

Hai polémica. Un veciño impedía o tránsito, agora xa non. Estou á espera de que os veciños digan a orde de prioridade dos camiños.

* P-34/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Con respecto á contratación de persoal para a recollida de lixo houbo erro na proposta do tribunal e na resolución do alcalde. Agora hai una sentenza. Que se vai facer?

+ O alcalde responde:

Na resolución se seguiu a proposta do tribunal. A sentenza non é definitiva e cabe a posibilidade de recurso. Naturalmente os particulares teñen dereito a recorrer, pero se está a valorar polos servizos xurídicos do concello a posibilidade de apelar a sentenza. Por outra parte o xuíz non apreciou mala fe ou temeridade na resolución.

- O portavoz do grupo popular di:

O P.P. xa avisou de que isto pasaría. Se foi con representación privada. Isto pódolle custar ao concello uns 15.000 euros. Penso que a decisión tivo un alto compoñente político e que no xulgado se dixo que se o querían botar que se fixesen unhas bases distintas.

+ A terceira tenente de alcalde, responde:

Se elaboraron unhas bases xustas. Os políticos non formaron parte do tribunal e se aceptou a decisión do tribunal. Se houbese compoñente política as bases serían doutra forma xa que estas consensuáronse co P.P.

+ O alcalde, responde:

Ninguén dixo de querer botalo.

- O portavoz do grupo popular di:

O dixo alguén que non era ningunha das partes. Quen formou parte do tribunal non debería de estar en máis tribunais. Houbo un erro de vulto no tribunal.

+ A primeira tenente de alcalde, responde:

Se rebaixou a esixencia de carné de conducir para que puidese concursar.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e tres horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a dezanove de novembro de dous mil nove.

v. e pr.

O Alcalde,



CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de decembro de dous mil nove, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL NOVE.

José Luís Maceda Vilariño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Adoración Fernández González
María Montserrat Macía Quiroga
Javier González González
José Antonio García Pérez
Marisol Vázquez Salgado
Oliva Eva López González
Estrella Páez Figueiras

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas do día vinte e nove de dous mil nove, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilariño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia dez, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Non comparece o Concelleiro José Antonio Álvarez Sánchez.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01.- APROBACIÓN NO SEU CASO DA ACTA ANTERIOR.

O portavoz do grupo Popular di que non se reflexa fielmente o que se dixo no Pleno anterior como por exemplo unha pregunta da concelleira Páez Figueiras ou diversos temas expostos polo portavoz Popular. Di que espera que cas novas tecnoloxías se mellore. Engade que a pregunta que fixo sobre o profesor de piano a resposta que figura non é o que dixo a tenente de alcalde, e que no se falou sobre o tema da recollida de lixo, se despacha con catro liñas todo o que se falou.

1.02º.- RATIFICACIÓN DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Comeza intervindo o portavoz popular dicindo que non recibiron unha das actas de 27 de novembro da Xunta de Goberno Local e que como oposición teñen dereito a elas que está colgada na web do concello e se remitiu por correo electrónico a unha das concelleiras do seu grupo pero aos demais mem-

bro non lles chegou pola vía ordinaria. Que nesa sesión se aprobou un crédito por importe de 120.000,00€.

O secretario sinala que puido ser un erro administrativo, pero que está clara a vontade de non ocultación cando se publica na web do concello e mesmo unha concelleira do grupo popular a recibe por e-mail.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo que sigue adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día 6 de novembro de dous mil nove, propoño ao pleno a súa ratificación

1.- Modificar o convenio entre o concello e a Asociación de veciños San Xurxo de Eixón asinado o oito de febreiro de dous mil sete engadindo ao final do mesmo un novo parágrafo que diga:

A duración deste convenio e da cesión do edificio será de cinco anos ata o trinta e un de decembro de dous mil catorce, prorrogándose por anos naturais salvo denuncia de calquera das partes con dous meses de antelación.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo e expresamente para a sinatura dun novo convenio.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo que sigue adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día 6 de novembro de dous mil nove, propoño ao pleno a súa ratificación

- Autorizar á Asociación de Veciños San Xurxo de Eixón para realizar obras de renovación da cuberta e acondicionamento dunha planta do edificio da Casa Escola de Eixón de propiedade municipal.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Visto o acordo que sigue adoptado por mor de urxencia pola Xunta de Goberno Local o día 18 de decembro de dous mil nove, propoño ao pleno a súa ratificación

- Comprometerse a que en caso de ser necesario o traslado da condución da rede de sumidoiros polo ensanche ou outras necesidades da estrada CP-4703, esta se fará a costa do concello.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.03º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

A piques de rematar o exercicio económico, como se fixo xa nos anos anteriores, compre facer pequenas modificacións do orzamento para axustalo ás necesidades que se foron tendo no ano, minorando créditos nas partidas nas que hai sobrantes para financiar aqueles nos que compre aínda realizar gastos urxentes.

Compre sinalar que os ingresos se foron recibindo con regularidade superando amplamente os previstos no orzamento por mor dunha xestión moi eficaz na captación de recursos e de novas achegas doutras administracións, particularmente da Deputación. E que nos gastos se traballou con eficacia, eficiencia e imaxinación para con escasos recursos facer unha boa labor.

Polo tanto, e visto o informe de Intervención, propoño ao Pleno a adopción do acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente o expediente número 2 de modificación de créditos do orzamento xeral para 2009 do concello da Pobra do Brollón no que se modifican as partidas que a seguir se indican:

Func.	Econ.	Descrición	Actual	Proposta		Definitivo
011	310	Xuros	16.000,00		-800,00	15.200,00
011	913	Amortización préstamos a medio e longo prazo	2.500,00	5.900,00		8.400,00
111	230	Dietas	2.500,00		-500,00	2.000,00
111	260	Outros gastos funcionamento órganos municipais	3.200,00		-800,00	2.400,00
121	120	Retribucións básicas	48.274,66		-690,00	47.584,66
121	121	Retribucións complementarias	67.457,18		-1.490,00	65.967,18
121	131	Laboral eventual	74.408,58		-400,00	74.008,58
121	150	Produtividade	25.000,00		-4.900,00	20.100,00
121	162	Gastos sociais de funcionarios e persoal non laboral	2.000,00	1.315,00		3.315,00
121	203	Aluguer maquinaria, instalacións e útiles	800,00		-300,00	500,00
121	212	Reparación edificios e outras construcións	2.000,00		-2.000,00	0,00
121	213	Reparación maquinaria, instalacións e útiles	2.000,00	125,00		2.125,00
121	214	Reparación material de transporte	2.600,00	1.820,00		4.420,00
121	220	Material de oficina	10.000,00		-5.000,00	5.000,00
121	221	Subministros	30.585,32	5.000,00		35.585,32
121	222	Comunicacións	13.700,00	1.900,00		15.600,00
121	224	Primas de seguros	6.230,00	4.150,00		10.380,00
121	226	Gastos diversos	12.000,00	9.000,00		21.000,00
121	227	Traballos realizados por outras empresas	21.000,00	1.850,00		22.850,00
121	230	Dietas	800,00	100,00		900,00
121	489	Outras transferencias a familias e institucións	0,00	1.000,00		1.000,00
121	628	Obras rurais	37.387,94	2.400,00		39.787,94
121	629	Obras urbanas	0,00	8.000,00		8.000,00
223	131	Laboral eventual	28.264,32	115,00		28.379,32
223	213	Reparación maquinaria, instalacións e útiles	700,00	3.900,00		4.600,00
223	214	Reparación material de transporte	300,00	7.210,00		7.510,00
223	221	Subministros	361,50	2.270,00		2.631,50
223	224	Primas de seguros	0,00	1.860,00		1.860,00
223	623	Inversión nova en maquinaria, instalacións e útiles	0,00	500,00		500,00
313	131	Laboral eventual	3.909,55		-2.154,00	1.755,55
313	226	Gastos diversos	3.040,00	200,00		3.240,00
412	221	Subministros	8.500,00		-5.000,00	3.500,00
412	226	Gastos diversos	3.000,00		-1.600,00	1.400,00
412	622	Inversión nova en edificios e outras construcións	2.668,29	2.250,00		4.918,29
422	213	Reparación maquinaria, instalacións e útiles	2.200,00		-1.000,00	1.200,00

Func.	Econ.	Descrición	Actual	Proposta		Definitivo
422	221	Subministros	4.100,00	1.000,00		5.100,00
422	226	Gastos diversos	1.000,00		-700,00	300,00
422	489	Outras transferencias a familias e institucións	0,00	900,00		900,00
441	213	Reparación maquinaria, instalacións e útiles	25.000,00		-6.000,00	19.000,00
441	221	Subministros	30.000,00	9.600,00		39.600,00
441	227	Traballos realizados por outras empresas	33.151,44		-8.800,00	24.351,44
441	611	Outras inversións de reposición	240.000,00	2.266,64		242.266,64
442	131	Laboral eventual	35.000,00		-2.100,00	32.900,00
442	214	Reparación material de transporte	2.000,00	70,00		2.070,00
442	224	Primas de seguros	2.150,00		-1.200,00	950,00
442	226	Gastos diversos	30.000,00	1.200,00		31.200,00
442	227	Traballos realizados por outras empresas	6.294,59		-6.000,00	294,59
442	230	Dietas	0,00	30,00		30,00
444	213	Reparación de maquinaria, instalacións e útiles	13.000,00		-7.700,00	5.300,00
444	221	Subministros	100.000,00		-1.000,00	99.000,00
444	226	Gastos diversos	3.500,00		-1.500,00	2.000,00
444	227	Traballos realizados por outras empresas	4.490,90	1.000,00		5.490,90
451	131	Laboral eventual	28.365,89		-800,00	27.565,89
451	221	Subministros	8.500,00		-2.800,00	5.700,00
451	226	Gastos diversos	29.728,00	13.100,00		42.828,00
451	227	Traballos realizados por outras empresas	15.046,06		-6.000,00	9.046,06
451	489	Outras transferencias a familias e institucións	25.606,98		-1.300,00	24.306,98
451	601	Outras inversións novas	3.480,00	300,00		3.780,00
452	213	Reparación maquinaria, instalacións e útiles	1.100,00		-800,00	300,00
452	221	Subministros	2.500,00	425,00		2.925,00
452	226	Gastos diversos	5.067,00	3.800,00		8.867,00
452	230	Dietas	0,00	50,00		50,00
452	489	Outras transferencias a familias e institucións	21.350,00	1.300,00		22.650,00
461	131	Laboral eventual	147.290,31		-18.380,83	128.909,48
461	160	Cotas sociais	38.121,35	1.778,00		39.899,35
461	227	Traballos realizados por outras empresas	2.066,64	8.000,00		10.066,64
461	467	A consorcios	5.921,56	450,00		6.371,56
511	221	Subministros	3.422,93	1.100,00		4.522,93
511	226	Gastos diversos	6.000,00		-6.000,00	0,00
511	227	Traballos realizados por outras empresas	9.000,00		-5.500,00	3.500,00
511	601	Outras inversións novas	35.265,70	7.700,00		42.965,70
533	230	Dietas	600,00	110,00		710,00

Func.	Econ.	Descrición	Actual	Proposta	Definitivo
751	467	Transferencias a consorcios	36.041,32	-11.829,81	24.211,51
Total del informe			2.260.473,19	115.044,64	2.260.473,19

2.- Coas anteriores modificacións, o resumo por capítulos do estado de gastos do orzamento xeral de 2009 queda como se indica.

Capítulo		Euros
I	Gastos de persoal	929.249,66
II	Gastos en bens correntes e servizos	598.706,75
III	Gastos financeiros	15.200,00
IV	Transferencias correntes	91.090,21
VI	Inversións reais	761.739,44
VII	Transferencias de capital	5.695,76
VIII	Activos financeiros	600,00
IX	Pasivos financeiros	8.400,00
Total		2.408.681,82

3.- Facelo público por prazo de quince días a efectos de exame e alegacións, considerándoo definitivamente aprobado de non presentarse ningunha.

O portavoz popular di que tendo en conta que o orzamento se aprobou en xullo cando gran parte do gasto xa está executado o feito de que agora faga falta esta modificación confirma o que no seu día dixo de que o orzamento non era o axeitado. Pregunta como están a estas alturas do exercicio os ingresos e os gastos do concello. Pregunta, así mesmo, se se está xa a elaborar o orzamento de 2010.

O concelleiro delegado responde que non ten datos aínda da situación a día de hoxe, pero que é previsible que o exercicio se peche con déficit. Respecto ao orzamento de 2010 di que xa están traballando nel e se presentará ao pleno en xaneiro ou febreiro.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Dáse conta da seguinte proposta da primeira tenente de alcalde ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Elaborado e aprobado inicialmente o proxecto de Plan Xeral de ordenación Municipal, e logo da súa exposición ao público, presentadas as alegacións que a seguir se indican e os informes sectoriais que se sinalan, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aceptar as alegacións que se indican e rexeitar as que se sinalan polo motivo que para cada unha se expresa de acordo co informe do equipo redactor do proxecto.

SOLO URBANO

Alegación	Interesado	Resolución
Nº 1.080	María Paz Casanova Casas	Exclúese o fronte da parcela ao camiño público. Infórmase favorablemente
Nº 1.115	Anabela Alves Valcárcel	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.

Nº 1.116	Vicente Pérez Castro	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.117	Antonio Pérez Díaz	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art. 11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.126	Hortensia López Salgado	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.127	Hortensia López Salgado	Seguindo indicacións do equipo de goberno infórmase favorablemente. Aínda que non se garante a súa viabilidade desde o punto de vista da lexislación urbanística.
Nº 1.128	Hortensia López Salgado	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.146	Manuel González Mondelo	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.147	Manuel González Mondelo	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.148	Manuel González Mondelo	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11,12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.149	Dolores Caneda Pérez	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11, 12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.150	Dolores Caneda Pérez	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.152	Mercedes Goyanes Casanova	A finca a que se refire a non ten relación algunha coa malla urbana, nin reúne os requisitos que establece a LOUPMRG (Art.11-12) para a súa clasificación como solo urbano. Infórmase desfavorablemente.

NÚCLEOS RURAIS

PARROQUIA DE ABRENCE

ABRENCE

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.105	Pilar Macía López e outros	Parcela 165 (Polígono 43) Trátase dunha parcela que non ten relación coa morfoloxía do núcleo, cuxa inclusión non se xustifica polo antedito nin polas expectativas de crecemento do núcleo. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.105	Pilar Macía López e outros	Parcela 49 (polígono 43) Trátase dunha parcela que non ten relación coa estrutura viaria do núcleo. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.105	Pilar Macía López e outros	Parcela 81 (Polígono 39) Trátase dunha parcela que non ten relación coa morfoloxía do núcleo, cuxa inclusión non se xustifica polo antedito nin polas expectativas de crecemento do núcleo. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.133	María del Carmen Rodríguez López	Non existe impedimento legal para ampliar ou reformar a vivenda vinculada a unha explotación agrícola, nin para ampliar o establo, aínda que sexa solo rústico. Doutra banda, non se dan as condicións por número de vivendas (mínimo de 3) para poder delimitar un núcleo rural. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.091	María Digna Vázquez Mondelo	Non se dan as condicións por número de vivendas (mínimo de 3) para poder delimitar un núcleo rural. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.092	Gloria Vázquez Mondelo	Trátase dunha parcela que non ten relación coa morfoloxía do núcleo, cuxa inclusión non se xustifica polo antedito nin polas expectativas de crecemento do núcleo. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.087	Olga Rodríguez Dacal	Inclúese dentro do núcleo a parte da parcela que ten fronte ao vial estruturante, cun fondo de aproximadamente 40 metros, que é o criterio establecido para a delimitación dos núcleos cando as parcelas teñen un fondo excesivo. Debe terse en conta que aínda que fora posible incluír integramente á parcela, non se podería edificar máis que unha vivenda, en caso de que non existira ningunha. Si existise unha, que é o caso, xa non hai posibilidades de edificar máis. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.086	Mercedes Rodríguez Dacal	Infórmase favorablemente incrementándose a delimitación do núcleo ata o SRPI.
Nº 1.085	Olga Rodríguez Dacal	Infórmase favorablemente de forma parcial. Incrementase o fronte da parcela.
Nº 1.106	José Vázquez Macía e outros	Non se dan os requisitos que establece o Art.13 da Lei 9/2002 para a súa clasificación como solo de núcleo rural. Infórmase desfavorablemente. Comprobada a situación real da vivenda, corríxese na cartografía
Nº 1.109	Gloria Vázquez Mondelo	Infórmase favorablemente incrementándose a delimitación do núcleo ata o SRPI.
Nº 1.064	Consuelo Dacal Macía	Infórmase favorablemente incrementándose a delimitación do núcleo ata o SRPI.

NÚCLEO DA FRIEIRA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.111	Antonio Fernández Losada	Supera a distancia máxima admisible (Art.13 da Lei 9/2002) respecto do núcleo tradicional. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.102	Ángel Varela López	Con independencia do contido da alegación, modifícase a delimitación do núcleo, xa que ao tratarse dunha estrada comarcal, non pode haber área de expansión dos núcleos con acceso dende a estrada, razón pola que se reduce a expansión prevista inicialmente. En canto a alegación, Infórmase favorablemente, de xeito parcial, incluíndo na área de expansión hasta un fondo de 40 m., criterio utilizado en situacións semellantes.
Nº 1.060	Nuria Varela Sanmartín	Non se dan os requisitos que establece o Art.13 da Lei 9/2002 para a súa clasificación como solo de núcleo rural /non son tres vivendas tradicionais) Infórmase desfavorablemente.

PARROQUIA DE CANEDO

ALDEA DE ARRIBA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.145	Eugenio E. Juiz Varela	As parcelas as que se refire a non teñen relación coa morfoloxía do núcleo. Infórmase desfavorablemente.

PARROQUIA DE CASTROSANTE

CASTROSANTE

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.135	Pablo Fernández Fernández	Corríxese a ubicación do campo da festa. E inclúese a parcela indicada na área de expansión. Favorable.
Nº 1.136	María Luísa González Maceda	Infórmase desfavorablemente por superar os 200 metros de distancia respecto do núcleo tradicional (Art. 13 da Lei 9/2002).
Nº 1.137	María Luísa González Maceda	Algunhas das parcelas non teñen acceso desde vial público e son alleas a estrutura morfolóxica do núcleo. Por outra parte non se xustifica máis área de expansión en relación coa demografía do núcleo. Infórmase desfavorablemente.

PARROQUIA DE CEREIXA

CEREIXA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.140	Manuel Casanova López	Inclúese no núcleo tradicional por estar a menos de 50 m. da última vivenda. Infórmase favorablemente

PARROQUIA DE EIXÓN

A VILA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.076	Victorino Quevedo Rodríguez	Infórmase favorablemente por estar dentro das condicións que establece o Art.13 da Lei 9/2002.
Nº 1.077	Manuel Iglesias Rodríguez	Infórmase favorablemente por estar dentro das condicións que establece o Art.13 da Lei 9/2002.

PARROQUIA DA FERREIRÚA

MARCÓN

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.121	Celsa González Parada	Infórmase favorablemente ata un fondo de 40 m. Criterio xeral seguido en situacións semellantes

VALDOLIDE

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.144	María Carmen Vázquez Vázquez	Excede a distancia de 200 m. Infórmase desfavorablemente.

PARROQUIA DE FORNELAS

LUGAR DE ABAIXO

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.010	José Maceda López	Infórmase favorablemente por estar dentro das condicións que establece o Art.13 da Lei 9/2002.

PARROQUIA DE PACIOS DE VEIGA

PACIOS DE VEIGA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.138	Mª. José López Morgade	A parcela é allea a estrutura morfolóxica do núcleo. Infórmase desfavorablemente.
Nº 1.139	Mª. José López Morgade	Infórmase desfavorablemente por incumprir a distancia de 200 m. do núcleo tradicional (Art. 13 da Lei 9/2002)

PARROQUIA DA POBRA DO BROLLÓN

O BROLLÓN-ARRIBA

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.097	Luís Celestino Somoza Pérez	Parcela 752.- Polígono 67: Infórmase favorablemente a inclusión da parcela.
Nº 1.097	Luís Celestino Somoza Pérez	Parcela 1.- Polígono 109: Mantense a superficie delimitada na parcela e pasa a ser núcleo rural tradicional. Parcialmente favorable.
Nº 1.117	Antonio Pérez Díaz	Parcela 88.- Polígono 31: Infórmase favorablemente por estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002.
Nº 1.117	Antonio Pérez Díaz	Parcela 2.- Polígono 31: Infórmase favorablemente por estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002.
Nº 1.117	Antonio Pérez Díaz	Parcela 758.- Polígono 32: Infórmase desfavorablemente, non existen argumentos para a súa clasificación como solo urbano. Ao marxe da alegación, o solo clasificado coo urbanizable desclasifícase como tal, volvendo a súa condición de solo rústico de protección agropecuaria.
Nº 1.125	Carmen Quiroga Quiroga	Infórmase favorablemente por estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002. Cun fondo de 40 m.

SANTO ADRIÁN

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.098	Vicente Pérez Castro	<i>Parcela 525.- Polígono 67: Infórmase favorablemente por estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002.</i>
Nº 1.098	Vicente Pérez Castro	<i>Parcela 528.- Polígono 67: Infórmase desfavorablemente por non estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002, xa que se encontra a mais de 200m. do núcleo rural tradicional.</i>
Nº 1.112	Juan González Casanova	<i>Infórmase favorablemente por estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002.</i>
Nº 1.113	Ana María Vide Chaos	<i>Infórmase desfavorablemente por non estar dentro dos parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002, xa que se encontra a mais de 200m. do núcleo rural tradicional.</i>

PARROQUIA DE SAA

COVADELAS

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.100	Jorge Núñez Pérez	<i>No núcleo de Covadelas faise unha corrección, xa que na cartografía figuraba un camiño que non existe. En canto a alegación, faise a consideración de que un núcleo que ten a maior parte das vivendas abandonadas non se xustifica unha delimitación ampla, debendo ser restritivo, entre outras razóns porque tamén hai que xustificar a consolidación do 50%. Infórmase desfavorablemente.</i>

LOURENTE

<i>Alegación</i>	<i>Interesado</i>	<i>Resolución</i>
Nº 1.107	Ovidio Rodríguez Maceda	<i>Infórmase favorablemente a inclusión da parcela ata un fondo de 40 m., por ser o criterio xeral seguido cando se trata de parcelas de moito fondo. Ademais agótanse os 50 m. desde a última vivenda tradicional para á clasificación de solo de núcleo rural tradicional Cúmprense os requisitos que establece o Art. 13 da Lei 9/2002.</i>

OUTRAS

Nº 1.134	Pablo Fernández Fernández en representación do PSOE, concelleiro
<i>1.- Non existe regulación autonómica respecto diste tipo de instalacións, existindo unha gran presión por parte das empresas instaladoras no sur da provincia de Lugo, a pesares desta circunstancia non se acordou ningunha regulación, si ben parece que a administración autonómica está en elo, en todo caso a regulación autonómica cando se aprobe, será a que estableza a compatibilidade ou incompatibilidade coas distintas clases de solo rústico.</i>	
<i>O Plan Xeral non é a figura axeitada que permita establecer ningunha normativa ao respecto, xa que en última instancia calquera instalación diste tipo será obxecto de autorización autonómica.</i>	
<i>2.- A clasificación de solo urbano é posible cando se cumpren os requisitos que establecen os Art. 11-12 da Lei 9/2002, recolléndose de forma folgada os terreos que cumpren esas condicións, incluso por exceso.</i>	
<i>3.- A clasificación de solo urbanizable de uso residencial desaparece, xa que non é posible xustificala en función da evolución demográfica do municipio. Esta xustificación é ineludible.</i>	

4.- Núcleo de Estación. Pódese facer extensiva a este apartado a resposta do apartado 2 do presente informe.	
5.- As delimitacións dos núcleos son o resultado do informe vinculante da Dirección Xeral de Urbanismo, dos criterios da comisión e das alegacións presentadas no seu momento. Tendo en conta outros factores como a morfoloxía do núcleo, as previsións demográficas, etc.	
6.- Non cumpre os parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002, xa que son dúas vivendas e ademais encóntrase afectado pola estrada N-120.	
7.- Non cumpre os parámetros que establece o Art. 13 da Lei 9/2002, xa que é unha vivenda e uns edificios agropecuarios.	
8.- En Parada de Montes non ten sentido delimitar área de expansión, xa que se trata dun núcleo de gran interese etnográfico, cun parque de vivendas (probablemente máis de 30) abandonadas, e susceptibles de ser rehabilitadas.	
9.- Respecto a posibilidade de instalación dalgunha actividade industrial, o Concello está tramitando un Convenio coa Sociedade Urbanística Provincial para xestionar un sector de solo urbanizable delimitado con ordenación.	
Nº 1.153	D. Juan Carlos Rodríguez Álvarez en representación de CUARCITAS A VENEIRA, S.L.
A existencia dunha canteira dentro dun ámbito de solo rústico de protección de espazos naturais plantea unha situación de incompatibilidade, non sendo inicialmente un uso compatible (Art.40 da Lei 9/2002). O Plan Xeral non pode alterar a relación de usos permitidos, prohibidos e autorizables do referido artigo.	
En todo caso a licenza de actividade para unha explotación destas características debe ser obxecto de tramitación autonómica, estando implicadas a lo menos as consellerías de Cultura, Industria e Medio Ambiente.	
Nº 1.353	INFORME SUBDIRECCIÓN XERAL DE ESTRADAS DA XUNTA DE GALICIA
Fanse as correccións indicadas no referido informe	
Nº 1.057	INFORME DE ADIF
Recóllese no documento do Plan a normativa de aplicación en relación coas liñas férreas e estacións de ferrocarril	
Nº 1.178	DE UNIÓN FENOSA
Infórmanse favorablemente as alegacións de UNIÓN FENOSA no que atinxe a potencia dos centros de transformación, que poderán sobrepasar a potencia de 400 kVA, e o mesmo ocorre co soterramento das liñas, que poderán ser aéreas, considerando unicamente que os tendidos aéreos son incompatibles nos núcleos incluídos no catálogo de bens protexidos (Parada de Montes, Río de Bois,...), nos que os valores a protexer veríanse afectados negativamente por as liñas eléctricas.	
Nº 1.179	INFORME MINISTERIO DE FOMENTO.- DEMARCACIÓN DE CARRETERAS
Trátase dun informe vinculante ao que ten que adaptarse o Plan. En consecuencia recóllense as indicacións en relación coa aplicación da Lei 25/1988 (Art. 25) e o Real Decreto 1.812/1994 (Art. 84 e 86)	

2.- Incorporadas as alegacións aceptadas, proceder á aprobación provisional do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello da Pobra do Brollón.

3.- Remitir o proxecto e o expediente ao órgano competente da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva.

A primeira tenente de alcalde fai unha exposición detallada dos trámites realizados e das mello-
ras que se intentaron facer do plan, limitados polo que establece a lexislación vixente. Así indica que se

eliminaron na Pobra as dúas áreas urbanizables, de imposible execución no noso concello, e se intentou adecuar as áreas de expansión dentro do límite legal, para favorecer a edificación nos núcleos, especialmente nos xa dotados de servizos.

O portavoz popular di que o actual grupo de goberno cambiou a filosofía de elaboración do plan, xa que cando eles gobernaban contaron co consenso dos tres grupos, e agora non se contou cos representantes populares, xa que só se lles convocou para ve-lo plan xa elaborado un día. Agradece ao redactor do proxecto que o teña presentado pero indica que se levan máis de dous anos e medio só para analizar as alegacións, e que iso puido facerse antes. Sinala que o equipo redactor di que o parque industrial se tramita en paralelo, e que neste tempo puido incorporarse. Remata dicindo que se debeu presentar á súa aprobación hai ano e medio.

A tenente de alcalde responde que se seguiu a mesma filosofía do goberno anterior tentando favorecer a construción, os equipamentos e a implantación industrial. Que a demora foi debida a sucesivas reunións coa Dirección Xeral de Urbanismo a fin de mellorar o proxecto, e estas reunións levan tempo e logo hai que facelas adaptacións.

O portavoz popular di que mesmo hai unha alegación que di que se informa favorablemente por indicación do grupo de goberno. Di que en todo caso o grupo de goberno non contou con eles e que non é o mesmo que o plan se aprobe por maioría absoluta que por unanimidade, e pregunta ao secretario que informe sobre este extremo.

O secretario di que dende o punto de vista político pode ser distinto, pero dende o legal e indiferente se se acada a maioría necesaria.

O alcalde di que o plan é continuidade do que tiña elaborado o anterior goberno. Di que é certo que se demorou, pero que negociar coas administracións non é doado, e tomar algunhas decisións tamén leva tempo. Se tentou que o plan fora máis ambicioso, aínda que os logros non poden ser espectaculares, xa que depende da aprobación definitiva de urbanismo. Para o desenvolvemento da Pobra é imprescindible contar co plan o dispor de solo industrial. Que o plan non lles gusta pero optaron por continuar con el no canto de rexeitalo e empezar de cero por responsabilidade política. Remata dicindo sobre a insinuación do grupo popular sobre “indicacións do grupo de goberno” que dita anotación xa estaba cando eles acadaron o goberno e se refire polo tanto ao goberno anterior.

O portavoz popular di respecto aos retrasos nas reunións con urbanismo que ata marzo era responsabilidade do bipartito. Que eles coñecían o plan que estaba anteriormente pero non as modificacións que se fixeron. E que por certo aquel plan foi elaborado co consenso dos tres grupos.

O alcalde di que xa sabían que se ía a aproba-lo plan e polo tanto puideron vir a velo en calquera momento e propor melloras, cousa que non fixeron. Engade que non ve claro que houbera consenso dos tres grupos cando o portavoz socialista presentou unha alegación global no nome do seu grupo.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- SUBVENCIÓNS CULTURAIS E DEPORTIVAS.

Dáse conta da seguinte proposta do concelleiro delegado de Cultura ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Analizadas as solicitudes presentadas e a documentación que xuntan, e vistos os programas de actividades ou as necesidades de funcionamento de cada asociación, así como o seu ámbito e o número de persoas participantes, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Conceder as seguintes subvencións a asociacións culturais para organización de actividades:

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación Veciños de Salcedo</i>	<i>Organización do Entroido, outono de teatro e Malla</i>	<i>900,00€</i>

<i>Asociación Cultural o Acivo da Estación</i>	<i>Excursión e taller de memoria</i>	<i>135,00€</i>
<i>Asociación de veciños Santa María da Cabeza da Estación</i>	<i>Excursión cultural</i>	<i>100,00€</i>
<i>Asociación de mulleres rurais</i>	<i>Diversas actividades</i>	<i>400,00€</i>
<i>Asociación de veciños “A Pincheira” de Ferreiros</i>	<i>Excursión e Taller</i>	<i>135,00€</i>
<i>O Piñeiro de Castroncelos</i>	<i>Diversas actividades</i>	<i>100,00€</i>

2.- Conceder as seguintes subvencións a asociacións deportivas para o seu funcionamento:

<i>Entidade</i>	<i>Importe</i>
<i>Club Deportivo Brollón</i>	<i>10.000,00€</i>

3.- Conceder as seguintes subvencións a asociacións deportivas para organización de actividades:

<i>Entidade</i>	<i>Actividade</i>	<i>Importe</i>
<i>Asociación de veciños da Ferreirúa</i>	<i>Carreira e maratón</i>	<i>1.750,00€</i>
<i>Club Guímaro Motor</i>	<i>Actividades deportivas</i>	<i>1.220,00€</i>

O concelleiro delegado fai unha exposición na que indica que se fai unha distribución dos poucos fondos dispoñibles de acordo coas solicitudes presentadas e a importancia das actividades que se organizan e a súa contribución á dinamización do concello.

O portavoz popular di que apoian a proposta aínda que sinala a diferenza entre a cantidade destinada para deportes e cultura. Engade que non lle chegou o aviso a tódalas asociacións.

Sometida a votación a proposta é aprobada coa abstención da concelleira Páez Ferreiros do grupo popular e os nove votos a favor dos demais concelleiros do grupo popular, do socialista e do nacionalista.

1.06º.- ORDENANZAS FISCAIS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Polo pleno do concello en sesión celebrada o día vinte e dous de outubro se acordou a modificación da ordenanza fiscal número 2 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

No prazo establecido ao efecto se presentou unha alegación asinada por D. José Antonio Somoza Pérez en representación da Asociación de Propietarios de Vehículos Clásicos CACHON.

En efecto, debemos ter en conta a existencia de vehículos de coleccionista. Pero temos que evitar que a través de iso se bonifiquen vehículos que se usan habitualmente polos seus propietarios co único motivo de ser vellos. Por iso compre garantir que o titular destes vehículos dispoña doutro para o seu uso habitual, ou, en caso contrario, non se beneficie de bonificación polo vehículo que use habitualmente.

Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aceptar parcialmente a alegación presentada por D. José Antonio Somoza Pérez e en consecuencia o parágrafo segundo do artigo 1º da ordenanza fiscal número 2 reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica queda redactado como sigue:

Os vehículos históricos, ou aqueles que teñan unha antigüidade mínima de vinte e cinco anos contados dende a data da súa fabricación, terán unha bonificación do 100% na cota deste Imposto. Se non se coñecese dita data, tomarase como tal a da súa primeira matriculación ou no seu defecto aquela no que o correspondente tipo ou variante deixou de fabricarse. Para ter dereito a esta bonificación será condición indispensable que o vehículo estea recoñecido como histórico ou pertenza, pola súa antigüidade a unha asociación de vehículos antigos legalmente constituída. Para poder acollerse a esta bonificación

será necesario que o titular teña como mínimo outro vehículo ao seu nome matriculado no concello de antigüidade inferior a vinte e cinco anos. Noutro caso, a un dos vehículos do titular non se lle aplicará a bonificación.

2.- A disposición transitoria de dita ordenanza queda redactada como sigue:

Durante o primeiro trimestre de 2010 o concello comunicará aos titulares dos vehículos que ata esta data gozaban de bonificación os cambios na ordenanza para que xustifiquen as circunstancias que lle permitan acollerse, no seu caso, á bonificación.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.07.- APROBACIÓN DE CONVENIOS.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Os medios cos que conta o concello para atender as infraestruturas rurais son escasos. Para paliar esta situación a Deputación de Lugo ven de conceder ao concello unha achega. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre a Deputación de Lugo e o concello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

Primeira...-Obxecto do convenio

E obxecto do presente convenio executar unha serie de obras de mellora nas infraestruturas rurais do Concello de Pobra de Brollón, como son o camiño da Fabarela as devesas a Castrosante, camiño de Canedo, camiño en Lamaigreja, camiño en Eixón, barandilla camiño igrexa en Veiga, acondicionamento do local social de Oútara e outras obras menores no ámbito rural.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade total de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €).

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2009.

b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto.

Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto.

Terceira.-Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

A. O concello da Pobra do Brollón comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta do concello da Pobra do Brollón.

O concello da Pobra do Brollón deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

B. A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de VINTE MIL EUROS (20.000,00 €).

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Patrocinio

O concello da Pobra do Brollón deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións, en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio.

Sexta.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, o concello da Pobra do Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2009.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo concello da Pobra do Brollón da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación dos resultados obtidos

- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:

1. Declaración do custo total da actividade subvencionada.
2. Relación clasificada de gastos da actividade subvencionada, polo importe da subvención concedida, con identificación do acredor e do documento, o seu importe e a data de emisión.
3. Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, incorporadas na relación á que fai referencia o parágrafo anterior. Os documentos acreditativos dos gastos que se acompañen poderán ser orixinais e poderán ser devoltos ao concello da Pobra do Brollón, beneficiario da subvención, se así o solicita, unha vez estampilladas polo órgano xestor.
4. No caso de que os documentos acreditativos dos gastos presentados sexan fotocopias compulsadas, deberán presentar unha certificación do Secretario do concello da Pobra do Brollón na que se faga constar que os devanditos gastos foron realizados con cargo ao presente convenio de colaboración.

Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

Declaración responsable de estar ao corrente das súas obrigas tributarias ou fronte á seguridade social, Axencia Estatal da Administración Tributaria, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social.

Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancada, da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención. O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo concello da Pobra do Brollón. Non se procederá ao seu abono no caso de que o concello da Pobra do Brollón sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2009, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2009.

Oitava.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarías das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de marzo de 2010. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

+ Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Para favorecer a infraestrutura turística do noso concello, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- Aproba-lo convenio a asinar entre a Deputación de Lugo e o concello de acordo coas cláusulas que figuran a seguir.

2.- Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo, e expresamente para a sinatura do convenio.

Primeira.- Obxecto do convenio.

E obxecto do presente convenio o fomento das actividades de mellora e creación de servizos e infraestruturas relacionados con esta actividade turística para a posta en funcionamento do centro de BTT's.

Segunda.- Orzamento de execución da actuación subvencionada, e gastos subvencionables.

O orzamento total de execución da actuación ascende á cantidade total de vinte seis mil catrocentos oito euros con sesenta e tres céntimos (26.408,63€).

Considéranse gastos subvencionables os gastos que de maneira indubitada respondan á natureza da subvención e que cumpran os seguintes requisitos.

a) Que se deriven das actividades realizadas dentro da anualidade 2009.

b) Que se acrediten mediante a expedición de facturas e/ou xustificantes de gasto. Para os efectos do disposto no artigo 31.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, considerarase gasto realizado o que se acredite coa presentación das facturas e /ou xustificantes de gasto.

Terceira.- Achegas e compromisos das partes

Para a consecución do obxecto do presente convenio, as partes subscribintes conveñen no seguinte réxime de achegas e compromisos.

O Concello de Pobra de Brollón comprométese á realización da actuación subvencionada e ao pagamento de cantos gastos, dereitos, canons, taxas, impostos, compensacións e indemnizacións aos que dera

lugar o cumprimento das actividades a desenvolver en virtude do presente convenio, así como a obtención de todos os permisos, licenzas e seguros precisos para a súa execución serán por conta do concello.

O concello deberá atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e respecto da Seguridade Social. A devandita circunstancia deberá acreditarse á firma do convenio e ao efectuarse os pagos e, en xeral, ao longo de toda a vixencia do mesmo ata a súa total liquidación e extinción.

A Excm. Deputación Provincial de Lugo comprométese a:

Subvencionar a actividade cunha cantidade de vinte seis mil catrocentos oito euros con sesenta e tres céntimos (26.408,63€)

Cuarta.- O control económico, supervisión, seguimento e inspección da actividade subvencionada será realizado de acordo co disposto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento e na Ordenanza xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES e nas bases do orzamento xeral para o ano 2009.

Quinta.- Patrocinio

O Concello de Pobra de Brollón deberá facer constar expresamente que a actividade realizada foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo en todas aquelas actuacións, en calquera tipo de soporte, que se deriven da execución do presente convenio.

Sexta.- Xustificación e aboamento das subvencións

Unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento, o Concello de Pobra de Brollón deberá xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

As xustificacións das subvencións realizarase de acordo co disposto no art. 30 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (Título I, Capítulo IV), no Real decreto 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o seu regulamento (Título II, Capítulo II, art. 69 e s.s.), na Ordenanza Xeral de subvencións da Excm. Deputación Provincial e do INLUDES (arts. 19 e s.s.), e na Base 24 das do orzamento xeral para o ano 2009.

A xustificación da subvención realizarase mediante a presentación polo Concello de Pobra de Brollón da seguinte documentación xustificativa:

- Memoria da actividade xustificativa do cumprimento das condicións impostas no convenio, con indicación dos resultados obtidos.
- Memoria económica xustificativa do custo da actividade subvencionada, que conterá:

1 .Certificación expedida polo Interventor ou Secretario do concello do custo total da actividade subvencionada soportado polo concello, acompañada dunha relación clasificada dos gastos realizados ata, como mínimo, o importe da subvención concedida con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión, e dunha declaración do representante do concello que manifieste que os gastos relacionados nesta relación clasificada se corresponden aos gastos que soportou a entidade, os cales foron directamente relacionados coa actividade subvencionada e indispensables para a adecuada preparación e/ou a súa execución.

2. Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade subvencionada.

3. Declaración responsable na que se faga constar que a actividade, acción ou comportamento obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión e os compromisos adquiridos no presente convenio.

4. Declaración responsable do representante do concello de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias ou contra a Seguridade Social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

5. Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención. O abono da subvención, unha vez aprobada a conta xustificativa da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada pola Concello de Pobra de Brollón. Non se procederá ao seu abono no caso de que o concello sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Sétima.- Vixencia do Convenio.

O presente convenio terá vixencia dende o día seguinte a súa formalización ata o 31 de decembro de 2009, con efectos económicos dende o 1 de xaneiro de 2009.

Oitava.- Prazos de xustificación.

Unha vez finalizada a acción ou comportamento e no prazo de dous meses as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da acción ou comportamento subvencionado e en todo caso, como máximo antes de 1 de marzo de 2010. O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a axuda outorgada e posibilitará a reasignación dos créditos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.08º.- MOCIÓN DOS GRUPOS NACIONALISTA E SOCIALISTA SOBRE O PLAN LAXA.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos socialista e nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Os grupos nacionalista e socialista do Concello da Pobra do Brollón presentan, para a súa aprobación polo pleno a seguinte moción na que manifestan:

Fai a penas un ano tres empresas do sector da lousa pecharon quedando 250 traballadores sen emprego da Comarca de Lemos, dos que 15 son do Concello da Pobra do Brollón.

Temos que dicir que a Consellaría de Traballo e Benestar á vista dos antecedentes ocorridos neste sector, creou un Plan especial denominado "Plan Laxa", a través do que se contrataron a traballadores destas empresas nos concellos de Monforte de Lemos, Quiroga o Barco de Valedoras e a Pobra do Brollón entre outros.

Nestes momentos os traballadores contratados a través deste programa están a piques de rematar os contratos a través deste Plan, con data 31 de decembro e estando as súas empresas en liquidación nun concurso de acredores, polo que estes traballadores están á espera do cobro das súas liquidacións e de ser posible á reactivación do sector.

A través deste programa a Consellaría de Traballo e Benestar está realizando un grande labor social moi importante nestas comarcas incentivando a contratación destes traballadores, xa que neste período de crise que estamos a vivir acentuase moito máis a situación de desemprego.

Consonte co anterior, propoñemos que se adopte o acordo seguinte:

- Instar á Xunta de Galicia a través da Consellaría de Traballo e Benestar para que aprobe un novo Plan Laxa ou Programas de Cooperación e manteña a axuda aos concellos das comarcas afectadas pola crise do sector da lousa, co fin de que se poida volver a contratar o mesmo número de traballadores adscritos ao Plan Laxa.

O portavoz popular di que esta non é unha solución definitiva pero que están de acordo con que se logre a continuidade no traballo deses traballadores. Considera que o ideal sería que a moción fose conxunta dos tres grupos.

Tanto o alcalde como a portavoz socialista manifestan que é unha moción dos dous grupos á que o grupo popular pode sumarse cos seus votos.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.09º.- MOCIÓN DOS GRUPOS NACIONALISTA E SOCIALISTA SOBRE A PRAGA DOS CARBALLOS.

Dáse conta da seguinte proposta dos grupos socialista e nacionalista ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

Os grupos nacionalista e socialista do concello da Pobra do Brollón presentan, para a súa aprobación polo pleno a seguinte moción na que manifestan:

- A importancia das frondosas autóctonas no sector forestal, afectando de xeito considerable tamén nos eidos económico e social da cidadanía do medio rural.
- Os beneficios que as masas de frondosas autóctonas teñen para o noso patrimonio natural e o medio ambiente.
- A necesidade de conservar e ampliar as masas existentes na actualidade.
- A fonda preocupación pola praga que está a afectar os carballos nos últimos 15 anos, *África quercetorum*, e que supón unha mingua considerable nas masas de frondosas afectadas no territorio galego.
- O interese común do desenvolvemento sustentable no control e loita contra a pulguiña do carballo, co fin de restablecer os límites de poboación nos que os insectos deixen de constituír unha praga.
- A inquietude polas fumigacións con produtos químicos, que se levaron a cabo nos anos anteriores, co fin de controla-la praga, e a preocupación polo escaso resultado que están a ter na erradicación da praga, que segue a estenderse polos montes galegos.

Consonte co anterior, propoñemos que de adopte o acordo seguinte:

1.- Dirixirse á Consellaría de Medio Rural da Xunta de Galicia solicitando:

- *Que se faga unha revisión da presenza da praga da pulguiña do carballo no territorio galego, elaborando, de ser o caso, unha nova orde de declaración da praga na que se inclúan tódolos concellos afectados.*
- *Que a Consellería do Medio Rural continúe a face-los traballos de prevención e loita contra a praga.*
- *Que estes traballos se enmarquen dentro do control integrado de pragas, utilizando métodos de loita biolóxica, evitando os tratamentos químicos e, en todo caso, descartando o uso de sustancias que foran excluídas do Anexo I da Directiva europea 91/414/CEE sobre sustancias activas de produtos fitosanitarios.*
- *Que a Consellería e os centros de investigación vinculados e/ou colaboradores coa mesma, realicen estudos de campo nas zonas afectadas, de cara á aplicación de métodos sustentables reais e eficaces no tempo.*
- *Que se actualice periodicamente a información acerca das enfermidades e pragas forestais e se divulgue de xeito accesible para a cidadanía. Tal e como se está a facer no eido agrícola, mediante boletíns de avisos e información, e outros medios que resulten axeitados.*

2.- Comprometerse, no nome do concello, a:

- *A colaborar en manter actualizada a información sobre a presenza e afectación da praga.*
- *A facilita-la aplicación das accións de control necesarias nas masas forestais afectadas, segundo os medios de que dispoña cada entidade asinante.*
- *A manter informada de xeito efectivo á veciñanza sobre a praga e os tratamentos que se efectúen, así como os lugares e datas nos que terán lugar.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.1º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos dictados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
22/10/2009	<i>Autorización uso baixo casa cultura Asociación Mulleres Rurais</i>
26/10/2009	<i>Lista provisional admitidos e excluídos traballador/a Social</i>
27/10/2009	<i>Concesión dietas desprazamento Pilar Piñeiro oposición auxiliar administrativo</i>
27/10/2009	<i>Gratificación Natalia Taboada Touzón servizos prestados mes outubro</i>
04/11/2009	<i>Adquisición finca Couso</i>
06/11/2009	<i>Nomeamento auxiliares administrativos persoal laboral fixo- media xornada</i>
19/11/2009	<i>Concesión uso local baixo casa cultura Asociación Mulleres Rurais</i>
24/11/2009	<i>Autorización baixo casa cultura ANPA para charla</i>
30/11/2009	<i>Aprobación lista definitiva Traballador/a Social</i>
01/12/2009	<i>Nomeamento Alberto Fraga como secretario en funcións para ausencias Secretario Titular</i>
19/12/2009	<i>Concesión gratificación María José López por substitución secretario titular</i>
19/12/2009	<i>Concesión gratificación Alberto Fraga por substitución secretario titular</i>
22/12/2009	<i>Adxudicación Opaga Obra “Mellora e infraestruturas rurais”</i>

2.2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-35/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

No contencioso administrativo relativo á contratación de persoal para a recollida de lixo, presentouse algunha alegación en contra da sentenza?

+ O alcalde responde:

Si, presentouse o correspondente recurso.

- O portavoz popular pregunta:

Utilizáronse os servizos xurídicos da Deputación?

+ O alcalde, responde:

Consultóuselles, pero dado que había pouco tempo declinaron e tivemos que presentalo co mesmo avogado.

* P-36/09

- Pregunta oral que formula a concelleira Páez Figueiras do grupo popular:

Que entidade solicitou a achega para o maratón da Ferreirúa?

+ O concelleiro delegado responde:

A asociación de veciños da Ferreirúa que é quen a organiza.

- A concelleira Páez Figueiras di que teñen outra achega da Deputación e pregunta se non hai incompatibilidade na concorrencia de ambas.

Que entidade solicitou a achega para o maratón da Ferreirúa?

+ O alcalde responde:

Son subvencións de distinta natureza.

De orde do alcalde o secretario aclara que non hai incompatibilidade entre as dúas achegas salvo que estea expresamente prohibido nas bases de algunha de elas ou se supere o 100% do gasto total.

* P-37/09

- Pregunta oral que formula a concelleira López González do grupo popular:

A depuradora de Piño está sen funcionar e a auga vai á estrada co perigo que representa sobre todo cando xea. Por qué non funciona?

+ O alcalde responde:

A obra foi feita en dúas fases, unha co plan PEIM e a outra con melloras do PlanE. Está sen entregar a instalación eléctrica para o que estamos pendentes da empresa subministradora. No que respecta á estrada, hai que pasar aviso á Deputación para que a limpen.

- A concelleira López González di:

É un tema importante polo perigo de accidentes que hai na estrada onde xa se houbo un.

+ O alcalde responde:

Efectivamente, esa estrada ten varios tramos que se inundan e son perigosos, e a Deputación debe arranxalos.

* P-38/09

- Pregunta oral que formula o portavoz do grupo popular:

Chegaron os recibos dos servizos de auga e lixo no que figura 2º período, pero sen indica-lo ano. A que corresponde?

+ O alcalde responde:

Foi un erro na confección dos recibos por parte da Deputación. Corresponden ao segundo semestre de 2009.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e duas horas e dez minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e praxe do Alcalde na Pobra do Brollón a once de xaneiro de dous mil dez.

v. e pr.

O Alcalde,